Table 3-3 includes different legislations adopted at a European level which had an effect on repair or repairability. Not all of them had necessarily a positive effect. For instance, Extended Producer Responsibility (EPR) has been addressed as an obstacle to reuse.

> EPR could pose a barrier that hinders repairs due to several reasons. It is legally complecated to repair products as when a product ends up in waste containers, it belongs to the EPR system. The EPR system can also pose a barrier in promotion of product ecodesign since the incentives in EPR schemes are currently more for recycling than repair (Dalhammar et al., 2020, p.20).

Additionally, once in the waste stream EEE is often treated with little care, which in turn makes it difficult to repair -even when the damages are merely aesthetical- given the difficulty to restore to the original appearance (Cole et al., 2018). Legal guarantees do not ensure increased repair either, since consumers may feel entitled to new products when a breakdown occurs under legal guarantee. For instance,.65% of consumers choose replacement over repair when under legal guarantee (European Commission, 2023a, p.14), so additional measures must be taken to ensure that repair is prioritized as opposed to replacement with a new product when under legal guarantee.

The product specific regulations under the Ecodesign Directive (2019/125/EC) adopted some specific measures regarding repair and repairability. These included availability of spare parts and information, and design for ease of disassembly. So far, these requirements have only

covered a limited number of product categories (electronic display, servers and data storage devices, vacuum cleaners, washing machines and washer-dryers, dishwashers, refrigerators, refrigerators with a sales function and welding equipment). These rules will in turn play a crucial role in the current Directive, as the R2R will apply only to those products for which ecodesign requirements exist or will exist -in this regard it is important to bear in mind the Ecodesign for Sustainable Products regulation (2024/1789) will continue upon the preceden created by the Ecodesign Directive..

Besides the European Directives, different Member States have adopted different policy measures that have affected repair in some degree. This divergence in National Laws and the supposed effects on the Internal Market has been used as justification for the "full harmonization" character of the Directive on common rules promoting the repair of goods . This means that Member States will not be able to maintain nor introduce provisions different to those included in the Directive itself (European Commission, 2023b).

Table 3-4. Policy measures adopted by Member States concerning repair and repairability

Measure	Countries	Details
Vat reductions	Belgium, Netherlands, Sweden, Finland and Austria	These countries apply a lower VAT tax rate to certain repair activities, mostly minor repair services like shoes, textiles and bicycles.
Tax deductions	Sweden (2017 household equipment, 2007 IT services) and Austria (only some regions)	In Sweden 50% of labour cost of repair done to household appliances at home can be deducted. In the Austrian case 50% of the cost of the repair up to 100€ will be reimbursed by some regional administrations
Legal guarantees	Finland, Netherlands and Norway	Both Finland and the Netherlands have a legal guarantee period for the expected lifespan of objects. The expected lifespan is determined by a specific Board. Norway has a legal guarantee of 5 years for those products expected to last more than 2 years (mobile phones fall into this category)
Planned obsolescence	France (since 2014)	France amended their consumer code and criminal code as to penalize planned obsolescence, like the deliberate shortening of lifespan through a defect or the impossibility to repair.
Spare parts	France (since 2014)	France amended their consumer code to include the obligation of the seller to announce the period spare parts will be available (if that information has been disclosed by the manufacturer). The producers will be obliged to provide the spare parts for the stated period.
Repairability index	France	Since 2021 France established a repairability index for 5 product categories (smartphones, laptops, televisions, washing machines and lawnmowers) this index is to be calculated by the manufacturer according to a rule and included in the labels of the product

Source: own elaboration from CHAFEA (2015), Dalhammar et al. (2020), Maitre-Ekern & Dalhammar (2016), Piringer & Schanda (2020), Wrbka & Dimatteo (2019), Right to Repair Europe (2021)

The measures adopted by different nations can be seen on table 3-4. These include measures concerning tax reforms, additional legal guarantees and the French regulatory

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

approach. Tax reductions and deductions include VAT reductions, labour tax deductions and even reimbursement of the cost of the repair. VAT reductions so far have been focused on minor repair sectors, like shoes, textiles or bicycles. Tax deductions applied in Sweden cover 50% of the labour cost of repairs of household equipment and IT services. So far, the effects of these measures have been underwhelming. Dalhammar et al. (2020) interviewed repairers in the sectors affected by the tax reductions and deductions, and only 9 out of the 22 interviewed noticed an increase in sales -yet the companies could not be sure if the increase was the result of the tax reform- whilst 5 out the 22 stated that they already had enough customers.

As we mentioned, the extension of legal guarantees does not ensure repair since a consumer can ask for a new product instead. Additional measures are necessary in order to give repair priority over replacement when under guarantee. In this sense, the current Directive does prioritize repair when under guarantee, as long as repairing is cheaper than replacing. The effect of this measure might be limited, though, given the fact that most breakdowns occur outside of legal guarantee (European Commission, 2023, p. 8).

The French measures, on the other hand, represent a completely different approach. France has banned and criminalized planned obsolescence, and has forced sellers to provide information on spare parts when available. This approach was not without flaws, though. It is very difficult to prove intentionality on the part of the manufacturer and some forms of obsolescence, like functional obsolescence, cannot really be tackled. They also imposed an obligation on the part of the seller to inform about the availability of spare parts if the manufacturer discloses this information. Nonetheless, there is no obligation for the manufacturer to disclose the information, nor an obligation for the manufacturer to even produce spare parts in the first place (Maitre-Ekern & Dalhammar, 2016). The accompanying regulations per product group associated to the Ecodesign Directive, do establish a minimum period of availability for spare parts.

As we have seen, several developments have been taking place in the EU in regard to repair. In this context, this Directive proposal aims at unifying differing national legislations that might impact the Internal Market in the form of information gaps cross country. This Directive will amend the provision of legal guarantees while also unifying economic practices regarding repair, by establishing identical information and repair requirements among European Member States.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4. METODOLOXÍA

Para avaliar o obxecto de estudo desde unha perspectiva holística e multidimensional que abranga a totalidade do proceso económico e non se limite ao estudo de decisións de intercambio en contextos de mercado, empregamos unha metodoloxía mixta e variada. A razón emana da natureza do propio obxecto de estudo. A análise agregada do sector da reparación só é posíbel co uso de información cuantitativa que nos permita determinar o perfil sistémico da reparación. A construción dunha base sólida para o noso estudo require do emprego de información cualitativa sobre o proceso e as unidades de reparación. O uso de metodoloxías variadas oferece unha visión multidimensional e pormenorizada do obxecto de estudo. A nosa argumentación, polo tanto, pasa polo establecemento dun diálogo fluído entre a información cuantitativa e cualitativa sobre a reparación. A nosa achega contrasta co que Georgescu-Roegen (1971, p.1) denominaba "o pecado mecanicista da ciencia económica", que se materializa no monismo metodolóxico da economía ortodoxa (Dow, 2008; Stahel A., 2021) e que se limita a avaliar relacións de intercambio pola vía da modelización matemática, en troque de facer análises holísticas, multidimensionais e pormenorizadas.

A achega cuantitativa ten tres vertentes principais: dunha parte a información económica (macroeconómica) sectorial permítenos identificar os trazos características das actividades de reparación; a información económica territorializada permítenos avaliar o grao de dispersión/concentración da reparación (o que se relaciona cunha das súas maiores vantaxes, que é a capacidade de crear riqueza en proximidade); finalmente, empregamos información de esperanza de vida dos produtos para avaliar a obsolescencia (unha das barreiras á reparación). A análise cualitativa emprega entrevistas e cuestionarios para analizar as características da reparación e das unidades de reparación. O emprego de ambas achegas, a cuantitativa e cualitativa, reflicte mellor a natureza do propio obxecto de estudo, xa que o aborda desde distintas perspectivas. O uso dunha metodoloxía mixta permítenos eludir o monismo metodolóxico tan común en economía. Os distintos métodos oferecen distintas formas de coñecemento que crean sinerxías entre elas. Esta variedade de coñecemento serve, entre outras, á dimensión reguladora en tanto que a achega cuantitativa define unha imaxe do obxecto de estudo e a achega cualitativa reflicte a súa natureza.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1. A ACHEGA CUANTITATIVA

O debate sobre a reparación non pode ficar limitado á análise anecdotal dos seus componentes. Tórnase imprescindíbel compilar e avaliar datos para construír unha imaxe precisa da natureza económica das actividades de reparación. O traballo cuantitativo abrangue tres aspectos principais: o estudo das características estruturais dos sectores de reparación na economía, así como a súa evolución temporal; o perfil territorial das actividades de reparación e a avaliación da esperanza de vida dos produtos, aspecto clave no debate sobre obsolescencia e polo tanto reparación.

4.1.1. O perfil económico das unidades de reparación

O uso de datos agregados dos sectores da reparación permite caracterizar a evolución temporal dos sectores e o seu peso na economía. Para alén disto, tamén permite identificar características estruturais dos sectores da reparación. O noso estudo estrutural emprega datos referidos tanto ao estado español como a Galiza. O uso dos datos dun ou doutra unidade territorial depende da pertinencia da análise. Para a avaliación das series temporais sobre a evolución da reparación empregamos datos do estado español, xa que dispón de series históricas máis longas, mais cuxo nivel de desagregación a un nível de desagregación que permita identificar os sectores correspondentes. Os datos do estado español están extraídos da 'Contabilidade Nacional Anual de España: resultados detallados por ramo de actividade' (Instituto Nacional de Estatística, 2024), así como das 'Estatísticas estruturais das empresas: sector industrial', 'Estatísticas estruturais das empresas: sector comercio' e 'Estatísticas estruturais das empresas: sector servizos' (Instituto Nacional de Estatística, 2024a, 2024b, 2024c). A relevancia destes datos radica principalmente na disponibilidade de series temporais máis compridas.

Para a avaliación das características estruturais a nível galego empregamos datos procedentes do marco Input-Output de Galicia 2018 e 2016 (Instituto Galego de Estatística, 2020 e 2021). O uso de datos rexionais permite identificar o grao de inserción na economía máis inmediata, para alén do grao de inserción na economía estatal e aínda na europea e na mundial. Dado que proximidade é un factor asociado a reparación, o uso de datos rexionais permite aproximar mellor os potenciais efectos económicos da reparación. Na nosa análise analizamos o grao de inserción internacional das distintas actividades, para alén das características da oferta dos servizos de reparación e das características da demanda, extremos que podemos analizar pola vía dos produtos no marco Input-Output, mais non pola vía das

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ramas de actividade. O uso de datos rexionais tamén nos permite examinar o grao de inserción e interrelación co resto da economía galega, aspecto que é crucial no desenvolvemento económico. O xeito de analizar a inserción sectorial é empregando o marco Input Output, que é unha ferramenta estatística que recolle as interrelacións entre os sectores da economía. A análise é feita seguindo a metodoloxía que o propio Insituto Galego de Estatística emprega nas súas análises do marco Input Output a través da matriz inversa de Leontief (Instituto Galego de Estatística, 2020, pp. 32-54). Os indicadores que empregamos na nosa análise do marco Input Output inclúen encadeamentos (cara adiante e cara atrás), coeficientes de Rasmussen e coeficientes de traballo.

Encadeamentos cara atrás mostra o efecto que o aumento da demanda final dun sector concreto ten sobre a economía no seu conxunto pola vía da demanda intermedia dese sector sobre o resto de sectores da economía. Esencialmente cando un sector se ve na obriga de satisfacer a demanda debe utilizar insumos que adquire doutras empresas e doutras ramas produtivas. Para satisfacer eses insumos as empresas adquiren insumos á súa vez e así sucesivamente. O conxunto destes efectos iterativos resulta no aumento total da produción como resultado do aumento da demanda final sobre un sector. Encadeamentos cara atrás permite calcular o aumento total da produción como resultado do aumento dunha unidade sobre a demanda final dun sector concreto. Distinguimos dous tipos de encadeamento cara atrás: os totais e os internos. Encadeamentos totais recollen o efecto dun incremento na demanda final dun sector concreto sobre o total da economía global xa que ten en conta as importacións. Encadeamentos totais mide o efecto do aumento da demanda final dun sector concreto sobre o total da economía mundial. Encadeamentos internos, pola contra, só ten en conta o efecto sobre a economía interna, neste caso a economía galega, polo tanto mide os efectos sobre a produción galega dun aumento da demanda final dun sector concreto. Encadeamentos calcúlanse a partir da matriz inversa de Leontief sumando os elementos das columnas, de xeito que para cada rama j os encadeamentos cara atrás calcúlanse: $\sum_i a_{ij}$; onde a representa cada elemento da matriz inversa de Leontief, i representa filas e j columnas.

Se encadeamentos cara atrás medía o efecto sobre a produción dun aumento de demanda, encadeamentos cara adiante mostra o efecto sobre a produción dun aumento na oferta. Se un sector aumentar a súa produción, unha parte dese aumento iría destinada a satisfacer a demanda final e outra parte iría destinada a satisfacer a demanda intermedia doutros sectores. Encadeamentos cara atrás, polo tanto, dá conta de se o sector ten un carácter máis orientado

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cara a demanda final ou de se ten un carácter máis orientado cara a demanda intermedia. Encadeamentos cara adiante indica o aumento da produción como resultado do aumento da oferta dun sector concreto. Igual que no caso dos encadeamentos cara atrás, distinguimos efectos totais e efectos internos. Totais teñen en conta o efecto sobre o total da economía global, tendo en conta exportacións e os internos teñen en conta só o efecto sobre a produción da economía galega. Calcúlanse a partir da suma dos coeficientes da matriz inversa de Ghosh (que é resultado da diferenza entre a matriz de identidade e a matriz de coeficientes de distribución). Para cada rama *i* os encadeamentos cara adiante calcúlanse como $\sum_j b_{ij}$; onde *b* representa cada elemento da matriz inversa de Ghosh, *i* representa filas e *j* columnas.

Coeficientes de Rasmussen (ou coeficientes ponderados) están estreitamente relacionados cos encadeamentos. No esencial os coeficientes de Rasmussen calcúlanse ponderando os encadeamentos interiores cara adiante e cara atrás en función do tamaño do sector (medido en termos da súa demanda fianl). Sectores con maior peso total sobre a economía galega terán un coeficiente de Rasmussen maior; mentres que sectores cun peso total menor sobre a economía galega terán un coeficiente de Rasmussen menor. Os coeficientes de Rasmussen cara atrás chámanse de poder de dispersión e os coeficientes de Rasmussen cara adiante chámanse de sensibilidade de dispersión. Calcúlanse ponderando os encadeamento interiores cara adiante e cara atrás en función do tamaño do sector medido en termos da súa demanda final. Os encadeamentos ponderados cara atrás de cada rama *j* calcúlanse como:

$$U_j^P = \frac{\frac{\sum_i a_{ij} D_i}{\sum_i D_i}}{(\frac{1}{n}) \sum_j \frac{\sum_i a_{ij} D_i}{\sum_i D_i}}$$

Onde *a* representa cada elemento da matriz inversa de Leontief interior, *D* la demanda final do sector *j* e *n* o número total de ramas.

Os encadenamientos ponderados hacia adelante para cada rama *i* se calculan como:

$$U_i^P = \frac{\frac{\sum_j b_{ij} D_j}{\sum_j D_j}}{(\frac{1}{n}) \sum_i \frac{\sum_j b_{ij} D_j}{\sum_j D_j}}$$

Onde *b* representa cada elemento da matriz inversa de Ghosh interior, *D* a demanda final do sector *i* e *n* o número total de ramas.

Coeficientes de traballo son unha medida que permite coñecer o número de postos de traballo creados por unidade de produción. Distinguimos entre coeficientes de traballo directos,

emprego creado na propia rama por unidade de produción e coeficientes de traballo totais, que ten en conta non só o emprego na propia rama senón os efectos de creación de emprego noutras ramas a través da demanda intermedia. Coeficientes de traballo directos da rama *j* calcúlanse como PTE_j/P_j ; onde *PTE* son os postos de traballo equivalentes a tempo completo e *P* a produción da rama. Coeficientes totais de traballo calúlanse como $(PTE_j/P_j)*(I-A)^{-1}$; resultado de multiplicar os coeficientes de traballo directos pola matriz inversa de Leontief interior.

4.1.2. O perfil territorial das actividades de reparación

Un aspecto crucial sobre as actividades de reparación é a cuestión da súa distribución territorial. Unha das maiores vantaxas percibidas sobre a reparación ten a ver co maior grao de dispersión territorial, o que contribúe a crear emprego e actividade económica en proximidade. O fomento da reparación no contexto da economía circular contribuirá potencialmente a un desenvolvemento económico máis cohesionado, en contraste con outro tipo de actividades de natureza industrial e propensas a se deslocar internacionalmente e situarse en polos industriais (Stahel, 2013). Para probar este extremo aplicamos as metodoloxías comunmente empregadas na análise da dispersión territorial e da concentración económica.

No ámbito do estudo da concentración sectorial existen diversas ferramentas analíticas que se poden clasificar en medidas absolutas e medidas relativas, as primeiras miden o grao de concentración considerando todas as unidades territoriais a un mesmo nível, as segundas ponderan o tamaño das unidades territoriais sobre as que se realiza a análise. No noso estudo empregamos dous dos índices relativos de concentración da actividade económica máis populares: o índice de Theil (T), segundo a formulación de Brulhart & Traeger (2005) e o Índice de Concentración de Krugman (ICK), segundo a formulación de Lazniewska & Górecki (2012).

Índice de Theil (T) pertence aos índices de entropía e ten un uso amplamente recoñecido no mundo da economía. A súa formulación é:

$$Tj = \frac{1}{N}\sum_{i=1}^{N}\frac{g_{ij}}{h_i} \times ln\frac{g_{ij}}{h_i}$$

Donde:

N é o número de unidades territoriais

i, refire a rexión

j, refire o sector

gij, é a variable de actividade económica do sector i na unidade territorial j

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

$$h_i = \frac{\sum_{i=1}^{N} g_{ij}}{N}$$

Índice de Theil mostra valores entre 0 e ln N. Cero representa o maior nível de entropía, quer dicir, a variábel estaría equitativamente distribuída sobre todos os territorios, entanto que ln N representa a situación de menor entropía, a máxima concentración de actividade económica. Trátase dun índice que pondera a variábel analizada en rexión en función da media do total.

O índice de concentración de Krugman, por outro lado, derívase da formulación de especialización de Krugman (1991). A súa formulación é:

$$ICKj = \sum_{i=1}^{N} \left| \frac{g_{ij}}{g_j} - \frac{g_i - g_{ij}}{g - g_j} \right|$$

Onde:

N é o número de unidades territoriais

i, refire a rexión

j, refire o sector

$g_j = \sum_{i=1}^{N} g_{ij}$; variábel de actividade económica en todos os sectores na unidade territorial j

$g_i = \sum_{j=1}^{N} g_{ij}$; variábel de actividade económica do sector i no total de unidades territorias

$g = \sum_{j=1\ i=1}^{N} g_{ij}$; variábel de actividade económica en todos os sectores e todas as unidades territoriais

O ICK mostra valores entre 0 y 2, onde 0 significaría nula diverxencia entre a participación no sector e a participación no total de actividade económica e 2 (límite asintótico) significaría máxima diverxencia entre a participación na actividade económica do sector e participación no emprego total. A diferenza do índice de Theil o de Krugman mide a suma das diverxencias de participación do sector i na economía de cada unidade territorial j, respecto da participación do sector i no total de unidades territoriais avaliadas.

As variábeis empregadas para representar actividade económica son variadas. Valor engadido e emprego son das máis habituais, con todo, dado o carácter do noso estudo optamos por utilizar a variábel do emprego como mellor aproximación da dispersión da actividade económica. Dispersión do emprego asegura tamén dispersión do consumo, da vivenda e incluso

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dispersión de coñecementos técnicos e tecnolóxicos (dos que os propios reparadores son portadores). Emprego representa mellor o valor da dispersión territorial.

Na nosa análise aplicamos os índices de dispersión a dúas escalas, unha a nível rexional europeo empregando a clasificación NUTS 2 e outra a nível local empregando datos comarcais de Galiza. A aplicación dos índices a estes dous níveis permítenos identificar dúas formas diferentes de dispersión. A nível europeo permítenos avaliar se efectivamente reparación está entre as actividades máis estendidas mentres que dentro dunha mesma rexión os datos comarcais permítenos avaliar o grao de concentración en torno a focos de atracción da actividade económica local. As razóns que nos levan a escoller Galicia para o noso estudo de caso inclúen a proximidade, que nos permite coñecer mellor as realidades de carácter cualitativo; a dispoñibilidade de datos; así como unhas condicións socioeconómicas que nos permiten definila como periferia no contexto europeo.

4.1.2.1. Datos rexionais e locais sobre os servizos de reparación

Na nosa análise empregamos datos a dous níveis de desagregación territorial distintos. Por un lado usamos datos rexionais ao nível de desagregación das NUTS 2 para un conxunto de 10 países europeos: Alemaña, Grecia, España, Francia, Italia, Austria, Polonia, Portugal, Romanía e Suecia. A selección foi feita seguindo o criterio da European Commission (2018). Estes países representan a maioría do PIB e da poboación da UE, o que xunta a maioría do mercado común europeo. En total as NUTS 2 dos países considerados suman 142 unidades terriotorias. Os datos de emprego para a análise da dispersión a nível rexional foron obtidos das ‘Estatísticas estruturais de empresas’ para o ano 2016 de Eurostat (2024) e inclúen datos de emprego en todas as actividades económicas da clasificación CNAE (distinguindo entre venda e reparación de vehículos) e para todas as rexións NUTS 2 dos países considerados. Para cada sector da clasificación CNAE calculamos os índices de dispersión, o de Theil e o de especialización de Krugman, sinalando as posicións das actividades de reparación.

A análise de dispersión da reparación a nível local foi feito para Galiza ao nível de desagregación das comarcas. A escolla da unidade de análise a nível local é especialmente relevante se tivermos en conta que a natureza das actividades de reparación e dos mercados locais mudou notabelmente. A escolla das comarcas débese a que se trata de unidades supramunicipais que se consideran ideais para a análise da concentración económica (Viladecans, 2001). Malia que formadas en base a criterios históricos e de afinidade cultural, as comarcas permiten representar sistemas de traballo locais, ou mercados de traballo máis ou

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

menos autocontidos (Arbia et al., 2006; O'Donogue & Gleave, 2004), polo menos máis do que os municipios. Para alén diso, comarcas representan áreas xeográficas que contén mercados autocontidos, potencialmente tamén mercados de reparación. Os datos para a análise da dispersión a nível local foron obtidos das bases de datos do Instituto Galego de Estatística a través do banco de datos comarcal. Os datos de emprego a nível comarcal, a diferenza dos datos a nível rexional, proceden das afiliacións á Seguridade Social por municipio de residencia da persoa afiliada (lembramos que as comarcas non son senón agrupacións de concellos). Os datos de emprego polo tanto non están asociados ao lugar de residencia da empresa en que traballan, senón ao lugar de residencia do traballador. Compre ter esta diferenza presente. Outro problema cos datos a nível comarcal de que dispomos ten a ver co grao de desagregación. O Instituto Galego de Estatística, posibelmente por unha cuestión de protección de datos, non dá información de número de empregados por sector e por comarca a un nível de desagregación de 2 díxitos, emprega unha agregación de sectores diferente. Só para industria encontramos unha desagregación que xunta varias categorías CNAE a 2 díxitos de desagregación. Empregamos estes datos a modo de comparación cos datos de emprego na reparación.

Dado que non dispomos de datos de emprego por sectores a nível de desagregación local, os datos de emprego na reparación son estimados a partir dos datos de demografía empresarial a nível local. A partir do número de empresas por rango de empregados, aproximamos o número de empregados por comarca a partir dos datos de emprego no sector en Galiza. O proceso resolveuse como un problema de optimización. Partindo do número de empresas por rango de empregados, (0 a 2, 3 a 5…) e do emprego total do sector a nivel galego, estimouse o tamaño medio da empresa para cada rango de emprego tal que devandito tamaño multiplicado polo número de empresas en cada rango resultaba no total do emprego en todo o territorio. Cos datos de emprego estimados para os tres sectores calculamos un agregado de emprego total na reparación que nos permite estabelecer mellores comparacións cos datos das industrias agregadas.

4.1.3. Esperanza de vida dos produtos e causas de descarte

Malia que o concepto da obsolescencia programada é extremamente popular entre o público xeral, e mesmo nos círculos académicos, o estudo da mesma ten sido limitado, especialmente no que refire á súa dimensión empírica. A obsolescencia é un elemento fundamental na análise da reparación xa que condiciona a súa viabilidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Distinguimos dúas formas fundamentais de estudar empiricamente a obsolescencia: pola vía das esperanzas de vida e pola vía das causas de descarte. A análise da esperanza de vida responde á premisa sobre obsolescencia programada, que é a asunción de que a esperanza de vida dos produtos experimentou e experimenta un declive continuado. Esta popular manifestación da obsolescencia programada foi notada de forma anecdótica e xa era popular nos anos 50 e 60 do século pasado (Packard, 1960). O problema fundamental coa análise das esperanzas de vida radica na ausencia de bases de datos de longo prazo (Cooper, 2004), o que ten feito con que, na maior parte dos casos, o declive nas esperanzas estivese baseado só en recolleccións anecdóticas e non empíricas. Un mecanismo para sobrepornos a esta limitación na disponibilidade de información e realmente revisar criticamente as hipóteses e asuncións que se fan habitualmente sobre a obsolescencia, pasa por aglutinar estudos de curto prazo feitos ao longo dos anos. Os datos relativos á obsolescencia proceden da compilación de datos en estudos previos (Oguchi & Daigo, 2017; Cooper, 2004; Tasbirul Islam et al., 2020; Wieser & Tröger, 2018; Hennies & Starmminger, 2016; Öko-Institut, 2020; Cox et al., 2013; Tecchio et al., 2016). Dos estudos analizados, algúns destacan sobre outros, en particular notamos a robustez dos datos procedentes de Wang et al. (2013) e Forti et al. (2018). Estas estimacións son empregadas nas estatísticas de residuos de Eurostat para proporcionar estimacións máis robustas, fundamentais para o cálculo de previsión de residuos, particularmente de tipo eléctrico-electrónico (Forti et al., 2018 & 2023; Wang et al., 2013).

A segunda forma de avaliar a obsolescencia empiricamente pasa pola análise das causas de descarte. Este mecanismo permite checar as hipóteses sobre obsolescencia, en particular identificar os distintos vectores que inflúen sobre a mesma. Descubrir os motivos, quer técnicos quer económicos que levan a un consumidor a descartar un produto ou a renunciar a reparalo cando sofre unha avaría permiten identificar patróns que son en última instancia expresións de obsolescencia. As causas de descarte son claves para avaliar conceptualmente a obsolescencia e as distintas categorías. De novo, non existen rexistros nin bases de datos compiladas por institucións estatística, para o cal acodemos a fontes secundarias e recompilamos información a partir de estudos isolados sobre causas de descarte. Recompilamos evidencias a partir de estudos previos (Tecchio et al., 2016; Barros & Dimla, 2021; Makov & Fitzpatrick, 2021; Öko-Institut e.V., 2020; Tasbirul Islam et al., 2020; Hennies & Starmminger, 2016). Esta análise comparada permite identificar patróns de descarte e obsolescencia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.3.1. Metodoloxía para o estudo de caso. As esperanzas de vida na universidade

Xunto coa compilación de datos procedentes de fontes secundarias, tamén aspiramos a salvar a carencia sistémica de datos e de estatísticas sobre esperanzas de vida dos produtos pola vía da elaboración de bases de datos propias. Neste caso, propomos construír unha base de datos recompilando información a partir do inventario de equipamentos informáticos dunha institución de ensino superior, a Universidade de Santiago de Compostela, que nos oferece información cunha perspectiva temporal. O uso dos inventarios das institucións públicas ten sido utilizado nalgún estudo previo para avaliar esperanzas de vida (Babbit et al., 2009); ten a virtude de ser unha información precisa e detallada, embora dita información acostume adoecer dalgunhas deficiencias, como indicaremos a seguir.

Para a consulta sobre disponibilidade de información mantivemos primeiro unha reunión cos servizos de xerencia, así como cos servizos técnicos da Universidade. Concluímos que a mellor forma de obter información específica sobre esperanzas de vida pasaría pola consulta das entradas e saídas do inventario, centrándonos especificamente nunha parte dos equipamentos informáticos, en particular, computadoras e impresoras. A consulta de información dispoñíbel no inventario foi feita co Departamento de Contabilidade, en concreto co Servizo de Contratación e Patrimonio, responsábel do inventario. Mantivemos unha reunión na cal consultamos sobre o tipo e calidade da información así como sobre o xeito en que deberíamos facer a solicitude de información. A subsecuente petición de información foi feita en xaneiro de 2023, onde solicitamos información relativa a todas as entradas no inventario que contasen con data de saída para as categorías ‘computadoras’ e ‘impresoras’. A información foi recibida en febreiro de 2023 nunha folla de cálculo que contiña mesturadas entradas relativas a “Ordenadores, monitores, impresoras, ordenadores portátiles e compoñentes de ordenadores”. A razón disto ten a ver co xeito en que as entradas foron rexistradas, moitas veces mesturando no nome do elemento componentes periféricos. A información dispoñíbel abranguía o período 1990-2022, que nos permitiría potencialmente trazar unha evolución da esperanza de vida dos produtos sobre un período prolongado.

Unha vez examinada a información dispoñíbel, o primeiro filtrado de información pasou por separar as entradas relativas a computadoras e aquelas relativas a impresoras. Para distinguir unhas entradas de outras foi necesario examinar de xeito pormenorizado a denominación coas que as entradas foran inscritas. Dado que cada entrada foi feita baixo unha denominación

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

distinta foi necesario aplicar filtros de selección a todo o ficheiro de datos. Unha vez compiladas as entradas relativas a cada grupo de produtos de xeito separado ficamos cun total de 6069 entradas para a categoría de computadoras e 3192 entradas para a categoría de impresoras, o que constitúe unha mostra inicial de tamaño considerábel. Sobre esta mostra inicial foi necesario aplicar filtros adicionais, debido principalmente a que o período 1990-1995 e o ano 2011 mostran ser anos de regularización de inventario.

O noso obxectivo é salvar a deficiencia estrutural de datos de esperanza de vida a través da construción de series históricas a partir dos datos recollidos no inventario da Universidade de Santiago de Compostela. Pretendemos comprobar se, cunha serie histórica de longo prazo, podemos observar unha tendencia de declive nas esperanzas de vida consistente coas hipóteses habitualmente vertidas sobre a obsolescencia. Os inventarios, en particular de institucións de gran tamaño, supoñen unha fonte de información potencial crucial ao disporen tanto de grandes stocks como duns principios contábeis consistentes no tempo. Con todo, estas fontes de información tamén adoecen dalgunhas deficiencias que deben ser tidas en conta. Tal e como notaron Babbit et al. (2009), bens adquiridos cun valor unitario baixo acostuman estar baixo un control menos exhaustivo por parte dos servizos contábeis, o que fai con que non exista control rigoroso no rexistro das entradas, así como no rexistro das saídas ou tamén con que as saídas non estean rexistradas no momento correcto. Relacionado con este problema está o de acumulación, que non é un problema exclusivo das administracións públicas (Wieser & Tröger, 2018). Equipo eléctrico-electrónico, unha vez deixa de ser utilizado, pode non ser enviado para eliminar directamente, senón acumulado por tempo indefinido até ser finalmente descartado, o que pode resultar en datos de vida útil exaxerados. A nosa base de datos mostra algúns destes problemas, mais tamén supón unha valiosa fonte de información sobre esperanzas de vida no longo prazo nun contexto de ausencia estrutural de información, cuxa análise, malia que tomada con reservas, pode ser valiosa á hora de avaliar empiricamente as hipóteses sobre obsolescencia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2. A ACHEGA CUALITATIVA

4.2.1. As entrevistas semiestruturadas

Unha primeira aproximación á problemática da reparación veu da man das entrevistas directas cos reparadores. Realizamos as nosas entrevistas no ámbito da reparación de equipamento de alto contido tecnolóxico e de laboratorio e especificamente sobre o traballo dos reparadores independentes. Este exercicio analítico serve fundamentalmente como base para a elaboración dos cuestionarios e nun sentido máis amplo como primeira aproximación á problemática da reparación no ámbito do equipamento tecnolóxico. Este método analítico consta fundamentalmente de dúas partes: a primeira refere a compilación da información, no noso caso pola vía das estrevistas semiestruturadas; a segunda fase refere á análise da información, no noso caso pola vía da análise temática.

No relativo á compilación da información, empregamos o método da entrevista semiestruturada, dado que se trata dunha ferramenta que combina a solidez da busca previa de información co dinamismo que confere permitir que os diversos temas emerxan de xeito natural na conversa (Rodrigues Soares, 2015). Xunto con dúas sesións de investigación participante. Para a elaboración e a condución das entrevistas, así como das sesións de investigación participante seguimos a Vargas Jiménez (2012) e Ardévol et al. (2003). Na elaboración de entrevistas aplicamos as guías de boas prácticas comúns ás investigacións de carácter cualitativo nas ciencias sociais (véxase i.e. Silverman, 2021). Realizamos un total de 5 entrevistas semiestruturadas, así como dúas sesións de investigación participante. Obtivemos un total de 5 horas de conversa, xunto coas notas de campo correspondentes a todas as sesións. A guía xeral que empregamos para as nosas entrevistas aparece recollida no anexo I. As primeiras preguntas están concibidas como iniciadoras da conversa, a partir deste punto as preguntas pasan a ser simples facilitadoras cando se chega a un bloqueo. A selección do número de entrevistas seguiu o principio de saturación (véxase Minayo, 2017). Dado que as sucesivas entrevistas proporcionan incrementos cada vez menores en termos de nova información, xulgamos que as entrevistas realizadas foron abondo para acadar o punto de saturación de información, especialmente se tivermos en conta que todas elas foron feitas con reparadores independentes no campo da reparación de equipamento científico e de investigación.

A segunda fase da aplicación do estudo pasou pola análise da información, para o cal seguimos a Halcomb & Davidson (2006). Partimos das notas de campo e observacións, completando a información con varias rondas de escoita dos audios. O proceso repetiuse para

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

cada participante. A información recollida foi analizada no seu conxunto. O noso estudo emprega unha análise temática inductiva, na que os principais temas foron identificados a partir da propia información recollida e despois contrastados coa información procedente da revisión de literatura pertinente. Para cada tema foron identificados múltiples códigos, que se poden ver na táboa 4-1. Para distinguir as barreiras dos mecanismos para se sobrepor a elas utilizamos un sistema de cores. No proceso de análise seguimos a Rapley (2021)

Táboa 4-1. Códigos identificados na análise temática das entrevistas e notas de campo

Temas	Codes	Tags
Barreiras	Recambios	SP
	Software	SOFT
	Inovación	INNO
	Información	SEC
Sobreporse ás barreiras	Recambios	SP
	Software	SOFT
	Inovación	INNO
	Información	SEC
Características do traballo de reparación	Reparar vs cambiar peza	MT
	Curiosidade	CUR
	Uso do tempo	UT
	Valorización e apreciación	VAL

Fonte: elaboración propia

En último termo, a contribución das entrevistas e da metodoloxía de compilación e análise cualitativa serve un fin instrumental ao proporcionar unha base sólida para a elaboración dos cuestionarios e confire unha visión pormenorizada e informada de procesos técnicos que doutro xeito ficarían ocultos, como acontece habitualmente en investigacións cualitativas e cuantitativas do xénero.

4.2.2. Os cuestionarios

Unha parte desta investigación está baseada na construción dunha base microeconómica sólida para o estudo da reparación, o que torna imprescindíbel dispor de información directa das unidades dedicadas á reparación. Para a elaboración do cuestionario partimos da revisión da literatura (Dalhammar et al., 2020; Andersson et al., 2018; Türkeli et al., 2019; Riisgard et al., 2016; Lepawsky, 2020), onde identificamos os aspectos centrais do estudo da reparación, así como aquelas dimensións que foran pouco ou nada estudadas. A información cualitativa obtida a partir de entrevistas semiestruturadas con reparadores influíu no cuestionario ao nos axudar a afinar as preguntas clave para comprender o método de traballo dos reparadores.

O albo deste cuestionario foron os reparadores independentes, isto é, as empresas dedicadas profesionalmente á reparación. Non foron obxecto deste estudo as unidades de reparación non comerciais, que son comunmente denominadas de ‘reparación comunitaria’ e

cuxo estudo é relativamente popular na literatura (Cole & Gnanapragasam, 2017). Estas xogan un papel importante en moitas comunidades urbanas en todo o planeta (Houston, 2019; Houston & Jackson, 2016; Jackson et al., 2012) e constitúen un vector de difusión e promoción da cultura da reparación, porén, a selección de unidades dedicadas profesionalmente á reparación responde a unha dupla razón, por unha parte está a necesidade de analizar a natureza da reparación como unha práctica comercial e económica viábel e consolidada (Stahel, 2013) mais tamén como un vector para o desenvolvemento rexional e local. Por outra banda, no noso ámbito de estudo, que é Galiza, a reparación comunitaria é moi pouco popular, ao contrario do que acontece nas áreas metropolitanas do centro e norte de Europa (Lepawsky, 2020). Tampouco foron albo deste estudo os reparadores oficiais das marcas, dado que estas acostuman a encontrar limitacións diferentes, fundamentalmente relativas ás propias políticas das marcas.

No noso cuestionario (Anexo II) afondamos en aspectos relacionados coa colaboración, particularmente na obtención e difusión de coñecemento, a axuda mutua e a influencia de novas tecnoloxías. Afondamos tamén en aspectos pouco estudados, como o método de traballo, que puidemos comprobar nas nosas entrevistas que se trata do mecanismo fundamental que os reparadores empregan para ultrapasar barreiras relacionadas coa obsolescencia; ou a colaboración, que constitúe un elemento pouco estudado no ámbito da reparación comercial.

Betatesteamos o noso cuestionario con catro reparadores de xeito presencial, afondando nos aspectos clave da actividade e reformulando as preguntas co obxectivo de facelas o máis directas e concretas posibles. Após este exame, unha versión definitiva foi creada en Google Forms e difundida por correo electrónico a todas as empresas catalogadas como de reparación tecnolóxica no listado das páxinas galegas. Na elaboración, difusión e compilación de información por vía dos cuestionarios cinguímonos aos protocolos éticos habituais na investigación cualitativa (véxase i.e. Silverman, 2021).

4.2.3. Análise documental, a Directiva europea para a promoción da reparación

Outra parte do estudo relativo á reparación realizado nesta tese ten a ver coa análise da directiva Europea para a promoción da reparación. A análise desta directiva permite contrastar os desenvolvementos conceptuais e teóricos relativos á reparación coa materialización da normativa relativa á promoción da reparación. A análise da directiva implicou a análise documental do material preparatorio da Comisión Europea (2023a, 2023b), así como da propia normativa Comisión Europea (2023c) e Parlamento Europeo (2024).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A análise de documentos implica o proceso de revisar, ler en profundidade, examinar os contidos e interpretar os documentos (Kayesa & Shung-King, 2021). Análise de documentos legais supón unha instancia particular da análise cualitativa e documental onde o contexto non está marcado só por unha comprensión do marco legal correspondente, senón tamén sobre a realidade que os documentos legais regulan:

> This type of analysis is based on a prior understanding of the policy environment. Consequently, an expectation of policy document analysis is that the […] researcher has familiarity with not only the policy document but also a literature base that provides knowledge about the policy arena under study. A review of the relevant literature is normally undertaken prior to document assembly and analysis. This provides a theoretical platform for devising the specific questions that will be formulated to guide the scrutiny of text in the document. (Cardno, 2018, p.631).

O contexto da nosa investigación é duplo. Dunha parte avaliamos as medidas legais adoptadas no ámbito europeo en materia de reparación e doutro lado afondamos na revisión das barreiras existentes sobre reparación. Este contexto permite formular as preguntas aos textos da normativa, nomeadamente o obxectivo implícito e explícito da normativa; as opinións dos estados membros e partes implicadas, así como o de institucións europeas (nomeadamente o Comité de Control Reglamentario, ou *Regulatory Scrutiny Board*, en inglés); a pertinencia das medidas adoptadas para ultrapasar as barreiras á reparación identificadas comunmente na literatura e as potenciais implicacións destas medidas sobre a economía europea. A resolución destas preguntas é feita pola vía da análise de contido dos textos (Cardno, 2018; Armstrong, 2021). A importancia desta análise, polo tanto, está na información recollida na documentación e o diálogo que podemos establecer entre esta e o contexto analítico previo.

Unha instancia concreta da análise da directiva implicou a análise temática das opinións compiladas a fabricantes, uns dos protagonistas do proceso de elaboración da Directiva europea para a promoción da reparación. Os temas foron identificados de xeito inductivo a partir da documentación e o material en cru do proceso de elaboración. No proceso de análise temática empregamos seguimos a Rapley (2021) e Mik-Meyer (2021).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4-2. Temas identificados das respostas dos fabricantes no proceso de consulta pública da Directiva Europea para a promoción da reparación

1 Sobre Dereito a Reparar (DaR)
1.1 Non entende o concepto de DaR que emprega a Comisión
1.2 Non entende o concepto de DaR en xeral
1.3 Considera que a garantía legal é abondo
1.4 Rexeita a noción de DaR integramente
1.5 Acepta DaR, mas sempre que a responsabilidade recaia no consumidor
2 Produtos que debería cubrir o DaR
2.1 Ningún
2.2 Rexeita a premisa empregada pola Comisión para seleccionar os produtos
2.3 Deixar a discreción dos fabricantes a selección de produtos
3 Mostra preocupación polo sector independente de reparación
4 Aposta só polo uso de mecanismos informativos
5 Oponse a regular prezos
6 Recoñece a necesidade de regular o mercado de abastecemento (de recambios)

Fonte: elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5. A ANÁLISE EMPÍRICA DA OBSOLESCENCIA

No capítulo de revisión de literatura avaliamos a dimensión conceptual da obsolescencia, notando os distintos tipos que existen e o xeito en que a conceptualización ten evoluído até aos nosos días. Neste capítulo exploramos a dimensión empírica da mesma. Distinguimos dúas formas principais de avaliar empiricamente a obsolescencia, por un lado avaliar as esperanzas de vida, por outro as causas de descarte. O estudo das esperanzas de vida relaciónase coa crenza amplamente estendida de que a duración media dos produtos experimenta un declive continuado. O estudo das causas de descarte permite avaliar o grao de influencia das distintas formas de obsolescencia sobre os produtos, permitindo determinar que formas de obsolescencia inflúen sobre que produtos.

O problema principal no estudo empírico da obsolescencia pasa pola falta de información e bases de datos de longo prazo. A disponibilidade da información sobre esperanzas de vida está (e estivo) en mans de empresas e consumidores e nos seus produtos. Porén, a compilación e sistematización desta información non foi un obxectivo que perseguisen os institutos de estatística oficiais (que estarían nunha posición privilexiada para tal fin), eis que carezamos de información sobre obsolescencia, particularmente información de carácter histórico. Na nosa investigación lidamos con esta dificultade pola vía da compilación de evidencias procedentes de múltiples estudos (ver o apartado metodolóxico). Causas de descarte emerxe da diversa conceptualización da obsolescencia e oferece unha visión sobre os motivos que levan aos obxectos a seren descartados. Permite, polo tanto, observar a obsolescencia en acción, identificando os seus vectores.

5.1. OBSOLESCENCIA, AS ESPERANZAS DE VIDA

Obsolescencia está comunmente asociada ao declive continuado nas esperanzas de vida dos produtos, porén, como sinalamos, existe unha carencia histórica e sistémica de datos que nos impide construír series de longo prazo sobre duración dos produtos. Este extremos foi notado por Cooper (2004):

> Although there is a popular belief that appliance life spans have long been in decline and consumers would prefer appliances to last longer, firm evidence has been lacking. There are no historical data, which means that trends cannot be identified. (Cooper, 2004, p.423)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE

Dado que os produtos están continuamente entrando e abandonando o stock social, carecemos tamén de imaxes sucesivas do perfil deste stock, agás en casos concretos. Adicionalmente, os perfís das esperanzas de vida poden variar notabelmente por produtos e entre países. Todo isto foi problematizado por Forti et al. (2018):

> The life-time of EEE products could vary per product and country. [...] There is generally no official data collection for life-times by governments. However, several countries may have this information available through scientific literature or other studies performed in their country. (Forti et al., 2018)

Malia carecermos de estatísticas propiamente ditas, as investigadoras non renuncian a elaborar as súas recolleitas de datos e estimacións informadas, embora estas foren na maior parte dos casos relativas a observacións temporais isoladas. Neste apartado compilamos e avaliamos as evidencias empíricas sobre esperanzas de vida disponíbeis na literatura e presentamos e analizamos a información obtida a partir das nosas propias bases de datos. Entre os estudos analizados a caída nas esperanzas de vida ten sido atestemuñada por Bertling et al. (2014); Öko-Institut e.V. (2015; 2020); Wang et al. (2013) e Huisman et al. (2012), entre outros. Para alén destes estudos, dispomos de información para anos isolados en Hennies & Stamminger (2016); Cooper (2004); Cox et al. (2013); Wieser & Tröger (2018) e Tecchio et al. (2016).


A información relativa a cada estudo, incluíndo o tipo de produtos analizados, anos que abrangue, a metodoloxía empregada, o lugar no que se tomaron os datos, así como os resultados extraídos, figura en formato de táboa no anexo III. Anexo IV, por outro lado, recolle as estimacións de esperanzas de vida en Wang et al. (2013) e Forti et al. (2018), que constitúen un dos esforzos por sistematizar información sobre esperanzas de vida máis ambicioso até ao momento.


Os datos disponíbeis sobre esperanzas de vida nos anexos III e IV permítenos observar que a imaxe das esperanzas de vida é extremamente complexa. Moito máis do que as valoracións conceptuais ou as observacións anecdóticas poden facernos pensar. Os principais problemas que enfrentamos abranguen a disparidade metodolóxica, a disparidade espacial e a disparidade de produtos. Isto dificulta a proposición de corolarios xerais ou xenéricos sobre esperanza de vida e en consecuencia sobre a obsolescencia entendida como un acurtamento sistemático da esperanza de vida. As achegas deben ser feitas produto a produto e tendo en conta as potenciais flutuacións da esperanza de vida no curto prazo resultado de factores


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


exóxenos aos propios produtos. Outros factores distintos das condicións internas dos produtos contribúen a determinar as idades de descarte. Para ilustrar este extremo, recompilamos graficamente os datos de esperanzas medias de vida nos diferentes estudos para un número selecto de produtos e para varios anos consecutivos. Os resultados móstranse na figura 5-1.

Figura 5-1. Esperanzas de vida de lavadoras, refrixeradores, computadoras portátiles e teléfonos móbiles segundo varios dos estudos









Fonte: elaboración propia a partir de Bakker et al. (2014); Wang et al. (2013); Oguchi & Daigo (2017); Cooper (2014); Tasbirul Islam et al. (2020); Wieser & Tröger (2018); Forti et al. (2018); Hennies & Starmminger (2016); Öko-Institut (2020); Cox et al. (2013); Tecchio et al. (2016)

Os datos compilados mostran perfís históricos de descarte moi variados, onde é difícil observar tendencias consistentes de caída nas esperanzas de vida dos produtos. A xuntanza dos resultados variados nun mesmo gráfico permite mesmo observar potenciais aumentos nas esperanzas de vida, como pode ser o caso das lavadoras. Cómpre notar que estes estudos están feitos en distintos momentos, en distintos lugares e con distintas metodoloxías, o que debe ser tido en conta á hora de analizar os resultados. Con todo, a análise conxunta de estudos dispersos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

é un recurso empregado na literatura (véxase Öko-Institut, 2020) e nunca existiu un esforzo consistente de sistematización da información relativa a esperanzas de vida.


No caso de equipo eléctrico electrónico pesado, representado nos nosos gráficos por lavadoras e refrixeradores, observamos que as idades de descarte medias para lavadoras se manteñen estábeis no período observado entre estudos embora no caso de refrixeradores observamos un patrón de U invertido nos resultados. No caso de equipo eléctrico electrónico lixeiro, representado por dous produtos TIC, computadoras portátiles e teléfonos móbiles, que son para os que fomos capaces de xuntar suficientes observacións, constatamos que no caso das computadoras non podemos advertir unha tendencia clara de aumento ou caída e os datos no período se aglutinan entre os 5 e 6 anos de media no descarte. Teléfonos móbiles, por outro lado, mostra unha marcada caída da esperanza de vida entre 1995 e 2010, embora sexa necesario sinalar que a mudanza cualitativa nos teléfonos móbiles no período observado é tal que cualificaría para separalo en dúas categorías distintas: teléfonos móbiles por un lado e smartphones polo outro. Entre 2012 e 2018 os estudos mostran unha caída consistente nas esperanzas de vida, malia que o último dato disponíbel si mostra un aumento (Tasbirul Islam et al., 2020).

Algúns dos estudos incluídos nestes gráficos conteñen datos para momentos isolados, porén, outros dos estudos contemplados si recollen datos para algunha serie temporal, malia que pequena. Estes estudos empregan unha metodoloxía homoxénea que fai con que a súa análise individual sexa relevante.

Öko-Institut (2020) recolle datos para varios anos e varios produtos extraídos de enquisas aos consumidores en Alemaña (figura 5-2). Estes datos mostran unha tendencia decrecente nas idades de descarte entre o primeiro e o último período analizado, ao tempo que os datos de 2008 mostran un repunte, posibelmente relacionado coa crise económica, en calquera caso, cada produto ten un perfil único na súa evolución temporal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5-2. Idade media ao descarte para equipo eléctrico electrónico en Alemaña entre 2004 e 2012/2013



Fonte: Elaboración propia a partir de Öko-Institut (2020)


As enquisas mostran aumentos da esperanza de vida en 2008 para refrixeradores, lavadoras, conxeladores e fornos (electronic cookers), o que se pode relacionar coa crise económica. Outros produtos non mostran aumentos na esperanza de vida en 2008, é o caso de lavadoras, secadoras e frigoríficos, en cuxo caso a caída na esperanza de vida é continuada nos tres períodos. Lavalouzas, por outro lado, mostra en 2012/2013 un aumento na esperanza de vida respecto ao ano 2004, trátase do único dos produtos recollidos no que se observa esta situación. A nível agregado as enquisas constatan unha caída nas esperanzas de vida entre 2004 e 2012/2013 (véxase All LHAs, Large Household Appliances), malia que os perfiles das esperanzas de vida son variados por produto e mostran os efectos de factores exóxenos sobre a determinación das esperanzas de vida no curto prazo. Para alén do paso do tempo, outros factores inflúen sobre a determinación das esperanzas de vida e a decisión sobre a prolongación das mesmas.

Outras series de datos dispoñíbeis son as recollidas en Oguchi & Daigo (2017), a serie CAO (Consumer Confidence Survey) e a AEHA (Association for Electric Home Appliances), ambas recompiladas en Xapón. As tendencias de ambas series mostran marcadas oscilacións no curto prazo e cando consideradas no curto prazo mostran tendencias crecentes para algúns

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

produtos, decrecentes para outros e mesmo nalgún caso tendencias diverxentes entre ambas. A información dispoñíbel está recollida na seguinte figura.

Figura 5-3. Esperanzas de vida observadas e estimadas para algúns produtos en Xapón



Fonte: Oguchi & Daigo (2017)

No caso das refrixeradoras, as observacións da serie CAO mostran unha tendencia de longo prazo máis ou menos estábel. Observamos un incremento até ao 2000, ano en que tocou pico na media de descarte de 12 anos e a partir de aí cae e fica estábel no longo prazo, oscilando entre os 10 e os 11 anos de media no descarte. As observacións da AEHA, porén, mostran unha tendencia de longo prazo crecente no período onde a idade media no descarte pasa dos 14 aos 16 anos de media. No caso das lavadoras, por outro lado, a serie CAO volve mostrar unha tendencia de aumento até ao 2000, ano a partir do cal a idade media no decarte experimenta unha lixeira caída e se estabiliza entre os 8 e os 9 anos de media no descarte. A serie AEHA mostra unha tendencia igualmente estábel no período avaliado, mais contida entre os 11 e 12 anos, de novo por riba dos datos da serie CAO. Para ar acondicionado, a serie CAO mostra

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

incremento até aos 12 anos de media no descarte en 1995, seguido dunha aguda caída até aos 8 anos de media no descarte. A tendencia na esperanza de vida a partir de aí é crecente até recuperar os 12 anos de media en 2015. A serie AEHA, por outro lado, mostra unha tendencia crecente no periodo recollido paralela coa serie CAO, mais por cima do seu nível, partindo de 14 anos de media no descarte e culminando en 15 anos de media no descarte. No caso das televisións a serie CAO mostra unha tendencia crecente desde os 9 anos no descarte en 1990 até aos 10 anos en 2010, e a partir de aí mostra unha tendencia de caída até aos 8 anos de media no descarte. As observacións da serie AEHA, por outro lado, mostra valores medios estables no perído, mais de novo superiores aos da serie CAO, entre os 12 e os 13 anos de media no descarte. No caso de telemóbeis as únicas observacións directas son da CAO, que mostra unha tendencia crecente desde os 2 anos de meida no descarte até aos 4 anos de media no descarte no final do período. As distintas series mostran tendencias diverxentes no caso dos refrixeradores e televisores e para todos os produtos a serie AEHA mostra valores superiores aos da serie CAO de xeito consistente. Adicionalmente, ambas series tenden a mostrar oscilacións no curto prazo. Esta variación no curto prazo pode conferir unha imaxe distorsionada da evolución temporal cando as observacións non están o suficientemente espazadas.

Outra das series de datos históricos de que dispomos están recollidas en Wang et al. (2013) e Forti et al. (2018). As estimacións de esperanza de vida contidas nestes estudos son parte dun esforzo colectivo realizado ao amparo da Universidade de Nacións Unidas e representan o maior esforzo por recompilar e sistematizar perfiles de esperanza de vida a nível mundial, tanto polo alcance temporal (abranguen un perído de case 20 anos) como polo número de categorías recollidas. Estes perfiles, con todo, non foron calculados como parte dun esforzo para avaliar esperanzas de vida ou obsolescencia, senón que foron calculados como parte dun proxecto maior para elaborar modelos de prognose máis fiábeis sobre xeración de residuos de tipo eléctrico electrónico para Eurostat (Forti et al., 2023).

Wang et al. (2013) inclúe datos relativos aos anos 1995 e 2005, o que nos permite observar a evolución temporal. Os datos de Forti et al. (2018), por outro lado, están elaborados a partir dos datos do propio Wang et al. (2013); Wielenga et al. (2013); Magalini et al. (2012) e Huisman et al. (2012). O feito de empregar datos de Wang et al. (2013) nas estimacións implica unha certa redundancia. Respecto da asignación temporal, optamos por situar os datos de Forti et al. (2018) en 2013 dado que é o ano limite no que recolleron información, porén,

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estas estimacións están consideradas como representativas da situación actual e son as que se empregan para o cálculo de previsión de residuos eléctrico-electrónicos de Eurostat. Para alén do período relativamente longo que cubren estes estudos, tamén cubren un elevado número de categorías de produtos, o que nos permite visualizar a situación das esperanzas de vida ao longo do inventario de produtos dunha sociedade. As categorías empregadas nestes estudos, denominadas UNU-keys (Magalini et al., 2015), fan con que os estudos sexan comparábeis entre si. Para alén disto, as categorías empregadas compilan produtos cuxo perfil de esperanza de vida é similar entre si, de xeito que unha mesma categoría non agrupa produtos cuxas esperanzas de vida foren dispares. Polo rango temporal, o rango de produtos e a consistencia metodolóxica, xulgamos que estes estudos mostran os resultados máis fiábeis.

Os datos en Wang et al. (2013) e Forti et al. (2018) están recollidos nunha distribución de Weibull, que é unha distribución estatística empregada comunmente para crear perfiles de esperanza de vida, ao axustar mellor do que a distribución normal. Os parámetros que determinan a distribución de esperanza de vida de cada produto están recollidos no Anexo IV, así como a esperanza de vida media e mediana esperadas obtidas para cada produto a partir dos prámetros. Estes estudos recollen datos para tres momentos históricos: os anos 1995, 2005 e 2013. Entre 1995 e 2005 observamos que dúas categorías de produtos viron incrementada a súa esperanza de vida, entanto que 38 vírona diminuída, con tres categorías non mostrando variación, resultado da aplicación dos mesmos parámetros en ambos períodos. Entre 1995 e 2005, polo tanto, observamos unha clara tendencia de caída nas esperanzas de vida ao longo da batería de produtos contemplados. Entre 2005 e 2013 (lembramos, ano ao que asignamos os datos contidos en Forti et al., 2018) observamos que 15 categorías viron aumentada a súa esperanza de vida, entanto que 29 viron caer a súa esperanza de vida. A maior parte de produtos mostra unha redución na súa esperanza de vida entre 2005 e 2013, porén, 15 das categorías contempladas mostran un aumento respecto dos datos de 2005. Estes estudos, malia dispormos de datos para tres anos, están repartidos ao longo dun período de case 20 anos, o que nos permite observar as variacións das esperanzas de vida no longo prazo, limitando a influencia de flutuacións continxentes no curto prazo. En conxunto, entre 1995 e 2013 un total de 9 categorías viron aumentar as súas esperanzas de vida, ao tempo que as 34 categorías restantes viron caer a súa esperanza de vida. O aumento medio das esperanzas de vida para as 9 categorías de produto foi 12% mentres que a caída media das esperanzas de vida para as restantes categorías foi -11,8%. Con todo, as esperanzas de vida medias por categorías varían notabelmente. Os

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

datos das variacións entre períodos por grupo de produtos están contidos na táboa 5-1, que se mostra a seguir.

Táboa 5-1. Número de categorías de produtos cuxa esperanza de vida aumenta, diminúe ou non varía entre 1995, 2005 e 2013


	Entre o período 1995 e 2005	Entre o período 2005 e 2013	Entre o perído 1995 e 2013
Número de categorías de produtos cuxa esperanza de vida media aumentou	2	15	9
Número de categorías de produtos cuxa esperanza de vida media diminuiu	38	29	34
Número de categorías de produtos cuxa esperanza de vida media non cambiou	3	0	0

Fonte: elaboración propia a partir de Wang et al. (2013) e Forti et al. (2018)

Os datos mostran claramente unha tendencia xeralizada de caída na esperanza de vida co paso do tempo, mais tamén dá conta de novo de perfiles de vida complexos, e inestábeis no tempo, pois mostran notábeis flutuacións no curto prazo. A maioría de categorías de produto mostran un declive entre 1995 e 2013. Todo isto supón a necesidade de matizar os resultados por grupo de produto e obriga a notar que outros aspectos inflúen sobre a determinación das esperanzas de vida para alén de decaeren de forma continua co paso do tempo. Estes matices non poñen en cuestión, en calquera caso, a caída nas esperanzas de vida en termos xerais ou a existencia de procesos máis ou menos intencionais de obsolescencia dos produtos; mesmo cando tivermos en conta que algunhas categorías de produto mostran aumentos da esperanza de vida no período. O aumento das esperanzas de vida non é un fenómeno insólito e moitas categorías de produtos teñen mostrado tendencias crecentes. Un caso notábel é o dos vehículos de motor. Figura 5-4 mostra a evolución da idade media dos vehículos de motor en uso en Estados Unidos entre 1970 e 1999. O aumento da idade media dos automóbiles foi de 60% no período, entanto que a de camións foi de 9,6%.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5-4. Evolución da idade media dos vehículos de motor en Estados Unidos entre 1970 e 1999




Fonte: elaboración propia a partir de Ward's Communications, Ward's Motor Vehicle Facts and Figures 2001. (compiled from The Polk Company data) obtido en US Department of Transportation Federal Highway Administration (2022)

Europa non é un caso diferente. Os datos europeos mostran incrementos continuados na esperanza de vida media da frota de vehículos. A European Environmental Agency (2000, p.105) nota que entre 1980 e 1997 a idade media da frota de automóbiles pasou de 6,1 anos a 7 anos, un incremento de 14,8%. A partir dos datos da European Automobile Manufacturers' Association, podemos comprobar que a evolución da idade da flota en Europa seguiu un patrón parecido ao de Estados Unidos, como vemos na figura 5-5. Desde a primeira observación en 1980 até á última en 2022, a idade media da frota de vehículos máis do que duplicou.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5-5. Evolución da idade media da flota de automóbiles europea.



Fonte: elaboración propia a partir de European Environmental Agency (2000) e European Automobile Manufacturers' Association (2015; 2023)


Este perfil complexo respeito das esperanzas de vida dos produtos non só se observa en termos temporais, senón tamén xeográficos entre países. Países de renda elevada, en particular, mostran niveis de esperanza de vida superior a aqueles de países máis pobres ou en vías de desenvolvemento. Figura 5-6 recolle os gráficos de Cravioto et al. (2017), que relacionan o nível de renda nacional per cápita coa esperanza de vida constatada de ares acondicionados, computadoras e teléfonos móbiles para varios países asiáticos e americanos. Os resultados mostran perfiles complexos para cada produto, mais en xeral mostran unha tendencia aos países con renda máis elevada teren esperanzas de vida máis elevadas nos seus produtos, ou máis elevadas do que países de renda inferior. Estes resultados resultan paradoxais respecto da noción habitual no ámbito da investigación sobre obsolescencia da correlación negativa entre riqueza e tempo de uso. Cravioto et al. (2017) si que notan, porén, que dentro dun mesmo país cúmprese a correlación negativa entre renda e tempo de uso, pois os estratos da poboación con menor renda mostran unha tendencia xeral a usar os aplicativos por máis tempo.

Internacionalmente, con todo, observaron que a tendencia é a inversa, mostrando unha correlación positiva entre renda e tempo de uso. Cravioto et al. (2017) notan que estas diferenzas poden ser debidas a varios factores, que inclúen cultura, renda, rexión ou como de fundamental é o produto para o día a día, para alén da calidade dos produtos (países de renda elevada tenden a empregar por máis tempo lavadoras, ares acondicionados e refrixeradores). A

USC
UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

disponibilidade de recambios tamén pode influír, ao estaren os países ricos mellor posicionados nas redes de abastecemento internacionais. Desde o punto de vista metodolóxico, tampouco se nota se as esperanzas de vida refiren ao primeiro uso ou ao uso promedio que fan as familias, sen contar que no sur global é habitual o uso de produtos de segunda man. Outro dos factores que poden influír nestes resultados pode ter a ver co grao de penetración dos produtos nas sociedades en vías de desenvolvemento. Como mostra a táboa 5-2, extraída de Cravioto et al. (2017), o grao de penetración de determinados produtos en Vietnam era, aínda en 2013 limitada. Se só os estratos máis elevados da poboación adquiren os produtos entón os tempos promedio de uso poden ser inferiores.

Figura 5-6. Gráficos en Cravioto et al. (2017) relacionando o nível de renda nacional per cápita coa esperanza de vida ares acondicionados, computadoras e teléfonos móbiles.



Fonte: Cravioto et al. (2017)

Táboa 5-2. Grao de penetración de televisores, refrixeradores, lavadoras e ares acondicionados en Vietnam en 2007 e 2013.

		Televisións	Refrixeradores	Lavadoras	Ares acondicionados
2007	Esperanza de vida (anos)	10	9	9	15
	Penetración mercado (%)	86,8	31,5	13,1	4,4
2013	Esperanza de vida (anos)	7	7	8	10
	Penetración mercado (%)	90,1	53,9	23,6	10,8

Fonte: Cravioto et al. (2017)

As observacións empíricas sobre a obsolescencia, ou mellor dito, sobre as esperanzas de vida dos produtos, mostran unha grande complexidade, tanto en termos temporais como en termos espaciais. Isto supón, en primeiro lugar, a dificultade de xeneralizar sobre as esperanzas de vida, así como a necesidade de especificar e contextualizar á hora de falar de esperanzas de vida. Notabelmente, as constatacións empíricas sobre esperanzas de vida obrigan a matizar a nosa percepción sobre a obsolescencia, particularmente a noción de que o declive das esperanzas de vida é produto do paso do tempo, cando en realidade outros factores inflúen na determinación das esperanzas de vida. Para matizar os resultados obtidos a partir da compilación e análise de datos de fontes secundarios empregamos datos de esperanzas de vida compilados nun estudo de caso a partir do inventario da Universidade de Santiago de Compostela.

5.2. OBSOLESCENCIA, AS CAUSAS DE DESCARTE


O outro medio para avaliarmos empiricamente a obsolescencia é pola vía de examinar as causas de descarte. Os obxectos son estudados, ou os consumidores consultados, respecto das causas que levaron ao seu descarte. O estudo das causas de obsolescencia non nos permite identificar, normalmente, a idade a que os produtos foron descartados ou, en calquera caso, non nos permite avaliar se a esperanza de vida efectivamente sufriu declive. O obxectivo de avaliar as causas de descarte é identificar patróns que nos permitan observar obsolescencia en acción, especificamente os distintos vectores de obsolescencia. Os estudos sobre causas de descarte a miúdo son feitos pola vía das enquisas directas aos consumidores e a respeito de produtos concretos, de novo, isto dificulta xeneralizar as conclusións ou os resultados, mais oferecen unha imaxe sobre os procesos de obsolescencia. O listado de papers, traballos e relatorios que abordan as causas de descarte están recollidos no anexo V, os resultados específicos de Öko-Institut (2020), pola súa parte, están recollidos no anexo VI debido á súa extensión.

Como xa sinalamos no estudo conceptual da obsolescencia, existen múltiples vectores de obsolescencia que actúan sobre un produto simultaneamente, a avaliación das causas de

descarte pode relacionarse con algún ou varios destes vectores simultaneamente. Os estudos acostuman focarse nalgunha forma concreta de obsolescencia ou, os máis ambiciosos, abordaren os distintos vectores de obsolescencia en acción.

Sobre obsolescencia en tanto a funcionalidade, Makov & Fitzpatrick (2021) argumentan que desde o punto de vista do rendemento os smartphones de Apple mostran unha grande robustez, conclusión á que chegan analizando os datos semanais de rendemento compilados por Geekbench 4. Estes testes mostran estabilidade no rendemento no tempo, salvando excepcións entorno do coñecido como batterygate, que está relacionado co deterioro de baterías resultado de certas actualizacións de software.

Figura 5-7. Rendemento dos distintos modelos de iPhone de acordo a testes realizados semanalmente.



Fonte: Makov & Fitzpatrick (2021)

Este estudo pon de manifesto o sólidos que poden chegar a ser os bens e malia que denota que para cada modelo concreto non ten lugar un deterioro co paso do tempo, non exclúe outras formas de obsolescencia funcional, particularmente se tivermos en conta que Apple é notorio no uso de estratexias de obsolescencia programada. Barros & Dimla (2021) notan o uso de mecanismos de obsolescencia sobre o hardware (uso de pezas, componentes e ferramentas do fabricante orixinal; colado de componentes; montaxes complexas...) e firmware (imposibilidade de usar pezas e componentes distintas das orixinais, actualizacións obrigatorias de software...). Todo isto para alén de outras formas de obsolescencia funcional, como a

aparición continua de novas funcionalidades, desde cámaras a actualizacións de sistema operativa, entanto que Apple se caracteriza por adoptar opcións máis agresivas, como a de cambiar os tipos de conectores e apostar por conexións inalámbricas para os accesorios. Trátase de innovacións incrementais relacionadas coa saída continua de novos modelos. Estas estratexias entorno da obsolescencia funcional poden explicar outra das observacións de Makov & Fitzpatrick (2021) que é o declive no interese por reparar que observaron a través do número de visitas as páxinas dedicadas a ese fin na plataforma iFixit. Así, non é o deterioro de funcionalidades dos produtos per se o principal motor da obsolescencia no caso dos iPhones, mais outras formas de obsolescencia funcional que afectan á saída de novos produtos e ao xeito en que incorporan as distintas innovacións.

Seguindo coa obsolescencia pola vía da funcionalidade, Öko-Institut (2020) identifican múltiples vectores, algúns deles específicos para cada produto (ver anexo VI). Sobre televisións notan a mellora continua na calidade, o que supón mudanzas continuas sobre o hardware. O aumento nas funcinalidades tamén supón unha maior presión sobre o software, que cada vez se torna máis pesado e máis complexo, o que de novo obriga a mudar o hardware, mais que tamén torna as novas televisións dependentes de actualizacións de software. Computadoras tamén experimentan obsolescencia pola vía do software, o que inclúe drivers e a inhabilidade do hardware para traballar con novas versións de aplicativos e sistemas operativos. Impresoras, tamén están suxeitas a obsolescencia pola vía do software, xa que novos sistemas operativos requiren da actualización dos drivers pertinentes. Sobre lavadoras en Öko-Institut (2020) notan que a eficiencia é un vector importante, desde 1975 a eficiencia no consumo de auga mellorou aproximadamente 70% en tanto que eficiencia en consumo de enerxía mellorou 75%.

A análise conducida por Tecchio et al. (2016), tamén oferece unha imaxe pormenorizada do proceso de obsolescencia. Este estudo, realizado a partir da base de datos elaborada por R.U.S.Z. en Austria está baseada no resultado de 11.144 reparacións de lavadoras e lavalouzas. Trátase polo tanto dun estudo extenso en canto a mostra mais limitado a dúas categorías de produto. Este estudo mostra que os componentes electrónicos constitúen a falla máis común en lavadoras e a segunda falla máis común en lavalouzas. Para alén de constituíren unha das fallas máis habituais tamén son aquelas cunha probabilidade menor de seren reparadas, 51,2% de fallas nos componentes electrónicos non foron reparados no caso das lavadoras e 56,1% no caso dos lavalouzas. Componentes electrónicos é unha innovación de tipo funcional que constitúe un poderoso vector de obsolescencia, ao tornar procesos mecánicos susceptíbeis a formas de

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

obsolescencia propias de elementos electrónicos (placas), cuxa vulnerabilidade examinaremos ao falarmos de obsolescencia de tipo material.

En materia de funcionalidade, encontrámonos con melloras tecnolóxicas, mais tamén coa incorporación de innovacións incrementais que engaden complexidade e crean novas necesidades, para alén de novas vulnerabilidades. Os cambios tecnolóxicos demandan cambios sobre o hardware. A incorporación de novas funcionalidades pode diminuir o rendemento dos produtos, caso hardware obsoleto non for capaz de soportalas; mais tamén vai crear presión sobre os consumidores para cambiaren os seus produtos na busca da novidade. A incorporación destas novas funcionalidades vai acompañada dunha dependencia de software complexo e cuxa viabilidade a futuro está sometida a actualizacións e soporte proporcionado polo fabricante. A incorporación de componentes electrónicos en produtos de tipo maduro, como lavalouzas ou lavadoras, por outro lado, engade unha vulnerabilidade adicional resultado de adicionar outro elo feble ao deseño, tornándoo susceptíbel das formas de obsolescencia propias da electrónica.

Todo isto crea unha imaxe multidimensional da obsolescencia pola vía da funcionalidade que envolve non só o potencial deterioro do rendemento dos produtos, mais tamén a actualización continuada e a incorporación de novos elementos tecnolóxicos sobre o deseño. Isto pode crear, nalgúns casos, melloras tanxíbeis e substanciais, mais tamén crea novas vulnerabilidades pola vía da dependencia de software e da dependencia de componentes electrónicos. Eis que interpretar obsolescencia atendendo só aos produtos individuais, como fan Makov & Fitzpatrick (2021), sexa insuficiente para capturar a complexidade da obsolescencia funcional: non só afecta aos produtos concretos, senón as interaccións entre eles e á propia filosofía detrás da aparición de novos produtos e das innovacións mesmas.

Obsolescencia pola vía material, por outro lado, é unha das formas de obsolescencia máis populares. Implica aspectos relacionados coa calidade dos materiais, mais tamén o deseño, as decisións de ensamblado ou a robustez. A análise específica proporcionada en Öko-Institut (2020) a partir de múltiples fontes, dá conta da variedade de fallas, así como da necesidade de afondar en especificidades técnicas. En materia de obsolescencia material de televisores, Öko-Institut (2020) apunta en trazos xerais á vulnerabilidade do software frente ao hardware, para alén da dificultade de reparar, tanto en servizo como en custos (extremo que comprobamos ao ver que unha porcentaxe pequena dos reparadores entrevistados reparan televisores, capítulo 7). En termos específicos, un dos principais problemas radica na vulnerabilidade dos capacitadores da placa base, xunto co sistema de alimentación e o monitor, sendo menos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

habituais a falla de botóns, conectores, placa base ou altofalantes. O caso dos capacitadores é unha vulnerabilidade habitual en equipo eléctrico-electrónico que os reparadores que entrevistamos atallan con frecuencia (ver capítulo 7). Trátase dunha forma de reparar barata en canto a recursos necesarios, mais demandante en información necesaria, habilidade e tempo, caso a placa deba ser analizada polo miúdo. Esta vulnerabilidade acentúase perante insuficiente robustez da electrónica. As fallas nos nodos da placa é unha forma de obsolescencia sobre a que se pode chegar a programar, tal e como apuntan Zhao et al. (2021), que propoñen unha estratexia de obsolescencia programada que sobrecargue certos nodos clave da base a partir do punto no que expira a garantía, acelerando o deterioro e aumentando a posibilidade dun fallo catastrófico unha vez o fabricante está exento de responsabilidade.

No caso de smartphones, a principal reparación que se leva a cabo é o cambio da batería (o que non quere dicir que sexa a principal fonte de avarías). Estes datos proceden da páxina de iFixit, que se ocupa da reparación (Öko-Institut, 2020). En 2013 a porcentaxe de smartphones con baterías integradas era de 36%. Para alén das baterías tamén tenden a fallar monitores, botóns e cámaras.

Computadoras de mesa, por outro lado, mostran en xeral unha dificultade adicional para reparar por causa da inaccesibilidade resultado das escollas de ensamblado. Os expertos consultados por Öko-Institut (2020) apuntan a fallas habituais na memoria, na tarxeta gráfica, no hard drive e na batería, con menos frecuencia fallan a alimentación, placa, monitor ou a carcasa. Entre aqueles elementos que fallan con menos frecuencia encontramos os elementos periféricos (USB, ethernet...). Encontran que entre as principais causas de avaría están problemas de temperatura que deterioran os componentes e o desgaste mecánico. Trátase en moitos casos de problemas irreparábeis debido á falta de recambios ou debido ao custo en termos de horas necesarias. A susceptibilidade de reparar depende en grande medida do fabricante concreto. Entre as causas de vulnerabilidade sinalan a susceptibilidade dos deseños ao sobrequencemento, así como o uso de conectores de plástico vulnerábeis á calor.

Computadoras de mesa mostran vulnerabilidades diferentes do que computadoras portátiles. En termos xerais é máis fácil reparalos e actualizalos, o que tamén fai con que o prezo da súa reparación sexa inferior (extremo que confirmamos nos nosos cuestionarios, capítulo 7). Entre os elementos con maior propensión a fallar encontramos a memoria, a alimentación e o hard drive, embora procesador, tarxeta gráfica e os componentes periféricos teñen menor tendencia a fallar. Malia que o sobrequencemento pode ser un problema,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


computadoras de mesa adoecen menos deste problema, para alén de tenderen a ser máis modulares.

Impresoras, por outro lado, representan un caso paradigmático de obsolescencia programada. Os inxectores de tinta e a electrónica son os elementos que máis acostuman a fallar, porén, o principal vector de obsolescencia nas impresoras son os consumíbeis, segundo Öko-Institut (2020). Para alén dos episodios de obsolescencia inducida por chip após un certo número de horas documentado en investigacións de prensa, nótanse problemas habituais cos conectores, susceptíbeis de picos eléctricos e de temperatura. Os inxectores de tinta tamén tenden a obstruírse, e a súa reparación tende a ser custosa por mor de estaren integrados. Os componentes electrónicos tamén tenden a fallar. Con todo, son os consumíbeis o principal vector de obsolescencia: xa que non é a máquina per se cara, senón os consumíbeis, segundo os prezos dos cartuchos de tinta soben aumenta a tendencia a substituír o vello modelo por un máis moderno.

O estudo pormenorizado de Tecchio et al. (2016) sobre as causas de descarte mostra a predisposición a fallar dos distintos componentes (figura 5-8). Para as lavadoras, a obsolescencia material radica sobre todo nos componentes electrónicos, cuxa incorporación constitúe, a maiores, unha innovación de tipo funcional. A miniaturización acentúa o problema e dificulta a reparación. Alimentación tamén adoita producir problemas. Os componentes de tipo electrónico mostran ser unha fonte de vulnerabilidade especial para as lavadoras, alén de non seren reparados na maioría dos casos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5-8. Fallas detectadas en lavadoras segundo módulo defectuoso




Fonte: Tecchio et al. (2016)

Os componentes do tambor, amortiguadores e rodamentos, tenden a avariarse con bastante frecuencia, así como as portas. As fallas máis comúns tenden a ser tamén as que se reparan con menos frecuencia. Na figura 5-9, por outro lado, observamos aquelas avarías nas que o problema procede dun único módulo. Este gráfico mostra cales son os componentes que tenden a fallar de xeito isolado e cales son as causas polas que non se reparan. Componentes electrónicos tenden a fallar maioritariamente de xeito isolado. Entre as razóns polas que nas avarías onde só falla un componente non foron reparadas, apúntase á escolla dos consumidores como a principal. Debemos ter en conta que multitude de factores poden levar a un consumidor a non desexar reparar un produto. Se tivermos en conta os prezos, o custo dunha reparación non debe exceder o prezo dun produto novo para ser considerado non economicamente viábel. No xeral, a propensión a reparar diminúe cando o prezo dunha reparación supera o 20% do prezo dun produto novo. Os resultados na figura 5-9 mostran, adicionalmente, a propensión aos componentes electrónicos fallaren de xeito isolado, o que confirma o papel dos componentes electrónicos como elemento vulnerábel fundamental nos deseños das lavadoras.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5-9. Avarías que non se reparan nas que falla un único módulo




Fonte: Tecchio et al. (2016)

Os datos de Tecchio et al. (2016) abranguen tamén lavalouzas, datos que podemos ver na figura 5-10. Os datos das avarías mostran como tamén nos lavalouzas componentes electrónicos é unha das principais vulnerabilidades. Se ben son as bombas de auga as que fallan con máis frecuencia, estas son reparadas na maioría dos casos, extremo que non se dá cos componentes electrónicos. O resto de elementos tenden a fallar con menos frecuencia e mostran maior propensión a seren reparados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5-10. Fallas detectadas en lavalouzas segundo módulo defectuoso




Fonte: Tecchio et al. (2016)

Seguindo o mesmo esquema que nas lavadoras, podemos ver para aquelas avarías que non foron reparadas e nas que o fallo procedeu dun único módulo, cales son os módulos que máis tenden a fallar de xeito isolado e cales son as causas polas que non son reparadas. Figura 5-11 mostra que aqueles componentes que máis tenden a fallar de xeito isolado son as bombas de auga e de novo, tamén os componentes electrónicos. As causas que poden levar ao descarte son variadas e en ocasións unha reparación pode non ser considerada factíbel a pesar de o prezo da mesma ser inferior ao dun produto novo. Múltiples factores determinan a conveniencia de reparar ou non e a valoración que fan os consumidores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5-11. Avarías que non se reparan nas que falla un único módulo



Fonte: Tecchio et al. (2016)

Os datos compilados por Tecchio et al. (2016) mostran que a electrónica tende a fallar, o que constitúe unha debilidade para os produtos, mais tamén mostra como está entre os módulos que menos se reparan. Tanto no caso de lavalouzas como de lavadoras, produtos maduros tecnoloxicamente, cun elevado grao de penetración e de funcionamento mecánico, a función dos componentes electrónicos é a de control do aparello. Se temos en conta que as motivacións para substituír estes produtos raras veces teñen a ver coa mellora funcional, a introdución de módulos electrónicos engade unha vulnerabilidade adicional a este tipo de produtos sen proporcionar unha mellora funcional substancial, dado que os servizos destes produtos son de tipo mecánico. A incorporación de módulos electrónicos incorpora unha vulnerabilidade desnecesaria para a realización da función dos obxectos.

Para alén da análise da obsolescencia material, distinguimos unha última forma de obsolescencia que é referida como obsolescencia psicolóxica e que é unha forma de obsolescencia na mente do consumidor. Obsolescencia psicolóxica, tradicionalmente asociada a modas, cambios nos gustos ou apetencia pola novidade (Packard, 1960), hoxe é vista de xeito máis pormenorizado e máis maduro. Obsolescencia na mente do consumidor non é só resultado do desexo por algo novo, senón da avaliación máis ou menos informada e do cálculo tanto de custo como de conveniencia ou de viabilidade que o consumidor fai respecto dos seus produtos cando enfrentado pola dicotomía respecto de reparar ou non (Svensson-Hoglund et al., 2023).

USC DE COMPOSTELA

As distintas formas de obsolescencia, malia que presentadas en categorías estancas (o que é útil desde o punto de vista analítico e para a xeración de coñecemento) non actúan sobre os produtos de xeito isolado. Múltiples factores inflúen simultaneamente no proceso de obsolescencia Proske et al. (2016) e é o consumidor en última instancia o que avalía estes factores e adopta unha decisión sobre o produto. Esta actitude proactiva do consumidor é recollida na clasificación francesa dos vectores de obsolescencia, que enfatizan o papel do consumidor, así obsolescencia indirecta refere a decisión do consumidor en base a prezos relativos de reparación; obsolescencia evolutiva é resultado das preferencias, mais tamén do empeoramento nas funcionalidades comparado con outras alternativas; e só obsolescencia funcional é considerada como fora do control do consumidor, resultado de incompatibilidades de software, falta de consumíbeis, lexislación ou unha arquitectura económica que xa non é capaz de soportar certos produtos (como o caso dunha máquina menos eficiente do que a dos competidores).

Os estudos sobre a mentalidade dos consumidores en relación cos seus produtos reflicten precisamente o sopesamento das variábeis que afectan ao proceso de obsolescencia. Hennies & Stamminger (2016), observan que das causas que levaron ao descarte dos produtos, os consumidores apuntan maioritariamente a algunha avaría. Insatisfacción co produto anterior quer por gusto persoal quer por funcionalidade é unha causa minoritaria para mudar de produto salvando en dúas categorías: computadoras portátiles e televisores, produtos respecto dos cales cabe marxe de mellora funcional. Eficiencia, por outro lado, só é indicada como causa de descarte por 10% dos consultados respecto das súas lavadoras, no resto de produtos non inflúe.

Respecto de computadoras móviles, Wieser & Tröger (2018) sinalan como causa principal de descarte algunha avaría, porén, causas de descarte de tipo funcional (mellora cualitativa, melloras nas funcionalidades, mellora no rendemento…) suman conxuntamente máis do que as fallas materiais ou as avarías, a pesar de que na enquisa as distintas causas de obsolescencia funcional estaban repartidas en múltiples categorías. Tasbirul Islam et al. (2023), de novo, apuntan á obsolescencia funcional como primeira causa de descarte, malia que tamén a separan en varias categorías distintas: ‘menor rendemento e capacidade do telemóbel vello’ e ‘desexo de novas funcionalidades’, ambas causas son, no fondo, as dúas caras da mesma moeda e representan 50% das causas de descarte. Avarías materiais, por outro lado, foron a causa de descarte para 34% dos enquisados, e só 16% argumentaron algunha causa distinta. Nesta liña,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Öko-Institut (2020) notan que 48% dos usuarios anticipan usar o seu telemóbel durante 2 anos ou menos.

Como mencionamos, a percepción da obsolescencia psicolóxico evoluíu desde as súas orixes, deixou de se considerar simplesmente apetencia polo cambio e pasou a incorporar decisións máis ou menos informadas sobre os produtos onde factorizan todos os outros tipos de obsolescencia, a material e a funcional. Que variante de obsolescencia influirá máis sobre a psicolóxica dependerá do tipo de produto. Os estudos mostran como en produtos de tipo eléctrico electrónico, en concreto equipo informático, onde existe marxe de mellora funcional, obsolescencia funcional é un factor definitivo sobre a percepción de obsolescencia dos consumidores (Wieser & Tröger, 2018; Tasbirul Islam et al., 2023). No caso de equipo eléctrico electrónico maduro, é o caso de electrodomésticos pesados, entón serán factores de obsolescencia material os que pesen máis sobre a toma de decisión dos consumidores (Hennies & Stamminger, 2016).

Unha análise das causas de descarte de electrodomésticos pesados figura na táboa 5-3 extraída de Öko-Institut (2015). Os datos mostran as causas de descarte identificadas polos consumidores de entre tres opción posíbeis: colapsou por mor dunha falla técnica, fallaba ocasionalmente ou funcionaba peor do que debía, ou se desexaban un produto novo, o que non necesariamente significa que o desexasen por moda, senón por funcionalidade (p.e. por eficiencia). Os resultados mostran que no caso de electrodomésticos pesados as causas de descarte tenden a ser de tipo material. A funcionalidade pesa relativamente menos nestes produtos, con algunha excepción, como é o caso dos refrixeradores ou das vitrocerámicas, o que pode estar relacionado con eficiencia no uso ou no consumo eléctrico. En termos de desexo dun produto novo, o que observamos é que a porcentaxe de respondentes que argumentaron este motivo para descartar o seu produto aumentou no período, o que pode estar relacionado coa crise económica, que provocou un aumento nas esperanzas de vida dos produtos, resultado dos consumidores aferrárense aos seus produtos nun contexto de incerteza económica, o que de cara a 2012/2013 provocou que aumentase o desexo dun produto mellor como causa de descarte.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5-3. Causas de descarte de electrodomésticos pesados identificadas en Alemaña entre 2004 e 2012

Produtos	Anos	N	Electrodoméstico vello sofreu un defecto	Fallaba ocasionalmente ou funcionaba peor	Os propietarios desexaban un produto novo
Lavadoras	2004	882	74%	16%	10%
	2008	1077	75%	15%	10%
	2012*	1600	76%	11%	13%
Secadoras	2004	181	71%	17%	12%
	2008	257	75%	9%	16%
	2012*	353	68%	13%	19%
Lavalouzas	2004	394	68%	14%	18%
	2008	564	74%	15%	11%
	2012*	960	64%	12%	24%
Refrixeradores	2004	567	46%	16%	38%
	2008	689	47%	17%	35%
	2012*	1381	42%	15%	43%
Vitrocerámicas	2004	452	33%	24%	43%
	2008	442	45%	22%	33%
	2012*	951	37%	20%	43%

*Notamos que o ano 2012 fai en realidade referencia aos anos 2012/2013

Fonte: Elaboración propia a partir de Öko-Institut (2015)

O estudo das causas de obsolescencia mostra, de novo, un perfil complexo. Cada forma de obsolescencia afecta de xeito diferente a cada tipo de produto, alén de os distintos tipos de obsolescencia sobrepórense entre si e interaccionaren uns sobre os outros. Así, observamos como a introdución de componentes electrónicos en equipo de tipo historicamente mecánico, o que se pode considerar unha innovación funcional, supón unha vulnerabilidade adicional pola vía material (Tecchio et al., 2016). No equipo de tipo informático, onde melloras funcionais tanxíbeis se acumulan co tempo, os factores que inflúen sobre a percepción da obsolescencia están relacionados coa perda de rendemento comparado con produtos máis recentes e co desexo ou a necesidade de se manter ao día coas novas funcionalidades (Wieser & Tröger, 2018; Tasbirul-Islam et al., 2023). A maior dependencia de software crea presión adicional sobre os componentes eléctricos e electrónicos, engadindo outro vector de vulnerabilidade. Obsérvase a dependencia cada vez maior de paquetes de software cada vez máis pesados e máis complexos, cuxa viabilidade depende moitas veces da actualización continua. A falta de soporte software xunto coa perda de conectividade resultado de actualizacións incrementais contribúe á percepción de obselescencia aínda cando os produtos continúan a funcionar de acordo coas especificacións orixinais. Polo lado da obsolescencia material máis estrita, o que observamos é

unha tendencia cara a deseños difíceis de reparar e componentes vulnerábeis a subas de temperatura ou picos eléctricos; xunto con outras achegas máis insidiosas, como a da obsolescencia pola vía dos prezos dos consumíbeis. A obsolescencia psicolóxica, por outro lado, obriga a recoñecer a variedade de vectores que inflúen sobre a obsolescencia e permítenos identificar o seu peso sobre a percepción do consumidor que varía notabelmente en función do tipo de produto, sendo obsolescencia material a principal causa de descarte en produtos maduros e obsolescencia funcional a principal causa de descarte en produtos tecnolóxicos con marxe de mellora.

Xulgamos que a nosa análise sobre a obsolescencia contribúe ao debate sobre sustentabilidade de xeito determinante. Dunha parte, do punto de vista teórico recollemos achegas diversas sobre a categorización da obsolescencia, notando, especialmente os últimos desenvolvementos conceptuais, que falan das distintas formas de obsolescencia como vectores que inflúen simultaneamente sobre os produtos contribuíndo á súa obsolescencia. En última instancia son os consumidores que ponderan no mellor das súas capacidades os distintos factores e toman unha decisión sobre o descarte ou a reparación. A nosa análise das causas de descarte mostrou que as distintas formas de obsolescencia actúan sobre os distintos tipos de produtos de xeito distinto, con factores de tipo material pesando máis á hora de descartar en produtos de tipo maduro e factores de tipo funcional pesando máis en produtos de tipo informático, isto a pesar da tendencia á obsolescencia funcional integrarse en cada vez máis categorías de produtos pola vía da electrónica e o software. Adicionalmente, a nosa investigación mostra que as distintas formas de obsolescencia non só actúan simultaneamente sobre os produtos, influíndo sobre a obsolescencia en maior ou menor grao, senón que as distintas formas de obsolescencia crean sinerxías entre si, as máis das veces reforzándose mutuamente para, en última instancia, influír na percepción de obsolescencia dos consumidores.

En termos das esperanzas de vida dos produtos, un tópico comunmente asociado coa problemática da obsolescencia, o que a nosa investigación mostra é que malia que en termos xerais podemos falar dunha tendencia ao declive nas esperanzas de vida dos produtos no longo prazo, a realidade das esperanzas de vida son máis complexas do que inicialmente podíamos pensar. A maioría de categorías de produtos mostran oscilacións nas esperanzas de vida no curto prazo, e algunhas categorías (as menos) viron aumentar a súa esperanza de vida no longo prazo. O aumento da esperanza de vida dos produtos non é un fenómeno inédito e en absoluto

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

permite cuestionar a existencia dun fenómeno de obsolescencia, en particular se temos en conta que as esperanzas de vida tenden a ser aínda inferiores ao que debería ser o seu óptimo do punto de vista ambiental (Bakker et al., 2016). O aumento da esperanza de vida nalgúns produtos pode estar relacionado cunha certa moderación da cultura do consumismo, particularmente agresiva no período de posguerra (Packard, 1960; Krebs & Hoppenheit, 2022). A nosa investigación permite confirmar que en termos xerais os produtos viron diminuír as súas esperanzas de vida, embora sexa necesario matizar os resultados por produtos, por momento histórico ou incluso por país.

5.3. Estudo de caso. A esperanza de vida do equipamento informático na Universidade.

Unha vez revisados e compilados datos secundarios procedentes doutras fontes, procedemos a analizar as esperanzas de vida de dúas categorías: computadoras e impresoras, utilizando para iso un estudo de caso concreto: os datos inventariais da Universidade de Santiago de Compostela. Esta análise serve para aproximármonos á problemática das esperanzas de vida, axudar a matizar os resultados obtidos a partir do tratamento de información recompilada doutras fontes de información e salvar a deficiencia estrucutral que existe respecto dos datos de esperanza de vida dos produtos. Para este fin recompilamos información a partir do inventario de equipamento informático dunha institución de ensino superior, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), durante un período que abrangue inicialmente as tres décadas comprendidas entre 1990 e 2022. As información recollida procedente do inventario da USC está centrada nos equipamentos informáticos e impresoras, para os que figura ano de alta e ano de baixa no inventario de patrimonio da institución. Deste inventario podemos obter información sobre esperanzas de vida dos produtos, embora a calidade da mesma non sexa óptima debido a deficiencias existentes no rexistro principalmente das saídas. Unha primeira tarefa pasa pola depuración dos datos. O número total de entradas de que dispomos móstrase na seguinte táboa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5-4. Número de entradas e saídas do inventario da Universidade de Santiago de Compostela por ano

	Computadoras		Impresoras	
	Número de adquisicións que contan con data de saída do inventario	Número de saídas	Número de adquisicións que contan con data de saída do inventario	Número de saídas
1990	1058	0	784	0
1991	237	0	168	0
1992	249	0	139	0
1993	366	0	192	0
1994	827	0	499	0
1995	629	0	364	0
1996	123	0	66	0
1997	174	37	100	7
1998	185	125	69	75
1999	151	7	84	5
2000	264	82	71	26
2001	205	41	69	22
2002	278	69	78	29
2003	187	67	80	41
2004	202	145	78	69
2005	121	275	56	88
2006	180	196	46	110
2007	176	239	40	98
2008	144	272	34	88
2009	57	130	31	84
2010	29	204	17	70
2011	29	2771	14	1802
2012	27	82	9	46
2013	20	105	6	54
2014	13	113	9	53
2015	9	103	4	47
2016	122	147	82	69
2017	5	160	3	54
2018	1	225	0	76
2019	0	127	0	57
2020	0	94	0	40
2021	1	149	0	43
2022	0	104	0	39
N	6069	6069	3192	3192


Fonte: elaboración propia a partir do inventario da USC


A táboa mostra un resumo das entradas para as que dispomos dunha data de saída e as saídas rexistradas por ano. Os datos máis significativos corresponden ao ano 2011, que mostra 45,6% e 56,4% do total de saídas do inventario de computadoras e de impresoras,

respectivamente. Un exame dos datos de saídas rexistradas neste ano mostra que a maior parte das mesmas corresponde a entradas realizadas entre 1990 e 1995. Trátase, polo tanto, dunha distorsión anómala provocada pola regularización de inventario. Os gráficos da figura 5-6 mostran en que anos foron adquiridos os bens descartados en 2011; máis de 95% dos descartes do ano corresponden a adquisicións realizadas entre 1990 e 1995, o que confirma que se trata dun ano de regularización. A efectos do estudo das esperanzas de vida, polo tanto, descartamos as adquisicións realizadas entre 1990 e 1995 como válidas para o noso cálculo. Outro problema semellante encóntrase nos últimos anos da serie. A partir de 2014 no caso de computadoras e 2011 no caso de impresoras o número de entradas para as que dispomos de data de saída redúcese considerabelmente. É un dato en boa medida xustificable por ser produtos que nunha grande parte continúan aínda en uso e pode verse influído tamén pola existencia dun proceso de acumulación de bens previo ao seu descarte; tampouco é descartábel a incidencia dunha posíbel falta de rigor no rexistro das saídas. Tomaremos para o noso cálculo, polo tanto, aqueles anos para os que dispomos dun número de entradas significativo.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5-12. Ano de entrada dos bens cuxas saídas foron rexistradas en 2011






Fonte: elaboración propia a partir do inventario da USC

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha vez depurados os datos procedemos a analizar graficamente os resultados, tanto para computadoras como para impresoras. As esperanzas de vida segundo ano de adquisición móstranse nas seguintes figuras. No caso das computadoras observamos múltiples tendencias no curto prazo. A esperanza de vida media dos produtos cae entre 1996 e 2001 e aumentan entre 2001 e 2007. Cumpre notar que as adquisicións feitas nese período foron utilizadas e descartadas nos anos posteriores á crise e durante a recesión, o que pode explicar o aumento da esperanza de vida. De feito, a media de idade no descarte nos anos de recesión experimentarou un aumento, o que denota que os bens, mesmo ao se tratar dunha institución pública, foron retidos durante máis tempo, resultado do axuste orzamentario relacionado coa crise económica. A partir de 2007 as esperanzas de vida volven caer.

Figura 5-13. Esperanza de vida das computadoras segundo ano de adquisición




Fonte: elaboración propia a partir de inventario da USC

No caso das impresoras, porén, a seguinte figura denota que a esperanza de vida media no ano de adquisición non deixou de caer para o período de que dispomos de datos, pasando de esperanzas de vida medias en 1996 de 12 anos a esperanzas de vida medias en 2011 de 6 anos. Destaca, ao igual que para computadoras, o período comprendido entre 2003 e 2008, onde a tendencia pasou a estabilizarse e mesmo aumentar lixeiramente. Trátase de impresoras, as adquiridas nestes anos, que foron utilizadas e descartadas durante os anos de recesión e polo tanto son bens cuxo uso debeu ser prolongado debido á presión orzamentar experimentada a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

partir de 2008. Nos anos finais da serie retómase a tendencia de caída. Os bens adquiridos neste período foron descartados após pasada a presión orzamentar máis dura.

Figura 5-14. Esperanza de vida das impresoras segundo ano de adquisición



Fonte: elaboración propia a partir de inventario da USC

O exame da información seleccionada permite aproximarse á realidade da evolución dos anos de vida útil dos equipamentos electrónicos, neste caso centrados especificamente en dous deles, computadoras e impresoras. Obviamente, a natureza e calidade da información de base manexada obriga a ser cautelosos á hora de extraer conclusións sobre a duración e a obsolescencia deses equipamentos.

A principal vantaxe de utilizar os inventarios das institucións públicas é que oferecen unha mostra de gran tamaño e, potencialmente, criterios de recollida da información coherentes para períodos de tempo prolongados. Con todo, os resultados obtidos a partir da análise destes inventarios deben ser tidos en conta con reservas, en particular porque é posible que unha parte dos aparatos sexan dados de baixa con retardo, ofrecendo unha imaxe de maior duración de uso rexistral que a de uso efectivo; e pode que ese retardo non sexa uniforme no transcurso do periodo, o que pode conducir a un viés incontrolábel nos datos de partida. Con todo, podemos supoñer que eses desvíos se manteñen máis ou menos estables ao longo do tempo, unha vez

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

exceptuados anos especiais de regularización como ocorreu en 2011. Adicionalmente, encontrámonos cun número relativamente pequeno de entradas no inventario na última década, isto é, bens do inventario que contan tanto con datas de entrada como con datas de saída. Este número de entradas relativamente pequeno pode ser resultado de acumulación sen descarte, descartes non rexistrados ou simplemente pode denotar que os bens adquiridos nos últimos anos continúan en uso. O facto de tratarmos con bens de titularidade pública pode denotar diferenzas no uso dos bens respecto daqueles de titularidade privada, tanto no coidado como nos criterios de descarte e mesmo nas intensidades de uso, o cal pode influír sobre a percepción da obsolescencia e por ende sobre a duración dos bens.

Unha vez temos todo isto en conta, o elevado número de observacións de que dispomos apunta cara a unha tendencia xeral de declive nas esperanzas de vida. No caso de computadoras esta tendencia mostra variacións no curto prazo influídas polo contexto socioeconómico (véxase no caso da crise de 2008). No caso das impresoras, por outra banda, mostran unha tendencia consistente de caída, onde tamén apreciamos unha estabilización nas esperanzas de vida daqueles produtos descartados após a crise de 2008.

Os datos obtidos a partir desta análise son coherentes con datos obtidos noutras fontes, véxase Wang et al. (2013) e Forti et al. (2018), malia os nosos datos estaren limitados a dúas categorías de produtos: computadoras e impresoras. Os resultados apuntan a unha tendencia xeral de declive das esperanzas de vida, malia podermos encontrar episodios de incremento da esperanza de vida no curto prazo. Estes poden ser resultado do contexto socioeconómico e do ciclo económico na medida en que as institucións públicas e, en concreto as universidades, experimentan períodos de bonanza e abundancia de recursos públicos para investimento en equipamentos e gasto en xeral. As universidades tamén padecen as consecuencias das crises económicas en forma de recortes de recursos públicos asignados (en particular, a partir do ano 2009 ata 2018), ademais de posibles oscilacións nas dotacións de fondos públicos para Universidades e I+D derivados dos cambios nas prioridades das políticas públicas dos diferentes gobernos (UE, España ou Galicia). Todo iso pode verse igualmente influído por cambios nas estratexias e prioridades por parte dos equipos de goberno da propia institución universitaria que se foron sucedendo ao longo do período analizado.

Os resultados obtidos a partir da análise das esperanzas de vida mostran como existe unha tendencia xeral de declive na esperanza de vida dos produtos, a pesar de que as observacións mostran variacións entre categoría de produtos e no curto prazo (derivados da

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

situación socioeconómica). Para complementar a nosa análise cumpre empregar información adicional relativa á segunda dimensión do estudo empírico da obsolescencia: aquela que se relaciona coas razóns de descarte, ou dito doutra forma, as causas de obsolescencia. As nosas observacións mostran dinámicas sinérxicas perversas entre distintas formas de obsolescencia que afectan ao descarte dos produtos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6. A DIMENSIÓN SOCIOECONÓMICA DA REPARACIÓN: TECIDO SECTORIAL E DISPERSIÓN TERRITORIAL

Neste capítulo caracterizamos economicamente a reparación a partir da análise dos sectores de reparación a partir das contas económicas[1]. Esta análise constitúe o primeiro paso na identificación do papel sistémico das actividades de reparación. Neste capítulo afondamos nas características socioeconómicas da reparación, a través do estudo dos sectores económicos, as súas características internas, a súa evolución e o seu peso nas economías estatais e rexionais e avaliamos o grao de inserción económica das actividades de reparación pola vía do estudo das conexións intersectoriais nun contexto rexional. Neste capítulo identificaremos primeiro as actividades de reparación nas estatísticas, o que denominamos a definición estatística da reparación, xa que o xeito de comprendermos conceptualmente a reparación pode diferir do xeito en que podemos obter información dela. O primeiro apartado recolle os distintos tipos de reparación sobre os que podemos obter información socioeconómica. No segundo apartado abordamos a análise socioeconómica propiamente dita empregando para iso dous níveis de análise, o agregado da reparación no estado español e os agregados da reparación a nível galego, que constitúe, como veremos, un mercado da reparación autocontido.

6.1. A DEFINICIÓN ESTATÍSTICA DA REPARACIÓN

A definición da reparación é unha problemática na que temos afondado no capítulo de revisión de literatura. Nesta sección presentamos unha achega diferente e de carácter máis pragmático, como aparece a reparación reflectida nas contas económicas. En termos agregados, reparación aparece refletida nas contas CNAE (Eurostat, 2008) baixo diferentes epígrafes. Tanto para a análise sectorial como para a análise territorial será fundamental termos presente a clasificación estatística das unidades de reparación.

Reparación e mantemento ten un apartado específico de regras para a súa contabilización económica (Eurostat, 2008, p. 32). Unidades de reparación e mantemento poden aparecer baixo algún dos seguintes epígrafes en función do tipo de produto principal sobre o que se ocupen: 33.1 reparación de fabricados metálicos, maquinaria e equipo; 43 baixo

[1] Neste capítulo reprodúcense parcialmente contidos doutras publicacións, véxase o índice de publicacións

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

actividades de construción específicas; 45.2 reparación e mantemento de vehículos de motor e 95 reparación de computadores, efectos persoais e artículos de uso doméstico.

Actividades de construción específicas inclúe actividades relacionadas coa construción que habitúan a ser subcontratadas. Unidades destinadas específicamente a mantemento e reparación no ámbito do construción van aparecer aquí, con todo, non hai unha categoría específica para elas. Non hai maneira de distinguir empresas destinadas exclusivamente a reparación doutras dedicadas a construción, quer construcióon en sentido xenérico quer actividades de construción concretas. Sabendo isto, a táboa 6-1 mostra a subdivisión daquelas categorías da CNAE que inclúen actividades de reparación, o que corresponde á 33, 45 e 95.

Táboa 6-1. As actividades de reparación na clasificación CNAE

C33 – Reparación e instalación de maquinaria e equipo	G45 – Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	S95 – Reparación de computadores e bens de uso persoal e doméstico
C331 – Reparación de fabricados metálicos, maquinaria e equipamentos	G451 – Venda de vehículos de motor	S951 – Reparación de computadores e equipo de comunicación persoal
C3311 – Reparación de fabricados metálicos	G4511 – Venda de autocarros e vehículos lixeiros	S9511 – Reparación de computadores e equipo periférico
C3312 – Reparación de maquinaria	G4519 – Venda de outros vehículos a motor	S9512 – Reparación de equipo de comunicación
C3313 – Reparación de equipo electrónico e óptico	G452 – Mantemento e reparación de vehículos de motor	S952 – Reparación de bens de uso persoal e doméstico
C3314 – Reparación de equipamento eléctrico	G4520 - Mantemento e reparación de vehículos de motor	S9521 – Reparación de equipos electrónicos
C3315 – Reparación e mantemento de buques e barcos	G453 – Venda de partes e accesorios para vehículos de motor	S9522 – Reparación de electrodomésticos e bens de xardinería
C3316 - Reparación e mantemento de avións e naves	G4531 – Venda por xunto de partes e accesorios para vehículos de motor	S9523 – Reparación de calzado e bens de coiro
C3317 – Reparación e mantemento de outro equipo de transporte	G4532 – Venda polo miúdo de partes e accesorios para vehículos de motor	S9524 – Reparación de muebles
C3319 – Reparación de outro equipamento	G454 – Venda, mantemento e reparación de motocicletas e partes e accesorios relacionados	S9525 – Reparación de reloxos e xoias
C332 - Instalación de maquinaria industrial e equipamento	G4540 - Venda, mantemento e reparación de motocicletas e partes e accesorios relacionados	S9529 – Reparación de outros bens de uso persoal e doméstico
C3320 - Instalación de maquinaria industrial e equipamento		

Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat (2008)

A única división a dous díxitos que só inclúe actividades de reparación é a 95, reparación de computadores, efectos persoais e artículos de uso doméstico. A pesar disto, división 33 contempla dous grupos, 331 reparación de fabricados metálicos, maquinaria e equipo e 332 instalación de maquinaria e equipo industria. Os procesos de adaptación, operacións, axuste e manipulación, en definitiva, operacionalizar tecnoloxías para contextos concretos, son análogos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cos de reparación propiamente dita, xa que empregan as mesmas lóxicas e procesos (Jackson, 2014; Houston & Jackson, 2016; Cohn, 2017)

A división 45 venda e reparación de vehículos de motor, incorpora actividades de reparación de vehículos de motor (452) xunto coa venda dos mesmos (451). En relación con isto compre notarmos que as regras de clasificación estabelecen que a asignación a unha clasificación corresponde á actividade principal por volume de negocio. En consecuencia, reparadores poden realizar actividades de venda como actividades secundarias (p.e. venda de segunda man) e, por suposto, vendedores poden realizar actividades de reparación como actividade secundaria. Isto ten precedentes históricos, Krebs & Hoppenheit (2022) notaron que as oscilacións no número de reparadores en Luxemburgo a miúdo eran resultado de cambios de categoría de vendedores para reparadores e viceversa. Isto tamén aplica a outras actividades de reparación, non só reparación de vehículos, particularmente a reparación de equipo eléctrico, electrónico, efectos persoais e obxectos de uso doméstico, como comprobaremos no seguinte apartado. Adicionalmente, xunto a actividades principais e secundarias, encontramos outras actividades que actúan de soporte, trátase de actividades auxiliares. Entre estas encontramos reparación e mantemento que se realizan como parte do servizo posvenda e non como actividades separadas. Neste caso os outputs da reparación serven, non a terceiros directamente, senón que contribúen para a realización dunha actividade principal.

En resumo, encontramos que as actividades de reparación están repartidas en tres divisións principais (33, 45 e 95), coa posibilidade de unidades doutras categorías realizárenas como actividades secundarias ou auxiliares. Comprendermos as características económicas da reparación nun sentido agregado pasa por analizar a reparación de acordo coa súa presenza nas contas económicas, así como as diferenzas entre distintos tipos de reparación, xa que as lóxicas de funcionamento poden ser diferentes.

6.2. O PERFIL SECTORIAL DA REPARACIÓN: VALOR ENGADIDO, EMPREGO E RELACIÓNS INTERSECTORIAIS

As actividades de reparación están distribuídas ao largo do sistema produtivo, mais tamén fora do mercado, no ámbito familiar e doméstico. A avaliación económica da reparación, porén, debe centrarse en torno da información económica de que podemos dispor a un nível de desagregación tal que nos permita estudar as propiedades sectoriais da reparación e, en consecuencia, o seu papel na economía. Desagregación constitúe un dos principais inconvenientes á hora de traballar con información sectorial, dado que reparación de maquinaria

e reparación de vehículos de motor están agrupadas con outras actividades ao nível de desagregación de dous díxitos. Reparación de maquinaria está agrupada con instalación de maquinaria, porén reparación de vehículos de motor está agrupada con venda de vehículos de motor, o que constitúe unha actividade de tipo comercial completamente distinta nas súas características económicas.


6.2.1. A reparación no estado español

A partir da caracterización das actividades de reparación nas contas económicas, podemos agrupar a principal información económica sobre a reparación para construír un perfil pormenorizado das actividades de reparación. A información estatística das actividades de reparación a nível do estado español permite analizarmos, entre outras, a súa evolución temporal, ao dispormos de información para series temporais maiores. Avaliamos a evolución dos sectores e do seu peso relativo sobre a economía.

A evolución do valor engadido dos sectores de reparación é feito a través dos números índice onde 1995=100. Incluímos valor engadido dos tres sectores de reparación e do total de sectores. Compre notar que esta información adoece dun problema de desagregación, xa que non dispomos de información desagregada para a rama 45, que partilla reparación de vehículos de motor con venda de vehículos de motor. Reparación e instalación de maquinaria e equipo é a actividade de reparación que máis medrou no período medrando máis rápido do que o valor engadido total. Reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico tamén mostra unha tendencia de crecemento no período máis rápida do que o valor engadido total. Só venda e reparación de vehículos de motor mostra unha tendencia de crecemento no período inferior ao crecemento do valor engadido total. Tanto venda como reparación de vehículos de motor son actividades consolidadas e estreitamente relacionadas cos consumidores ao se trataren de actividades que afectan a un tipo de produto cun grao de penetración moi elevado na sociedade española. Reparación de maquinaria e especialmente reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico mostra unha evolución positiva que denota o aumento de peso dentro do valor engadido total da economía, dando conta de que o peso destas actividades aumenta nas economías malia estaren profundamente inseridas en patróns de consumo rápido.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6-1. Evolución do valor engadido dos sectores de reparación e do total da economía. Índice con base 1995=100




Fonte: Elaboración propia a partir da 'Contabilidade Nacional Anual de España: resultados detallados por ramo de actividade' (Instituto Nacional de Estatística, 2022)

En termos de emprego, observamos unha evolución diferente do que a do valor engadido, mais extremamente informativa. A rama cuxo emprego medrou máis foi o de reparación de maquinaria, que chega a acadar incrementos no emprego respecto de 1995 de case 200% en 2018 para finalmente consolidar en torno a un incremento respecto do valor base de 120%, resultado da aguda caída no período 2019-2021 relacionado coa crise do covid. O resto de ramas acaban o período con incrementos de emprego proporcionalemente menores do que o emprego total. No caso de reparación de vehículos de motor, o emprego aumenta lixeiramente até 2008 para despois caer até un 10% respecto do ano base en 2013 e 2014; a partir dese mínimo o emprego estabilízase en torno dun nível 6% inferior ao nível de emprego de 1995. Trátase da única actividade de reparación que perdeu emprego en termos absolutos, polo tanto tamén perdeu peso na participación do sector do total da economía. Reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico, mostra unha evolución peculiar e anticíclica respecto do emprego. O emprego aumenta 50% até 2008 para experimentar despois unha caída resultado da crise económica, porén, nos anos de recesión, entre 2011 e 2016 o

emprego aumenta, mesmo chegando a superar os níveis anteriores á crise. Finalmente o valor do emprego estabilízase entorno a un nível de aumento do emprego do ano base de 40%.

Figura 6-2. Evolución do emprego dos sectores de reparación e do total da economía. Índice con base 1995=100



Fonte: Elaboración propia a partir da 'Contabilidade Nacional Anual de España: resultados detallados por ramo de actividade' (Instituto Nacional de Estatística, 2022)

Estes gráficos permítennos avaliar a evolución de longo prazo das actividades económicas de reparación, porén, adoecen dun problema de desagregación que afecta principalmente ás actividades de reparación de vehículos. Unha análise pormenorizada empregando datos das enquisas estruturais de negocios mostra a relación entre venda e reparación de vehículos de motor dentro do ramo 45 da clasificación CNAE. A táboa 6-2 mostra participación das subramas respecto do total da rama, as subramas analizadas son: 451 venda de vehículos de motor, 452 reparación de vehículos de motor e 453 comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor (actividade que representa unha porcentaxe relevante do total da rama e que tamén está relacionada coas actividades de reparación dado o papel fulcral dos recambios para a reparación). O reparto do peso entre venda de vehículos e reparación de vehículos é dispar segundo se empregarmos valor engadido ou emprego. En termos de valor engadido venda de vehículos mostra unha participación de 50% en 2018, que cae até 46,7% en 2022. Reparación de vehículos, mostra unha participación no valor engadido que ronda o 30%

no período. En termos de emprego a situación é invertida. Reparación de vehículos é o principal contribuidor de emprego á rama, con 45% do emprego da mesma. Venda de vehículos fica no 34%. Comercio de repostos chega a contribuír 20% ao valor engadido da rama e 17,4% do emprego.

Táboa 6-2. Participación das subramas dentro do total da rama 45 'venda e reparación de vehículos de motor', que mostra o peso relativo de reparación e venda de vehículos tanto en termos de valor engadido como de emprego


Valor engadido	2018	2019	2020	2021	2022
45 Venda e reparación de vehículos de motor	100%	100%	100%	100%	100%
451 Venda de vehículos de motor	50.0%	48.7%	47.0%	46.0%	46.7%
452 Mantemento e reparación de vehículos de motor	29.1%	30.4%	30.4%	31.3%	30.1%
453 Comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor	18.4%	18.2%	19.6%	19.7%	19.9%
454 Venda, mantemento e reparación de motocicletas e de repostos e accesorios	2.5%	2.7%	2.9%	3.1%	3.3%
Persoal ocupado	2018	2019	2020	2021	2022
45 Venda e reparación de vehículos de motor	100%	100%	100%	100%	100%
451 Venda de vehículos de motor	34.1%	33.6%	34.4%	34.4%	34.0%
452 Mantemento e reparación de vehículos de motor	45.3%	46.0%	44.7%	44.7%	44.2%
453 Comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor	17.1%	17.0%	17.1%	16.9%	17.4%
454 Venda, mantemento e reparación de motocicletas e de repostos e accesorios	3.6%	3.4%	3.8%	4.0%	4.4%

Fonte: Elaboración propia a partir das 'Estatísticas estruturais das empresas: sector comercio' (Instituto Nacional de Estatística, 2024)

A evolución no período para o que dispomos datos corresponde ao período pandémico. Os datos de valor engadido dos que dispomos, con todo, mostran como á caída do ano 2020 seguíu unha rápida recuperación que retomou a tendencia de longo prazo. A subrama que experimentou a maior caída foi venda de vehículos de motor, que só en 2022 recuperou os niveis de 2018. Mantemento e reparación de vehículos de motor medrou 14% sobre o nível de 2018. Comercio de repostos medrou 20% respecto de 2018 e venda e reparación de motocicletas medrou 46% no período, malia representar só 3,3% do total da rama.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6-3. Evolución do valor engadido da rama 45 'Venda e reparación de vehículos de motor' e das subramas que a compoñen. Índice con base 2018=100




Fonte: Elaboración propia a partir das 'Estatísticas estruturais das empresas: sector comercio' (Instituto Nacional de Estatística, 2024)

O emprego, por outra banda, non mostrou unha evolución positiva. Todas as subramas mostran valores inferiores ao nível de 2018. Só venda, mantemento e reparación de motocicletas mostra incremento de 20% no emprego, mais esta rama, como sinalamos só contribúe 4,4% ao emprego total da rama. Reparación de vehículos experimenta caída de 6% no emprego, a maior caída no perído.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6-4. Evolución do emprego da rama 45 'Venda e reparación de vehículos de motor' e das subramas que a compoñen. Índice con base 2018=100



Fonte: Elaboración propia a partir das 'Estatísticas estruturais das empresas: sector comercio' (Instituto Nacional de Estatística, 2024)

Até ao de agora comprobamos como, contrariamente ao que pode parecer, actividades de reparación non se teñen retraído necesariamente. Todas as ramas de reparación mostran evolucións positivas tanto en termos de emprego como de valor engadido. Reparación de vehículos é a única que, no curto prazo, mostrou unha evolución negativa en termos de emprego. Particularmente interesante é a evolución do emprego na reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico, cuxa evolución mostrou aumentos no valor engadido e no emprego e un comportamento anticíclico que podemos relacionar coa evolución negativa da economía no período de recesión posterior á crise de 2008, que se manifestou tanto en caídas no emprego como en caídas da renda disponíbel bruta per cápita.

Após vermos a evolución, compre ver cal é a participación do total da economía. Só a rama de reparación de maquinaria viu aumentada a súa participación na economía, tanto en termos de valor engadido como emprego. Reparación de vehículos mantívose estábel e reparación de computadoras viu a súa participación caer no período, cuxo peso na economía se reduciu de 0,11% a 0,10%. En total as tres ramas pasaron de contribuír 0,78% do valor engadido total en 2018 a contribuír 0,82% do total en 2022, grazas ao aumento do peso da reparación de maquinaria e equipo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 6-3. Contribución das actividades de reparación ao total do valor engadido da economía española

Valor engadido	2018	2019	2020	2021	2022
Total da economía	100%	100%	100%	100%	100%
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	0.37%	0.38%	0.41%	0.43%	0.41%
452 Mantemento e reparación de vehículos de motor	0.31%	0.33%	0.30%	0.33%	0.31%
95 Reparación de computadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	0.11%	0.11%	0.11%	0.11%	0.10%
Total da reparación	0.78%	0.82%	0.82%	0.87%	0.82%

Fonte: Elaboración propia a partir das das 'Estatísticas estruturais das empresas: sector industrial', 'Estatísticas estruturais das empresas: sector comercio' e 'Estatísticas estruturais das empresas: sector servizos' (Instituto Nacional de Estatística, 2024a, 2024b, 2024c)

En termos de emprego a situación varía notabelmente. Todas as actividades de reparación mostran contribucións ao emprego total maiores do que as contribucións ao valor engadido. A única actividade cuxa contribución ao emprego total medrou foi a de reparación de maquinaria. Reparación de vehículos de motor e reparación de computadoras e efectos persoais diminuíu. En consecuencia, o peso total da reparación sobre o emprego diminuíu, pasando de 1,45% do emprego total en 2018 a 1,37% do emprego total en 2022. A maior contribución ao emprego do que ao valor engadido denota menor produtividade do traballo do que a media da economía, o que é resultado do modo de traballo coase-artesanal da reparación e da maior intensidade de man de obra destas actividades.

Táboa 6-4. Contribución das actividades de reparación ao total do emprego da economía española

Emprego	2018	2019	2020	2021	2022
Total da economía	100%	100%	100%	100%	100%
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	0.48%	0.49%	0.51%	0.52%	0.51%
452 Mantemento e reparación de vehículos de motor	0.70%	0.73%	0.70%	0.67%	0.63%
95 Reparación de computadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	0.27%	0.26%	0.27%	0.25%	0.23%
Total da reparación	1.45%	1.48%	1.48%	1.44%	1.37%

Fonte: Elaboración propia a partir das das 'Estatísticas estruturais das empresas: sector industrial', 'Estatísticas estruturais das empresas: sector comercio' e 'Estatísticas estruturais das empresas: sector servizos' (Instituto Nacional de Estatística, 2024a, 2024b, 2024c)

Os datos de que dispomos relativos ás actividades de reparación no contexto do estado español mostran crecemento das actividades de reparación nas últimas décadas, en termos de valor engadido e en menor medida de emprego. A situación muda notabelmente por tipo de reparación. Reparación de maquinaria mostra unha evolución positiva tanto do valor engadido como do emprego no período. Reparación de vehículos de motor, por outro lado, mostra un crecemento menor do que o total da economía tanto en valor engadido como en emprego.

Reparación de computadoras e efectos persoais mostra unha evolución positiva tanto en valor engadido como en emprego, porén a contribución ao total da economía, particularmente nos últimos anos ten diminuído. Emprego na reparación de computadoras e efectos persoais, ademais, mostra un comportamento anticíclico coa economía, o que se relaciona coa tendencia a prolongar a vida dos produtos en situacións de crise ou de incerteza económica. En termos xerais a reparación mostra unha menor produtividade do traballo do que a media da economía, o que é lóxico dadas as características e a natureza da actividade económica.

6.2.2. A reparación en Galiza

A análise a nivel galego é especialmente relevante dado que a reparación é feita maioritariamente en proximidade e polo tanto no contexto rexional e local. O estudo do sector da reparación en Galiza permite observar o comportamento destas actividades nun territorio concreto e cunha estrutura produtiva e de consumo propias. A escolla de Galiza como caso de estudo tamén deriva do coñecemento específico sobre a súa natureza e a súa idiosincrasia e da disponibilidade de datos tanto a nível local como do agregado rexional. A información estatística empregada procede maioritariamente do marco input-output galego, que nos permite identificar non só aspectos relativos ás ramas produtivas, tamén aos relacionamentos que estabelece a reparación con outros sectores, tanto dentro como fora de Galiza e tamén nos proporciona información sobre os produtos e servizos, que en virtude da natureza da contabilización económica tamén poden ser ofrecidos por ramas de produción distintas a modo de actividades secundarias (Eurostat, 2008). O uso destes datos permítenos crear unha imaxe máis pormenorizada da realidade económica da reparación e das súas características sectoriais.

As participación dos sectores de reparación da economía galega pode verse na táboa 6-5 recolle. O total dos sectores de reparación, ao igual que no caso anterior, é resultados da suma das tres ramas. A participación das actividades de reparación na economía galega difire notabelmente da participación da reparación na economía do estado español no seu conxunto. A principal actividade de reparación en Galiza é a de reparación de maquinaria, cuxa participación na economía galega é de case 1 punto porcentual. Reparación de vehículos tamén mostra unha participación maior no total da economía galega do que no total da economía española. Reparación de computadoras e efectos persoais mostra un perfil semellante tanto na economía galega como na española. En termos de emprego, a situación é similar, reparación de maquinaria e vehículos de motor é superior contribúen ao emprego da economía galega máis do que á española. A contribución da reparación de computadoras e efectos persoais, por outra

banda é similar en Galiza e no estado español. A suma das contribucións totais dos sectores de reparación permítenos ver que a reparación considerada no seu conxunto representaba 1,5% do valor engadido da economía de Galiza e 2,2% do emprego galego en 2018. Nese mesmo ano no estado español reparación representaba 0,78% do valor engadido e 1,45% do emprego. As propiedades económicas das actividades de reparación, porén, non difiren entre o agregado do estado español e a economía galega. Ambas mostran unha participación maior no emprego do que no valor engadido. Trátase de actividades coase artesanais en ambos casos e onde a produtividade do traballo é relativamente baixa, ou sexa, inferior á media da economía, tamén no caso galego.

No tocante á importancia económica da reparación en Galiza cando considerada conxuntamente, as dimensión son comparábeis ás de algúns tecidos produtivos considerados clave na economía galega, como o sector pesqueiro ou o forestal. O sector pesqueiro (pesca, acuicultura e industria transformadora) representou 2,1% do valor engadido galego e 3,2% do emprego en 2012 (IGE, 2015). O sector forestal-madeira (forestal, industria da madeira, industria do papel e do moble) representou o 1,9% do valor engadido galego e 2,3% do emprego en 2010 (IGE, 2013). O peso do sector da reparación considerado conxuntamente, non é polo tanto moi dispar do de outros entretecidos produtivos considerados clave para a economía galega (embora debamos notar que na nosa comparación non estamos a ter en conta os efectos arrastre sobre a economía galega, que son fundamentais para entender o potencial dos sectores para o desenvolvemento económico). A minusvalorización da relevancia económica da reparación, polo tanto, é resultado da consideración isoladas das actividades de reparación (a miúdo atendendo só a reparación de bens de consumo e AEE) e non tendo en conta o peso que ditas actividades poden chegar a representar en certos contextos territoriais e rexionais. Estes resultados apuntan a que a reparación tende a mostrar un peso maior nas economías rexionais e periféricas e onde a composición específica do tecido económico da reparación dependerá das características do contexto económico no que se insire.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 6-5. Participación dos sectores de reparación da economía galega. Ano 2018

	Valor engadido	Custos laborais	Produción	Emprego
33 Reparación de maquinaria	0,9%	1,6%	0,9%	1,1%
452[1] Reparación de vehículos de motor	0,5%	0,6%	0,6%	0,9%
95 Reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico	0,1%	0,1%	0,1%	0,2%
Total dos sectores de reparación	1,5%	2,3%	1,6%	2,2%

(1) A contribución de 452 "reparación de vehículos de motor" derívase a partir da desagregación dos datos de 45 "Venta e reparación de vehículos de motor" a nível do estado español

Fonte: elaboración propia a partir de IGE. Marco Input-Output de Galicia 2018 (Instituto Galego de Estatística, 2021)

A reparación afecta a todo tipo de bens, desde os máis tradicionais, coma roupa ou calzado, a todo tipo de utensilios de consumo e até a maquinaria e equipo de alta tecnoloxía. Na literatura sobre economía circular hai unha tendencia a prestar maior atención á reparación de produtos de tipo eléctrico electrónico (véxase Tinetti et al., 2018; McCollough, 2009; Riisgard et al., 2016). A razón desta atención radica na natureza dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE). Trátase das categorías de residuos que máis rápido medran (Eurostat, 2019) e que pola súa natureza conteñen materiais e substancias especialmente nocivas, para alén de materiais escasos na Unión Europea e dos cales a economía europea é dependente a nível internacional (Comisión Europea, 2018). Con todo, cando considerados os agregados económicos, non é a reparación de equipo eléctrico electrónico ou de bens de consumo o que máis destaca (representa 0,1% do valor engadido da economía galega e 0,2% do emprego), senón a reparación de equipo e maquinaria xunto coa reparación de vehículos de motor. A razón pola cal esta participación é tan pequena explícase en parte pola natureza da contabilización económica. Algunhas actividades económicas poden ser feitas a modo de actividades secundarias ou complementarias en unidades cuxa actividade principal é outra distinta, é a situación das actividades de reparación. Empregrando o marco Input-Output da economía galega podemos observar o comportamento non só das ramas produtivas, senón dos produtos (e servizos) que se consumen en Galiza, podendo distinguir entre as ramas que ofererecesen ditos produtos (e servizos) e se por acaso as unidades que os oferecen están sitas ou non en Galiza. A análise pola vía dos produtos no marco Input-Output permite identificar, polo tanto, as ramas de produción que realmente ofrecen os servizos de reparación. Tamén permite analizar o uso que fai a economía galega dos servizos da reparación e permite ver o grao de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

internacionalización dos servizos de reparación, respecto do estado español e da Unión Europea (EU).

Unha das primeiras cuestións que analizamos ten a ver coas ramas que oferecen servizos de reparación en Galiza. Como sinalamos, non só empresas adicadas á reparación (e polo tanto categorizadas nas ramas de reparación) poden dedicarse a reparar. Outras ramas poden dar servizos de reparación complementarios. A táboa seguinte dá conta das ramas produtivas que oferecen servizos de reparación en Galiza en 2018. Todas os servizos de reparación son ofrecidos maioritariamente polas ramas especificamente dedicadas a ese fin, con todo, destaca que as ramas secundarias a ofereceren o servizo acumulan un peso moi pequeno no total agás nos servizos de reparación de computadoras, onde o 27,2% dos servizos son oferecidos non por unidades dedicadas á reparación, senón por unidades dedicadas á venda de produtos polo miúdo. A presenza da reparación como unha actividade complementar para a venda directa representa unha forma de servitización e apunta cara ao potencial da servitización da industria pola vía dos servizos posvenda (reparación) como un potencial modelo de negocio circular, o que por súa vez tampouco constitúe un fenómeno novo (Orr, 1996). Esta observación obriga a matizar os resultados que obtivemos na nosa análise anterior. Unha parte do valor engadido e do emprego xerado por reparación de computadoras e efectos persoais fai parte do valor engadido e do emprego da rama 47 de venda polo miúdo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 6-6. Ramas produtivas que oferecen servizos de reparación en Galiza e a súa participación na oferta total do servizo. Ano 2018

Ramas produtivas que ofrecen servizos de instalación e reparación de maquinaria		Ramas produtivas que ofrecen servizos de reparación de vehículos de motor		Ramas produtivas que ofrecen servizos de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico	
R33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	78,1%	R45 Venda e reparación de vehículos de motor	97,9%	R95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	68,7%
R30 Fabricación doutro material de transporte	5,9%	R47 Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1,4%	R47 Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	27,2%
R25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	5,6%	R29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	0,6%	R62_63 Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información	4,1%
R28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	3,5%				
R35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,2%				

Fonte: elaboración propia a partir de IGE. Marco Input-Output de Galicia 2018 (Instituto Galego de Estatística, 2021)

Para alén das unidades a ofereceren estes servizos, tamén podemos distinguir se estes servizos foron oferencidos por empresas galegas ou se por acaso foron importacións do estado español, da UE ou do resto do mundo. A táboa seguinte mostra indiscutibelmente que as actividades de reparación son feitas maioritariamente en proximidade. 96,% dos servizos de reparación de maquinaria son ofrecidos por empresas galegas e só 2,5% destes servizos son importados do estado español. 96,4% dos servizos de reparación de vehículos de motor son oferecidos por empresas galegas e só 3,5% son importados do estado español. No caso de reparación de computadoras e efectos persoais e domésticos o 100% dos servizos son oferecidos por empresas galegas, segundo o marco Input-Output de Galiza 2018. Estes valores difiren notabelmente da media da economía galega, onde só 79,2% dos produtos e servizos son oferecidos por empresas galegas. Estes resultados obrígannos a matizar un dos aspectos cruciais da Directiva europea de reparación e que tivo a ver coa súa motivación, que é a promoción do mercado interno. A maioría de servizos de reparación son feitos en contextos, xa non nacionais, senón rexionais, malia disparidades en segundo o contexto europeo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 6-7. Orixe dos servizos de reparación e media da economía galega. Ano 2018

	Servizos de instalación e reparación de maquinaria	Servizos de reparación de vehículos de motor	Servizos de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico	Media da economía galega
Produción galega	96,8%	96,4%	100%	79,2%
Importacións do estado español	2,5%	3,5%	0%	8,1%
Importacións da EU	0%	0%	0%	6,9%
Importacións do resto do mundo	0%	0%	0%	5,8%

Fonte: elaboración propia a partir de IGE. Marco Input-Output de Galicia 2018 (Instituto Galego de Estatística, 2021)

Outro aspecto crucial para comprender as características económicas da reparación ten a ver coa demanda dos servizos de reparación. Na táboa seguinte observamos que a demanda intermedia constitúe un componente importante da demanda total dos servizos de reparación. Reparación de maquinaria é maioritariamente demandada como consumo intermedio, como era de esperar dadas as características. Exportacións constitúe 18,2% da demanda deste servizo, o que dá conta de como reparación de maquinaria é un servizo susceptíbel de ser comerciado internacionalmente e no que Galiza mostra un saldo positivo, pois só 2,5% do consumo é importado. O peso das exportacións na demanda é lixeiramente inferior mais próximo á media da economía galega. Reparación de vehículos de motor é demanda maioritariamente como un servizo de consumo final, porén o peso da demanda intermedia equivale á media da economía galega. En servizos de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico, o consumo final representa unha porcentaxe superior da demanda do que a media da economía galega, mais os datos mostran que este servizo de reparación é maioritariamente demandado como consumo intermedio. Esta observación contrasta coa noción normalmente asociada á reparación deste tipo de bens como bens de consumo final.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 6-8. Destino dos servizos de reparación e media da economía galega. Ano 2018

	Servizos de instalación e reparación de maquinaria	Servizos de reparación de vehículos de motor	Servizos de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico	Media da economía galega
Consumo final	2,3%	58,5%	44,5%	33,1%
Demanda intermedia	79,5%	39%	55,5%	40,5%
Exportacións	18,2%	2,6%	0%	19,8%

Fonte: elaboración propia a partir de IGE. Marco Input-Output de Galicia 2018 (Instituto Galego de Estatística, 2021)

Esta análise das características sectoriais da reparación oferece unha visión moito máis pormenorizada e detallada das características da reparación, tanto das empresas que se dedican especificamente á reparación, como dos servizos da reparación (tanto da perspectiva da oferta coma da demanda). O primeiro que debemos notar é que as diferentes formas de reparación contribúen considerabelmente á economía galega, até o punto de seren comparábeis con outros complexos produtivos de grande importancia na economía galega. Para alén diso, tamén notamos que as actividades de reparación contan cunha produtividade do traballo menor do que a media da economía (tanto galega como española). Para alén diso, as características económicas e estruturais difiren notabelmente entre os distintos tipos de reparación. Reparación de maquinaria é o principal servizo de reparación en Galiza, tanto en termos da súa contribución ao valor engadido como en termos da súa contribución ao emprego. Seguido por reparación de vehículos de motor e finalmente reparación de computadoras, actividade que desde o punto de vista da oferta é realizada non só por unidades dedicadas especificamente á reparación senón tamén a modo de actividade secundaria por unidades dedicadas á venda polo miúdo. Desde o lado da internacionalización, reparación de maquinaria mostra unha certa orientación exportadora similar á media da economía galega, a pesar de que a demanda galega deste servizo si é satisfeita maioritariamente por unidades sitas en territorio galego. O resto de reparacións, vehículos de motor e computadoras, mostran unha orientación cara ao mercado interno, pouco ou nada internacionalizadas, coa peculiaridade de a demanda intermedia constituír unha parte importante da demanda total destes servizos, especialmente no caso de reparación de computadoras, o que a fai unha actividade orientada principalmente cara a demanda intermedia. Este extremo foi notado empiricamente durante a realización de cuestionarios e entrevistas, onde os reparadores destacaron que moitos dos seus clientes son empresas (ás veces outras

USC DE COMPOSTELA

empresas de reparación) para as que realizan servizos ou coas que teñen asinados contratos de mantemento.

Unha das cuestións finais da análise das características das actividades de reparación ten a ver co seu grao de inserción na economía rexional en que se insire. Embora a orientación cara ao mercado interno for clara e a contribución da reparación á economía galega sexa equiparábel á doutros complexos produtivos, tanto en valor engadido como en emprego, compre avaliarmos o grao de relacionamento destas actividades con outras sitas tamén en Galiza. No xeral, relacionamentos fortes con empresas afincadas no mesmo territorio implican maior contribución ao desenvolvemento rexional. Na análise da inserción das actividades de reparación na economía galega empregamos a metodoloxía comunmente usada para analizar as táboas Input-Output, en concreto aquela proposta polo propio Instituto Galego de Estatística (2010, pp. 32-54).

Como indicamos no capítulo correspondente a metodoloxía, empregamos unha serie de indicadores para sintetizar a inserción da reparación na economía galega e medir os seus efectos sobre o entretecido produtivo galego. Os indicadores que empregamos inclúen encadeamentos cara adiante e cara atrás, coeficientes ponderados cara adiante e cara atrás e coeficientes de traballo directos e totais sobre as ramas da reparación. O problema principal que encontramos coas táboas ten a ver co grao de desagregación. Só dispomos de información das ramas a dous díxitos, o que supón un problema principal para a rama 45 que xunta venda e reparación de vehículos de motor, dúas actividades profundamente diferentes do punto de vista estrutural. Con todo, dada a natureza das táboas Input-Output é desaconsellable separar ou agrupar os valores dunha rama, co cal temos de admitir que non poderemos coñecer as características específicas de inserción de reparación de vehículos por separado, os datos de que dispomos supoñen unha aproximación. A información relativa aos indicadores que empregamos fica na táboa 6-9.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 6-9. Valores dos coeficientes empregados para analizar as ramas de reparación no marco Input-Output galego. Ano 2016.

	33 Instalación e reparación de maquinaria	45 venda e reparación de vehículos de motor	95 Reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico	Media de todos os sectores	Desviación típica
Encadeamentos interiores cara atrás	1,59	1,42	1,45	1,52	0,25
Encadeamentos totais cara atrás	2,40	2,50	1,93	2,27	0,58
Encadeamentos interiores cara adiante	2,29	1,47	1,80	1,59	0,44
Encadeamentos totais cara adiante	2,44	1,60	1,88	1,78	0,50
Encadeamentos cara atrás ponderados (Índices de Rasmussen)	0,591	0,958	0,443	1	
Encadeamentos cara adiante ponderados (Índices de Rasmussen)	1,065	0,952	0,684	1	
Coeficientes de traballo directos (lj) por cada millón de euros	10,6	14,1	29,2	11,8	9,7
Coeficientes de traballo totais (ml) por cada millón de euros	16,1	17,9	34,3	17,0	9,5

Fonte: elaboración propia a partir do *Marco Input-Output de Galicia 2016* (Instituto Galego de Estatística, 2020)

Os encadeamentos cara atrás, que dan conta do aumento da produción resultado dun aumento na demanda final do sector, miden canto aumenta a produción resultado do aumento dunha unidade da demanda final. Distinguimos dous tipos, interiores (miden o efecto do aumento da produción na economía galega) e totais (miden o efecto do aumento da produción sobre a economía global, tendo en conta importacións). Encadeamentos totais son maiores do que os interiores por mor do efecto das importacións. Os datos dos encadeamentos cara atrás poden verse nas dúas primeiras filas da táboa. Instalación e reparación de maquinaria mostra encadeamentos superiores á media da economía galega. Venda e reparación de vehículos de motor mostra encadeamentos interiores cara atrás inferiores á media, mais encadeamentos totais cara atrás por cima da media, o que denota o efecto das importacións nesta rama. Reparación de computadoras mostra encadeamentos cara atrás sempre inferiores á media galega.

Encadeamentos cara adiante miden o efecto sobre a produción dun aumento da oferta do sector, de xeito que o efecto será maior canto maior sexa a orientación do sector cara a

demanda intermedia. Instalación e reparación de maquinaria mostra coeficientes moi superiores á media dada a súa orientación maioritaria cara a demanda intermedia. Un aumento na oferta do sector, polo tanto, repercutirá maioritariamente sobre a produción doutros sectores e non sobre a demanda final. Venda e reparación de vehículos de motor mostra valores inferiores á media, que resultan da súa orientación maioritaria cara a demanda final. Reparación de computadoras, porén, mostra un indicador superior á media debido a que na súa demanda pesa maioritariamente demanda intermedia, o que significa que o aumento na oferta do sector repercutirá maioritariamente na produción doutros sectores.

Os coeficientes de Rasmussen ponderan os encadeamentos interiores en función do tamaño do sector, de xeito que os sectores cun valor superior a 1 denotan non só un grande tamaño relativo na economía senón un efecto arrastre superior á media sobre a economía galega. Os sectores da reparación mostran efectos arrastre discretos e pesos relativamente pequenos de xeito individual sobre a economía galega. Só Instalación e reparación de maquinaria mostra un coeficiente superior a 1 no coeficiente de Rasmussen cara adiante, o que é resultado da forte orientación cara a demanda intermedia e do tamaño maior en relación aos outros sectores de reparación.

Coeficientes de emprego son os multiplicadores de emprego por unidade de produción de cada rama (empregos por millón de euros de produción). Multiplicador directo é o emprego creado na propia rama e o multiplicador total é o emprego creado pola produción do sector de xeito directo e indirecto (tendo en conta os interrelacionamentos con outros sectores da economía galega). Instalación e reparación de maquinaria mostra coeficientes de traballo inferiores á media, mais próximos a ela. Venda e reparación de vehículos de motor e especialmente reparación de computadoras mostran coeficientes superiores á media. Este último máis do que duplica os coeficientes de traballo medios da economía galega, o que converte este sector no máis intensivo en traballo de toda a economía galega. Estes resultados mostran que as expectativas sobre intensidade de emprego das actividades de reparación son correctas, se ben esa intensidade difire segundo o tipo de reparación específica.

A análise das interrelacións sectoriais da reparación mostran un perfil diferente segundo a actividade de reparación específica. Maquinaria mostra un efecto arrastre superior sobre a economía galega, mais mostra intensidades de emprego inferiores ao resto das actividades de reparación. Venda e reparación de vehículos de motor e reparación de computadoras mostran un efecto inferior á media sobre a produción da economía galega, o que denota un baixo grao

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de integración con outros sectores. Venda e reparación de vehículos de motor en particular mostra unha dependencia maior de importacións dada a diferenza entre encadeamentos cara atrás interiores e totais. Son os coeficientes de emprego onde a reparación brilla, pois venda e reparación de vehículos de motor e especialmente reparación de computadoras mostran coeficientes de emprego superiores á media. Actividades de reparación mostran seren intensivas en man de obra e creadoras de emprego tanto de xeito directo como de xeito indirecto, tendo en conta o efecto arrastre sobre o resto da economía galega.

6.3. REPARACIÓN E PROXIMIDADE: DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL COHESIONADO E INCLUSIVO

Un dos aspectos máis atractivos da reparación desde o punto de vista socioeconómico ten a ver co componente territorial da mesma. Paradoxalmente, trátase dunha dimensión inexplorada empiricamente no ámbito da investigación sobre a reparación. Asúmese da reparación que é feita maioritariamente en proximidade ao lugar no que é demandada. A promoción da reparación, polo tanto, ten potencial para crear actividade económica e emprego en proximidade á demanda, podendo contribuír a crear un tecido produtivo máis cohesionado territorialmente ao tempo que máis sustentábel. Isto contrasta co potencial da economía linear para concentrar a actividade económica en torno a polos industriais grazas á deslocalización posibilitada por un sistema de transporte e comunicacións alimentado por grandes cantidades de enerxía e recursos e emisor de grandes cantidades de gases de efecto estufa (Vence & López-Bermúdez, 2023). Nesta sección exploramos empiricamente a dimensión da dispersión territorial da reparación para avaliar a súa contribución ao desenvolvemento económico descentralizado, cohesionado e harmónico do punto de vista rexional e local.

6.3.1. Aglomeración, dispersión e a problemática da localización na reparación

Unha dimensión importante da economía circular ten a ver co problema da localización. No último terzo do século XX observamos unha tendencia á concentración da actividade económica facilitada pola tecnoloxía e a facilidade de transporte e comunicacións. Conceptualmente encontramos economías de localización, que agrupan empresas do mesmo tipo e por outro encontramos economías de urbanización, que aglutinan empresas de diferente tipo (Polenske, 2008; Arbia et al., 2006). O concepto de economías de urbanización remarca o papel fulcral dos ambientes urbanos como polos tractores da actividade económica. Parello coa noción de aglomeración surxe a noción do clúster, unha agrupación espacial de industrias

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

interrelacionadas (Porter, 1998). Simultaneamente cos patróns de concentración industrial e da actividade económica, ten lugar un fenómeno de dispersión xeográfica da actividade económica a nível internacional, resultado da fragmentación dos procesos produtivos e facilitado por multitude de factores, incluídos marcos legais máis laxos e menores custos laborais e enerxéticos. O consenso xeral é que o proceso de deslocalización aumentou os impactos ambientais totais debidos tanto ao transporte internacional como ao uso de tecnoloxías menos eficientes en termos de emisións (Vence & López-Bermúdez, 2023; Babinker, 2005; Copeland & Taylor, 2004; Ederington & Minier, 2003; Baumert et al., 2019; Michel, 2013).

No debate sobre economía circular está presente o problema da dispersión e concentración da actividade económica (Stahel W., 2013 & 2019), mais comunmente asociado aos custos derivados dos transportes, que facilmente poden negar as ganancias derivadas de uso de tecnoloxías e procesos produtivos máis respectuosos co medio (Gallaud & Laperche, 2016; Korhonen et al., 2018). Calquera proposta que intente atallar a problemática da economía circular deberá considerar a cuestión da localización como un problema central desde o punto de vista ambiental mais tamén como un problema de tipo socioeconómico. A economía circular ten potencial para crear actividade económica en proximidade, o que para alén de reducir emisións pola vía do transporte, pode contribuír para un desenvolvemento económico máis harmónico e cohesionado territorialmente. A reparación está nunha posición ideal para avanzar nesta dirección dado que se trata de actividades sobre cuxa demanda pesa a proximidade máis do que noutras (van Ommeren et al., 2006), para alén de ser unha actividade consolidada no mercado e en todas as sociedades e cuxa promoción pasaría polo reforzamento do tecido existente sen a necesidade de crear novas redes, tecnoloxías ou modelos de negocio. Desde o punto de vista finalista, a reparación é equivalente á manufacturación en tanto que ambas renden un produto útil que serve unha función, mais reparación é capaz de facelo en proximidade ao consumidor namentres a produción de carácter industrial require de cadeas internacionais de produción. Unha das vantaxes finais da reparación como unha actividade máis dispersa ten a ver coa descentralización e consecuente democratización do coñecemento tecnolóxico, do cal os reparadores son os portadores. Todo isto contribúe cara á creación de sociedades non só máis sustentábeis, mais máis cohesionadas do punto de vista socioeconómico e máis resilientes en tanto que baixo control dos medios para sustentar un crecente inventario de produtos de contido cada vez máis tecnolóxico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.2. Reparación e proximidade

Malia as propiedades comunmente asociadas coa reparación e coa estreita relación entre proximidade e reparación, cumpre notar que o perfil historicamente atribuído á reparación pode non aplicar en todos os contextos históricos e todos os produtos. A problemática da proximidade e da reparación é de facto dupla: proximidade ao consumidor e proximidade ao abastecedor.

Proximidade ao consumidor dependerá potencialmente do tipo de produto. Reparación de produtos pequenos e máis baratos será potencialmente reparado en distancias curtas e en mercados locais nas que o consumidor transporta o ben ao seu reparador ou se for moi pesado o propio reparador se despraza ao domicilio. No caso de bens de equipo os mercados poden ser de tipo rexional ou incluso internacional, dado o custo da maquinaria e a especialización necesaria. Nestes casos o reparador tende a desprazarse ao lugar onde é necesitado, podendo viaxar facilmente fora do ámbito de proximidade. Outra forma de reparación que tende a pasarse por alto é a reparación en garantía, que ao seren feitos por reparadores autorizados poden requerir do transporte do ben a centros específicos fora do entorno inmediato do consumidor.

A segunda dimensión da proximidade ten a ver coa proximidade do reparador aos seus abastecedores. Esta dimensión da proximidade ten sido amplamente ignorada nos estudos da reparación. O proceso produtivo está formado por unha extensa rede de relacións establecidas entre unidades produtivas esparexidas por todo o territorio. A inserción neste tecido produtivo é inevitábel para calquera industria. A reparación en concreto require de inputs de todo tipo tamén, particularmente de repostos e recambios, que son imprescindíbeis para realizar reparacións e que proceden, na maior parte dos casos, dos mesmos centros onde a produción industrial ten lugar, especialmente China (Türkeli et al., 2019). Neste caso a distancia percorrida por un reposto non difire considerabelmente da percorrida por un produto rematado, malia que no conxunto a reparación permite evitar produción en orixe. O nível de inserción na economía local ten sido avaliado na análise sectorial da reparación a través dos agregados macroeconómicos correspondentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


6.3.3. Índices de concentración relativa da reparación

Neste apartado aplicamos os índices para o cálculo do grao de concentración e especialización que presentamos no apartado metodolóxico. Comezamos pola avalización da dispersión a nível rexional europeo. No espírito de constrastar a concentración relativa das actividades de reparación, comparamos o grao de concentración da reparación co grao de concentración das actividades industriais, aquelas que, desde un punto de vista finalista (escolla dicotómica entre reparar e substituír) supoñen as rivais directas da reparación.

A nível rexional europeo ambos indicadores de concentración relativa empregados mostra como as actividades de reparación se encontran entre as máis distribuídas sobre o territorio. Os resultados do cálculo móstranse nos gráficos seguintes. Figura 6-5 inclúe datos para o índice de Theil.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6-5. Índice de Theil para o emprego industrial e o emprego da reparación a nível rexional europeo. Ano 2016.




Nota: 'M.' refire 'manufactura'

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Enquisa estrutural de empresas (Eurostat, 2024)

Figura 6-6, por outro lado, recolle o cálculo do índice de concentración relativa de Krugman, de novo para o emprego industrial e o emprego da reparación a nível rexional europeo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6-6. Índice de Concentración Relativa de Krugman para o emprego industrial e o emprego da reparación a nível rexional europeo. Ano 2016



Nota: 'M.' refire 'manufactura'

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Enquisa estrutural de empresas (Eurostat, 2024)

Os resultados de ambos índices son inequívocos: o emprego da reparación está máis amplamente distribuído sobre o territorio do que o está a maioría do emprego industrial. Agora, malia que ambos índices permiten analizar o grao de concentración e dispersión relativa da actividade económica medida en termos de emprego, existen lixeiras diferenzas conceptuais

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

entre ambos, resultado do xeito en que están calculados. O índice de Theil dá conta de como o emprego da reparación está máis próximo á entropía, isto é, mais equitativamente distribuído sobre o territorio. O índice de concentración de Krugman, por outro lado, dá conta de como a reparación está entre as actividades onde as diverxencias entre a contribución da reparación ao emprego de cada territorio e a contribución do emprego de cada territorio ao total son menores, o que significa que os perfiles de concentración da reparación non difiren sustancialmente entre unidades territoriais.


A posición das diferentes actividades de reparación é equivalente segundo ambos índices, reparación de vehículos de motor é a máis relativamente dispersa sobre o territorio e cuxo perfil é máis parecido entre unidades territoriais, seguido de reparación de maquinaria e reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico. Pola contra, emprego industrial está máis relativamente concentrado e onde os perfiles de especialización difiren entre unidades territoriais.

A nível rexional europeo os datos mostran que as actividades de reparación poden contribuír a crear emprego e actividade económica de xeito descentralizado sobre o territorio, especialmente se temos en conta que reparación, tanto de vehículos de motor como de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico están entre as actividades máis intensivas e máis creadoras de emprego.

Os resultados a nível local poden ofrecen unha imaxe diferente, tamén segundo o indicador que empreguemos. Figura 6-7 mostra o índice de Theil para emprego industrial e emprego da reparación. Notamos que emprego industrial está dado en valores agrupados, para o cal tamén agregamos o emprego da reparación das tres ramas nun mismo valor conxunto.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6-7. Índice de Theil para o emprego industrial e o emprego da reparación a nível comarcal galego. Ano 2016




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de 'Afiliacións á Seguridade Social por municipio de residencia da persoa afiliada' e datos de 'Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal e estrato de asalariados' do Banco Comarcal de Datos (Instituto Galego de Estatística, 2024)

Figura 6-8 mostra o índice de concentración relativa de Krugman para emprego industrial e emprego da reparación. Notamos que, ao igual que no caso anterior, emprego industrial está dado en valores agrupados por sectores, para o cal tamén agregamos o emprego da reparación das tres ramas nun mismo valor conxunto para facer a valoración conxunta.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6-8. Índice de Concentración Relativa de Krugman para o emprego industrial e o emprego da reparación a nível comarcal galego. Ano 2016.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de 'Afiliacións á Seguridade Social por municipio de residencia da persoa afiliada' e datos de 'Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal e estrato de asalariados' do Banco Comarcal de Datos (Instituto Galego de Estatística, 2024)

Os datos a nível local, porén, mostran para ambos índices valores diferentes segundo a actividade de reparación concreta, e cada índice, ademais, mostra información diferente respecto do grao de dispersión das diversas actividades. Índice de Theil, que dá conta do grao de entropía do emprego, mostra que emprego da reparación está relativamente concentrado en comparación coas actividades industriais. Reparación de vehículos de motor é das que mostra un grao de concentración menor, o que quer dicir que o emprego de reparación de vehículos está relativamente distribuído sobre o territorio.

O índice de concentración de Krugman, porén, dá conta de como as actividades de reparación, salvando reparación de maquinaria, mostran un grao de participación da estrutura de emprego das comarcas similar á participación de emprego das comarcas no total. O perfil de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

distribución do emprego da reparación, polo tanto, asemella ao perfil de participación das comarcas no total.

Para matizar os resultados a nivel comarcal empregamos un indicador adicional, que é o T10, trátase dun indicador que xunta a participación do emprego nos sectores consultados para as 10 unidades territoriais que máis emprego neses sectores acumulan. No caso das distintas actividades de reparación, T10 representa a suma de emprego na reparación nos 10 concellos con máis emprego na reparación. Utilizamos como benchmark as variábeis de emprego industrial, PIB e poboación. Como unidade territorial empregamos os concellos, en lugar das comarcas, xa que os datos mostran un elevado grao de concentración.

Táboa 6-10. Índice T10, porcentaxe do emprego na reparación que representan os 10 concellos con máis emprego na reparación. Ano 2016

	Instalación e reparación de maquinaria	Reparación e mantemento de vehículos de motor	Reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico
T10 de emprego	60,4%	39,9%	53,7%
Porcentaxe de emprego industrial dos concellos do T10	25,0%	37,9%	38,9%
Porcentaxe de poboación dos concellos do T10	25,5%	33,7%	33,1%
Porcentaxe de PIB dos concellos do T10	30,2%	49,2%	47,2%

Fonte: Elaboración propia a partir do 'Directorio de empresas e unidades locais'; 'Produto interior bruto municipal', 'Cifras poboacionais de referencia' e 'Afiliacións á seguridade social por municipio de residencia da persoa afiliada', extraído do Banco de Datos Comarcal (Instituto Galego de Estatística, 2024)

Como podemos ver, os 10 concellos que máis emprego acumulan das tres ramas de reparación acumulan unha porcentaxe importante do emprego total do sector, no caso de Instalación e reparación de maquinaria trátase de 60,4%, no caso de reparación de computadoras trátase de 53,7% e no caso de reparación e mantemento de vehículos de motor trátase do 39,9%. No caso de reparación de maqinaria, os dez concellos do T10 non acumulan unha porcentaxe similar de emprego industrial, poboación ou PIB, outros factores guían a acumulación deste tipo de emprego. Unha análise pormenorizada dos concellos (Vigo, A Coruña, Narón, Bergondo, Moaña, Mos, Marín, Cangas, As Somozas, e O Porriño) denota que outros factores inflúen no posicionamento. Tres dos concellos mostran proximidade ao clúster automobilístico de Vigo, catro dos concellos están fortemente vencellados a construción naval e pesca e dous dos concellos contan con polígonos industriais de grande tamaño. Observamos, polo tanto, que proximidade a centros potenciais de demanda e disponibilidade de solo industrial constitúen vectores importantes de posicionamento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No caso de reparación de vehículos de motor, os concellos que constitúen o seu T10 si mostran unha concentración maior de emprego industrial, poboación e PIB, porén, cunha concentración do emprego da reparación de 39,9% demostra ser a actividade máis relativamente dispersa no territorio das tres, o que encaixa coa co observado nos indicadores tanto de Theil como de Krugman a nível comarcal. Os concellos que constitúen o T10 están entre aqueles con máis poboación de Galiza (Vigo, Lugo, A Coruña, Santiago de Compostela, Vilagarcía de Arousa, Ourense, O Porriño, Pontevedra, Arteixo e Narón). Observamos un patrón de acumulación en torno dos centros urbanos, porén, a porcentaxe de 39,9% do emprego, en comparación coas outras actividades de reparación, denota un grao de dispersión moito máis elevado, constatación de que toda a cidadanía participa do servizo dado o elevado grao de penetración dos vehículos e requiren de servizos en proximidade.

O T10 de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico representa 53,7% do emprego do sector, unha porcentaxe relativamente elevada. Os concellos do T10 volven estar entre aqueles con poboación de Galiza (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra, O Porriño, Ferrol, Culleredo e Vilagarcía de Arousa). De novo advertimos un patrón de concentración en torno a centros urbanos e de poboación galegos. Reparación de computadoras, dada a maior concentración de emprego nos concellos do T10, busca con maior intensidade entornos urbanos onde encontrar a masa crítica (persoas e empresas, dada a súa orientación cara á demanda intermedia) para a viabilidade dunha actividade intensiva en man de obra e onde os prezos dos produtos son significativamente inferiores aos prezos que poden acadar vehículos de motor e maquinaria de equipo.

A nosa análise do nível de concentración e dispersión territorial mostra dous patróns de localización diferentes en función do nível territorial. A nível rexional, o emprego na reparación encóntrase máis equitativamente distribuído do que o emprego industrial, que tende a experimentar maiores níveis de concentración. O fomento da reparación, polo tanto, mostra potencial para contribuír ao desenvolvemento sustentábel, mais tamén para contribuír ao desenvolvemento rexional pola vía da creación de emprego relativamente distribuído territorialmente. A análise a nível local permite avaliar os patróns de dispersión territorial a un nível analítico diferente. Dentro das propias economías rexionais, actividades de reparación mostran níveis de concentración relativamente máis elevados que algúns dos agregados de emprego industrial que empregamos. Identificamos un patrón de localización a nível local influído pola proximidade, mais proximidade á demanda potencial de cada tipo de reparación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reparación de maquinaria mostra un patrón de localización influído por proximidade a centros industriais e asteleiros, todos espazos con solo industrial disponíbel e proximidade á demanda potencial. No caso de reparación de vehículos e de computadoras o que observamos é patróns de localización influídos polas economías de urbanización, especialmente no caso de reparación de computadoras, que encontra nos entornos urbanos a masa crítica necesaria para desenvolver a súa actividade. Reparación de vehículos mostra un patrón maior de dispersión a nível local, o que denota proximidade á demanda que, dado o grao de penetración dos vehículos, está esparexida por todo o territorio.

Estes resultados permiten confirmar o elevado grao de dispersión da reparación relativamente co emprego industrial a nível rexional, o que confirma o potencial da reparación para contribuír ao ao desenvolvemento económico rexional. A nível local tamén confirmamos a propensión cara a dispersión a nível local relativamente a algúns dos agregados de emprego industrial, embora for necesario matizar estes resultados. Proximidade á demanda potencial explica os nosos resultados. A nível rexional as actividades de reparación están distribuídas para dar servizo á demanda inmendiata. A nível local, o maior grao de concentración tamén se explica pola proximidade á demanda potencial, que para cada actividade de reparación é diferente, así reparación de maquinaria mostra un grao relativamente maior de concentración a nível local, dado que os patróns de concentración son en torno de espazos industriais, e no caso de reparación de vehículos e sobre todo computadoras, son as economías de urbanización as que fomentan a concentración, urbanización que non só afecta á actividade económica, senón tamén á poboación, cuxas vidas cada vez máis pivotan derredor de espazos urbanos concretos.

A nosa investigación verifica empiricamente as propiedades comunmente asociadas coa reparación, mais non só no tocante a reparación de artigos de consumo, senón de todo tipo de bens necesarios para o funcionamento das nosas economías, incluído todo tipo de bens de capital “Service-life extension services to repair manufactured capital -vehicles, equipment, aircraft, ships, buildings and infrastructure- exist locally worldwide.” (Stahel, 2013, p.6).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7. O ESTUDO DAS UNIDADES DE REPARACIÓN: BARREIRAS ESTRUTURAIS E OBSOLESCENCIA

Neste capítulo exploramos a dimensión das barreiras á reparación desde a perspectiva dos propios reparadores, para o cal empregamos métodos cualitativos que nos ofrecen unha visión única dentro dos procesos de reparación e as dificultades que enfrentan os individuos que participan activamente da mesma. Neste estudo realizamos unha avaliación pormenorizada das actividades de reparación pola vía das entrevistas directas e da recompilación de cuestionarios. Esta información oferece unha visión única sobre o modo de traballo dos reparadores e polo tanto tamén sobre as dificultades sistémicas que encontran na realización da súa actividade. O coñecemento específico sobre o modo de traballo dos reparadores é crucial á hora de regular a reparación ou comprender algunhas das características económicas que mostran os datos sectoriais agregados.

7.1. A REPARACIÓN DE EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA, UN ESTUDO DE CASO

A primeira aproximación ao modo de traballo dos reparadores procede dunha serie de entrevistas realizadas con reparadores no ámbito do equipamento de alta tecnoloxía realizada no contexto universitario. A universidade é un espazo idóneo para estudar prácticas relacionadas coa reparación dada a importancia das mesmas na supervivencia do tecido infraestrutural. Hobson & O'Byrne (2024) analizan no campus prácticas de reparación entre estudantes, nós atallamos a reparación desde a perspectiva dos fornecedores, non dos demandantes. Reparación de equipo de alta tecnoloxía ou equipo de investigación é un caso concreto de reparación estreitamente relacionado coa reparación de equipamento eléctrico electrónico e tamén coa reparación de bens de capital, dado que os produtos de que se ocupan son extremamente máis caros. No noso caso de estudo, os reparadores traballan para unha institución universitaria, o que fai con que os seus salarios non sexan dependentes da cantidade de reparacións que realizan. Isto permite que invistan tempo, esforzo e coñecemento en manter os aparellos e elimina presión sobre a cantidade de reparacións que deben realizar. A escolla deste servizo de reparación radica na estreita relación co sector eléctrico electrónico comercial e tamén a reparación de maquinaria e bens de capital. Este estudo oferece unha perspectiva única sobre o modo de traballo e as lóxicas que guían o traballo de reparación de tipo comercial

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e permite identificar como as barreiras comunmente asociadas a instancias de reparación comercial aplican a multitude de factores pois responden ás mesmas lóxicas.

7.1.1. Análise temática

Após recollida e analizada a información seguindo os criterios explicados no capítulo metodolóxico presentamos os nosos resultados tabulados en función dos temas e códigos empregados. Separamos os temas en dous grandes grupos; dunha parte aqueles relacionados coas características das actividades de reparación, o que ofrece unha imaxe sobre a natureza da actividade da reparación; doutra parte aqueles que avalían os principais obstáculos que encontran, que valoración fan dos mesmos e que recursos empregan para sobreporse.

Na táboa 7-1 recollemos os temas e códigos relacionados coa actividade de reparación e as características do seu traballo. Estes códigos mostran como realizan o seu traballo, cales son as características e que o diferenza doutras formas de reparar, así como a evolución nos últimos anos.

Táboa 7-1. Análise de contido sobre as características do traballo de reparación

Temas	Códigos
Como traballan?	-Tenden a reparar e manter intactas as placas, o que implica reparar os componentes das mesmas -Substitúen módulos enteiros (reparan a nível de módulo) só como último recurso -Procuran conservar todo o equipo vello que poden para ser canibalizado para partes -Espazo é o factor limitante (fáltalles espazo para gardar equipo vello e evitar que sexa descartado) -Os cursos formativos acostumaban durar até aos 15 días. Analizábanse os módulos en detalle, como funcionaban, os componentes e como reparalos. Hoxe os cursos duran un día e só analizan os defectos que pode dar cada módulo, como detectalos e como substituílos.
Uso do tempo	-Os seus salarios están cubertos pola institución para a que traballan, o que lles permite atallar traballos de reparación máis laboriosos e intensivos en traballo. -Traballan con calma e con coidado
Curiosidade	-Os enxeñeiros non son os mellores reparadores, é a formación profesional a que produce os mellores reparadores -Curiosidade e propensión a 'trebellar' son trazos de personalidade propios dun bo reparador
Valoración e aprecio	-A súa experiencia e o trato directo cos usuarios (investigadores) confírelles confianza aos mesmos. Valoran considerabelmente os seus servizos. Os usuarios teñen un grande respeito por eles. -É común participaren nas investigacións xunto cos usuarios, dada a súa experiencia cos equipos. -Desfrutan do seu traballo e xúlgano útil para a sociedade -Valoran o seu coñecemento, así como aquel que lles foi transmitido por outros reparadores máis experientes -A xestión da entidade na que traballan preferiría que fosen os propios usuarios os que usasen os seus fondos para reparar e negociasen coas marcas individualmente (é o sistema usado maioritariamente nas universidades hoxe) -As subas nos prezos dos equipos poden revitalizar a reparación

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O primeiro dos temas ten a ver con como realizan o seu traballo. É fundamental comprender os pormenores do traballo da reparación, pois estes denotan a súa natureza única, tamén en relación con outras actividades de reparación. Debemos distinguir dous termos clave: partes, ou módulos, e componentes. Partes, ou módulos, son pezas da máquina que constitúen unidades funcionais, isto é, realizan algunha función concreta na máquina. Están habitualmente formadas por elementos mecánicos ou eléctricos. Componentes, por outro lado, son cada un dos elementos que integran as partes, o seu funcionamento contribúe ao funcionamento das partes, normalmente placas. Existe unha diferenza fundamental entre a reparación a nivel de componente e a nivel de parte. A reparación a nível de componente está desaparecendo (segundo os entrevistados), é máis laboriosa, requere coñecementos técnicos máis avanzados, así como información técnica da máquina ou da placa en cuestión (como mapas eléctricos ou despeces), requere, ademais, de certas condicións físicas (como que as distintas partes sexan facilmente accesíbeis).

A reparación a nível de módulo é hoxe moito máis popular. Algúns reparadores afirman que hoxe xa non se repara, só se cambian pezas. Isto procede dunha perspectiva tradicional da reparación. A efectos prácticos reparación a nivel de módulo tamén se considera, e así o faremos de aquí en diante, reparación; malia que será necesario establecer unha distinción entre os níveis aos que nos referimos, quer reparación a nível de componente quer de parte. En xeral, a reparación máis vantaxosa do punto de vista ambiental (materiais) e económica (tendo en conta só custo do material) é a reparación a nível de compoñente. Tamén se trata da reparación que asegura a difusión e consolidación dos coñecementos sobre reparación máis avanzados e garante a democratización do acceso á tecnoloxía pola vía do coñecemento e non só da capacidade económica para a adquisición de partes avariadas (Jackson et al., 2012; Houston & Jackson, 2016).

Os cambios no método de traballo, na forma de reparar, tradúcense principalmente en mudanzas no nível, do componente cara ao módulo. Os cursos formativos que se imparten actualmente para reparadores das marcas reflicten esta mudanza, ao pasaren de ser cursos longos onde se afondaba nas características da máquina e en como identificar os problemas a nivel de compoñente, a ser cursos intensivos focados só nos módulos: como identificar faltas por módulo e como cambialos (segundo os reparadores). Os reparadores de equipamente de alta tecnoloxía manteñen viva a forma de traballar a nível de componente, o que se reflicte, entre outras cousas, na tendencia a gardar equipamento vello para canibalizar, dada a súa

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

intercambiabilidade. Eis que a limitación de espazo sexa un factor determinante no seu xeito de traballar dado que non poden gardar todo o que desexarían.

Este xeito de traballar e estes coñecementos que os reparadores de alta tecnoloxía manteñen vivo é posíbel grazas ao uso que fan do tempo. A disponibilidade de tempo resulta de estaren contratados pola universidade, de xeito que o prezo total da reparación non repercute directamente sobre os usuarios. Isto permite investir en reparacións máis laboriosas e longas ou intensivas en man de obra. Tamén fica tempo para 'trebellar' e descubrir as fallas ou arranxar equipamento destinado ao descarte (consideramos o uso do termo trebellar adecuado dada a equivalencia co termo inglés 'tinker', que se emprega habitualmente en estudos deste ámbito, véxase Jackson, 2014). Esta forma de traballar é a ideal dadas as características da actividade de reparación e o proceso de aprendizaxe da mesma (Orr, 1996; Jackson, 2014). Curiosidade, vontade por descubrir o problema e darlle solución son características ideais dun reparador. Varios dos entrevistados comentaron que desde que eran crianzas 'trebellaban' cos aparellos da casa ou cos seus brinquedos. Esta forma de traballar é, adicionalmente, tranquila e pausada, o que contribúe ao benestar mental e emocional dos entrevistados, estado que se reflite e se proxecta no seu traballo e no seu relacionamento cos usuarios (extremo que puidemos constatar nas sesións de investigación de campo).

Ás características do seu traballo súmase a elevada valoración por parte dos usuarios e ao bo relacionamento que manteñen con eles. Adicionalmente, os propios entrevistados valoran positivamente a finalidade do seu traballo, a utilidade do mesmo. A paixón polo que fan, as historias de reparacións con suceso ou o orgullo que manifestan ao evitaren un descarte desnecesario, permean o seu discurso. Os reparadores perciben o seu traballo como traballo útil nun sentido graeberiano (Graeber, 2018), que contribúe á mellora da sociedade. Contrasta, así e todo, esta elevada valoración propia e dos usuarios a que atenden coa valoración que fan do propio servizo os responsábeis de xerencia da institución, que preferirían deixar caer ao servizo e facer con que cada usuario se fixese cargo dos seus propios custos de reparación a través de contratos con axentes externos.

Nas sesións de investigación participante puidemos observar, de primeira man, o modo de traballo. O cambio dun único capacitador danado nunha das placas dun espectómetro de masas permitiu con que o aparello volvese funcionar con normalidade. O componente estaba queimado o que o fixo fácil de identificar. O custo material da reparación ascendeu a céntimos, non contando polo tanto man de obra. Servizos oficiais de reparación das marcas terían

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cambiado a placa enteira ou varias, ou teríanse mesmo negado a reparalo argumentando discontinuidade das pezas (segundo argumentaron os entrevistados). Maquinaria máis moderna tende a ter módulos integrados e componentes miniaturizados o que fai máis difícil manipulalos. Noutras instancias puidemos observar o aprezo dos usuarios polos reparadores, conscientes do valor que supón telos de man.

Este xeito de realizar a reparación (pola vía do traballo a componente), o uso que fan do tempo e a liberdade que teñen para investilo, así como a valoración do seu traballo, é o que distingue principalmente a reparadores independentes de reparadores oficiais das marcas (segundo puidemos constatar a partir da nosa análise). Isto constitúe, ao mesmo tempo, os mecanismos de que dispoñen para atallaren os obstáculos que encontran no proceso de reparación. É necesario facer notar que, malia que a obsolescencia programada é un fenómeno comunmente asociado co fast fashion (Packard, 1960) e co equipamento eléctrico electrónico para consumidores (Öko-Institut e.V., 2020), equipamento tecnolóxico e científico non fica exento. Cada vez máis, as marcas empregan mecanismos variados para limitar o acceso dos reparadores independentes e dificultar o seu traballo en aras de apropiarse do importante mercado de servizos posvenda (un dos reparadores veteranos, con máis de 30 anos de experiencia, afirmaba que o custo de reparación-mantemento ronda 10% anual do custo de adquisición do equipo).

A segunda parte da nosa análise temática refere ás barreiras á reparación, así como aos mecanismos de que dispoñen para ultrapasalas ou, no mínimo, lidar con elas. Ao igual que no caso anterior, as barreiras que os reparadores identificaron foron agrupadas en catro grandes categorías. Estas fican refletidas na táboa 7-2 que se mostra a seguir.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 7-2. As barreiras que encontran os reparadores e como se sobrepoñen a elas

	Barreiras	Como as ultrapasan?
Recambios e partes	-Algúns fabricantes non serven pezas de reposto, serven só módulos enteiros -As substitucións adoitan ser caras -Os servizos oficiais de reparación repararan só a nivel do módulo (máis caro) e non a nivel de compoñentes -A produción de módulos pouco comúns adoitan descontinuarse	-Reparación a nivel de compoñentes -Tratan de canibalizar equipos antigos -Acoden a provedores xerais para repostos comúns -Plataformas de venda polo miúdo en liña acostuman a ser bos para obter equipos vellos e componentes
Software	-A incorporación de firmware (fai máis difícil detectar fallas e obriga a reprogramar a placa) -O equipo periférico (empregado na leitura de resultados) está suxeito a dinámicas comerciais de obsolescencia -Licencias e software pechado. Partes do software están protexidas por contrasinais e os usuarios non poden acceder. -Remoción de soporte para sistemas operativos vellos. Habitualmente o equipo só traballa con determinados sistemas operativos, cando o hardware falla o vello sistema operativo non pode ser empregado en hardware novo -Para reseteos e recalibrados é necesario software específico protexido por contrasinais	-Máquinas virtuais poden ser creadas para operar sistemas operativos vellos (é difícil e unha solución subóptima) "No que se refire a software non hai nada que poidamos facer"
Innovación	-Miniaturización: Módulos e componentes cada vez máis pequenos -Complexidade electrónica adicional -A mecánica deixa lugar cada vez máis á electrónica	-Modifican e mesmo crean novas máquinas a medida das necesidades dos usuarios
Información	-Non proporcionan manuais e esquemas técnicos -Non proporcionan contrasinais ou códigos de acceso -Reparadores oficiais das marcas mudan múltiples módulos simultaneamente, mesmo que funcionaren ben. É moito máis caro, mais oculta a causa real do problema aos reparadores que os supervisan -Poden chegar a apagar números de serie nos componentes para evitar a súa identificación por parte de reparadores independentes	-Experiencia: Todo o equipo científico e de investigación opera con principios similares -Seguen e observan aos reparadores das marcas para aprender deles (coidan aos que os axudan e castigan aos que non) -Comunidades online de reparadores: espazos de filtración e partilla de información e manuais. Participan en foros e plataformas colaborativas -Contratos de compra: presionan para asegurar que nos contratos se inclúen provisións no tocante a manuais. Apoian marcas que son máis abertas coa información -A axuda e o intercambio de información e experiencias pasadas é fundamental no proceso de aprendizaxe -Forman redes con expertos e técnicos aos que consultar dúbidas

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas

Identificamos catro categorías principais de barreiras, se ben dentro de cada unha poden existir diferentes estratexias. No que refere a repostos e recambios, algunhas empresas non proporcionan recambios, outras proporcionan só recambios a nivel de módulo, os cales

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

acoustuman a ser caros. Os servizos oficiais de reparación dos fabricantes reparan só ao nível do módulo, nunca ao nível do componente. Como contraste, os reparadores independentes reparan ao nível do componente, o que os fai máis resilientes e menos dependentes das políticas comerciais dos fabricantes en relación cos recambios. Empregan sempre que posíbel pezas xenéricas e canibalizan todo o que poden de maquinaria vella e descartada. Este xeito de reparar é moito máis barato en termos de materiais e equipamento necesario, mais é máis intensivo en traballo. Require, adicionalmente, de coñecementos específicos, en moitos casos esquemas das placas, que os fabricantes acostuman a non difundir, alén de experiencia, que precisa de anos para se conseguir. Ainda así, reparar a nível do componente non é abondo para superar os obstáculos.

Software é unha das barreiras principais que enfrentan os reparadores e onde menos marxe de manobra teñen. Un dos reparadores chegou a afirmar que "en materia de software non temos nada que facer" (sic). Firmware é un mecanismo habitual das empresas para dificultar a detección de fallas e dificultar a reprogramación e o reseteo. Encádrase nunha estratexia internacional de extensión do control sobre os produtos para alén do momento da venda pola vía do software (Grinvald & Tur-Sinai, 2019). O uso de licenzas así como de software protexido por códigos e contrasinais fai con que os reparadores estean limitados á hora de traballar, particularmente para resetear ou recalibrar equipos, xa que precisan de códigos. Adicionalmente, o software e o equipamento periférico (necesario para a leitura dos resultados e para a execución do software da máquina se for preciso) son os elos máis febles de toda a rede tecnolóxica e de investigación. Estes equipos están suxeitos á obsolescencia propia do equipamento eléctrico-electrónico comercial, e polo tanto son menos duradoiros que o equipo científico a que acompañan. O software asociado está, na maior parte dos casos, concebido para ser executado en soportes hardware específicos. A dificultade á hora de manter equipos periféricos ou encontrar equipos de substitución é un factor limitante. A creación de máquinas virtuais é un mecanismo recorrente, mais non sempre é posible ou non é un mecanismo ideal. Internet tórnase unha ferramenta fundamental para estes reparadores, xa que permite conseguir equipos vellos de lugares moi distantes que doutra forma non darían conseguido. Internet tamén é usado para conseguir manuais, despeces e esquemas en foros e espazos colaborativos, ou para conseguir pezas que os fabricantes descontinúan. Neste contexto, o internet serve unha función convivial (Robra et al., 2023), dado que contribúe para o desenvolvemento dunha actividade sustentábel e de resistencia.

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Referimos pola categoría innovación a cambios tecnolóxicos que tornan a reparación máis complexa, no sentido da obsolescencia funcional. Estes cambios consisten na miniaturización, a microelectrónica é cada vez máis común. Módulos e componentes ven reducido o seu tamaño e o seu peso, mais como contrapartida son máis difíciles de examinar e manipular. Coñecementos e formación específica son necesarios. Adicionalmente, procesos mecánicos deixan cada vez máis sitio a procesos electrónicos, suxeitos á miniaturización e á maior complexidade no deseño. En materia de innovación os propios reparadores tamén avanzan, en ocasións creando novas máquinas ou desenvolvendo funcionalidades específicas nos equipos a petición dos usuarios. Esta cercanía na colaboración contribúe ao elevado status e apreciación dos reparadores nos ambientes de investigación e proporciónalles unha posición na súa institución que reparadores de fábrica e mesmo fabricantes nunca poderán chegar a acadar.

Información é unha das categorías principais no referente a obstáculos. A falta de provisión de manuais e despeces, así como de códigos de reseteo ou recalibrado, é común até ao punto de se tornar tópico. Difusión deste tipo de información pode considerarse un incumprimento da lei de Copyright (Svensson et al., 2018). A insistencia dos fabricantes coa ocultación da información chega ao punto de mandaren aos seus propios servizos técnicos cambiaren varios módulos simultaneamente, malia saberen que só un deles está avariado, para evitar así que os reparadores independentes saiban cal é a falla que deu a máquina. Supostamente, os fabricantes chegan até a apagar os números de serie dos componentes das placas para dificultar aos reparadores independentes a identificación do componente e polo tanto o seu reemprazo. A información é un mecanismo que os fabricantes empregan para dificultar o traballo aos reparadores independentes ao tempo que proporciona unha vantaxe competitiva aos seus propios servizos técnicos de reparación. Así e todo, a reparación non é un fenómeno pasivo, senón proactivo. Os reparadores non son observadores do proceso suxeitos ás limitacións impostas polos fabricantes, mais ao contrario (Jackson, 2014), os reparadores interaxen cos obxectos, buscan solucións aos problemas e móvense nas marxes para superar as limitacións impostas. É habitual recorreren a espazos colaborativos e de networking a través de internet (Charter & Keiller, 2014), os reparadores que entrevistamos non son unha excepción a este respecto e acostuman frecuentar foros onde se filtra información. Alén diso, tamén empregan titoriais e vídeos da internet.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No espírito que sinalaban Jackson (2014) e Orr (1996), é a experiencia unha ferramenta fundamental dos reparadores, dado que a maquinaria científica segue toda principios similares e é relativamente doado extrapolar o funcionamento dunha máquina por outra. Neste espírito de aprendizaxe, os reparadores que entrevistamos tentan aprender todo o posíbel dos reparadores das casas comerciais cando é necesario que estes acodan. Os reparadores que entrevistamos fan valer a súa forza nestes contextos, axudando en todo o posíbel a aqueles reparadores das casas comerciais que son xenerosos coa información, entanto dificultan o traballo o máis posíbel a aqueles que son recelosos da información que manexan. Relacionado con isto, tamén exercen a súa forza cando asisten aos usuarios nos contratos de compra, recomendando a aqueles marcas máis xenerosas e máis abertas e desincentivando as outras. Nos propios contratos de compra presionan tamén para que se inclúa nas cláusulas a obriga de proporcionar manuais técnicos xunto cos manuais de usuario. É fundamental para os reparadores, alén da información técnica, dispor de colaboradores ou colegas aos que consultar. Ao longo da súa carreira os reparadores acumulan experiencia e aprenden dos compañeiros e compañeiras. Forman, en definitiva, unha rede de contactos á que recorrer cando teñen dúbidas ou precisam axuda.

A axuda dos compañeiros é fundamental a este respecto. Os reparadores que entrevistamos mostran unha disposición total a axudarse entre eles e de ensinarse o que saben, especialmente dos reparadores máis veteranos aos máis novos. A axuda e a transmisión da información son imprescindíbeis para a realización das reparacións e mesmo para manteren o servizo en funcionamento. Alén dos coñecementos técnicos outros coñecementos son partillados entre os reparadores, como as redes de contacto, o xeito de traballar, as características do servizo... aspectos que para alén de permitiren realizar reparacións axudan a manter vivo o seu espazo e a posición que ocupan na estrutura institucional na que operan.

7.1.2. Resultados da análise temática

A nosa análise oferece unha visión complexa e profunda do fenómeno da reparación, que empregamos na elaboración dos cuestionarios. As achegas das entrevistas sobre barreiras e formas de lidar com elas son de especial relevancia nos cuestionarios, dado que nos permite afinar as preguntas e o xeito de elaboralas. En conxunto, a nosa achega á reparación con finalidade comercial, infórmase tamén das investigacións sobre reparación máis preocupadas pola dimensión comunitaria e activista ou pola perspectiva do consumidor (véxase por exemplo Martínez & Laviolette, 2019; Graziano & Trogal, 2017; Wieser & Tröger, 2018; Ackermann et

al., 2018; Terzioglu, 2021). A nosa investigación mostra que os reparadores profesionais adoptan estratexias e teñen actitudes similares ás dos reparadores comunitarios (que tamén observamos en Cohn, 2017). Reparadores profesionais e comunitarios buscan en todos os casos os mellores atallos para enfrentar as barreiras á reparación, mesmo que aqueles requiran usar canles non sancionadas polos fabricantes. Ambos partillan trazos coma a paixón por coñecer o funcionamento interno dos aparellos e por trebellar neles, mesmo desde moi novos. A actitude que demostran ter os reparadores é proactiva e dinámica, en absoluto pasiva e conservacionista.

Os reparadores desfrutan o seu traballo e considérano útil, así o recoñecen os propios usuarios tamén (Graeber, 2018). Perciben a actividade que realizan como un xeito de evitar desperdicio e de facilitar o normal funcionamento da institución universitaria, son, polo tanto, posibilitadores da investigación. O xeito en que traballan, operando ao nível do componente, exhibindo dominio no seu campo por riba mesmo dos reparadores comerciais, é unha fonte de orgullo. O modo en que traballan condiciona o xeito en que realizan as reparacións, o xeito en que lidan cos descartes e mesmo o uso que fan do seu tempo. Traballar a compoñente requere de exames máis pormenorizados e de maiores coñecementos técnicos, tanto tanxíbeis (mapas electrónicos, despeces...) como intanxíbeis (experiencia, axuda de compañeiros...). Este know-how é un elemento fulcral do traballo da reparación e é tácito por natureza, o que quer dicir que só pode ser documentado até a un certo grao (Lundvall, 1999). A aprendizaxe destes coñecementos é só posíbel a través da integración nun círculo de reparadores propenso a partir esta información. Os reparadores de alta tecnoloxía que entrevistamos exhiben estas características, o que fai con que este servizo con características únicas continúe existindo encanto outros servizos similares desapareceron en aras dos servizos oficiais de reparación das marcas.

Con todo, os entrevistados mostran, polo xeral, unha actitude pesimista respecto do futuro da súa actividade debido á inviabilidade da reparación ao nível do compoñente, chegando a afirmar que "a reparación ao compoñente acaba con nós". Mesmo que esta valoración sexa exaxerada, está motivada por constatacións informadas. A actitude que os reparadores mostran non é sumisa. Os reparadores buscan continuamente atallos e vías para sobreporse aos atrancos que impoñen os fabricantes (Jackson, 2014; Houston et al., 2016; Jackson et al., 2012). Neste caso, mesmo empregan os seus coñecementos e a súa posición para influír sobre a institución para a que traballan e lograr mellores condicións de partida para realizaren a reparación. Móvense nas marxes buscando suplir a información por distintas vías, mesmo aquelas non

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sancionadas polos propios fabricantes. Constitúen, de xeito seguramente inconsciente, un movemento de resistencia fronte á obsolescencia admirábel e comparábel a movementos de reparación comunitaria.

7.2. REPARACIÓN COMERCIAL, UN ESTUDO A TRAVÉS DE CUESTIONARIOS

O estudo das unidades de reparación constitúe un elemento fundamental para construír unha base microeconómica sólida no estudo da reparación. A reparación é unha actividade cunha natureza especial no contexto económico actual e no marco da economía circular. Trátase dunha actividade de natureza coase artesanal cun elevado potencial para crear actividade económica e emprego de xeito descentralizado. A análise das unidades de reparación oferece información valiosa sobre o modo de traballo e as problemáticas que enfrenta, o que á súa vez permite avaliar os resultados dos agregados económicos sectoriais e os efectos específicos da regulación sobre a reparación. A análise microeconómica específica tamén confire robustez á nosa investigación, dado que evita xeneralizacións vagas baseadas só en consideracións de mercado (Hill & Myatt, 2010). A análise é feita a partir de cuestionarios dirixidos aos propios reparadores.

7.2.1. Introdución aos cuestionarios. Unha achega comparada.

O noso cuestionario parte dunha avaliación previa das características da reparación vinda de outros traballos de investigación cualitativa e cuantitativa, alén das nosas propias achegas á reparación pola vía da investigación cualitativa (Dalhammar et al., 2020; Andersson et al., 2018; Türkeli et al., 2019; Riisgard et al., 2016; Lepawsky, 2020). Nos nosos cuestionarios seguimos algún dos patróns comúns a outros cuestionarios sobre a reparación, por exemplo, preguntas relacionadas cos obstáculos que enfrentan, mais tamén incorporamos cuestións novidosas no ámbito da reparación: preguntas sobre o proceso específico de reparación, o papel da interrelación entre eles, os prezos de reparación ou o proceso de aprendizaxe. Estas preguntas permítennos comprender a natureza das actividades de reparación de forma máis pormenorizada. O xeito de reparar, quer a nível de módulo ou de componente, inflúe na forma de crear incentivos para a reparación. As preguntas relacionadas coa formación e obtención de coñecemento son claves para comprender como se consolidan as iniciativas da reparación, tamén do punto de vista da súa promoción. Os relacionamentos con outros reparadores son fundamentais para comprender a natureza do tecido de reparación e contribúe a comprender a capacidade das empresas para formar redes de colaboración e mesmo innovar.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

A partilla de información pola vía da proximidade é vital para a reparación (Orr, 1996). Estes cuestionarios permítennos, en última instancia, identificar barreiras á reparación e as estratexias que empregan para a súa superación.

7.2.2. Resultados dos cuestionarios

Neste apartado relatamos os resultados dos cuestionarios. Comezamos cos aspectos de catalogación, a seguir pasamos a avaliar aspectos relacionados coa formación, despois exploramos aqueles aspectos relacionados coas redes de colaboración existentes e finalmente exploramos aqueles elementos relacionados coas barreiras á reparación.

7.2.2.1. Catalogación

Neste apartado recollemos o perfil das unidades de reparación ás que consultamos. Na táboa 7-3 indicamos o tipo de produtos que as unidades consultadas reparan.

Táboa 7-3. Tipos de produtos que as unidades consultadas reparan

Tipo de produto	Porcentaxe de unidades consultadas que os reparan
Computadores de mesa	100%
Computadores portátiles	100%
Equipos periféricos (teclados, pantallas...)	78%
Impresoras	73%
Teléfonos móviles	70%
Servidores informáticos	68%
Televisores	18%
Pequenos electrodomésticos	8%
Radios	7%
Lavadoras secadoras	2%
Refrixeradores	2%
Lavalouzas	2%

Fonte: elaboración propia

Malia dispormos dunha mostra relativamente pequena, con 60 respostas individuais, contamos cunha grande homoxeneidade derivada do tipo de produtos reparados, así como do ámbito territorial que abranguemos. Outros elementos, para alén do tamaño da mostra contribúen á súa representatividade (Sauro & Lewis, 2016). Dentro do ámbito da reparación eléctrico-electrónica, a maioría dos respondentes ocúpanse de equipo de natureza informática, nomeadamente computadores e similares. Equipo eléctrico-electrónico pesado, lavadoras, secadoras, refrixeradores ou lavalouzas coase non aparece representada e as unidades consultadas que si reparan este tipo de produtos tamén reparan equipo informático. Observamos polo tanto homoxeneidade na mostra no tocante aos tipos de produtos reparados. Por outro lado a mostra cínguese ao ámbito territorial galego, o que lle confire homoxeneidade xeográfica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ambas características reducen o risco de viés ao tratarmos con unidades dedicadas a equipamento electrónico e un mercado rexionalmente homoxéneo como é o galego.

Adicionalmente, a maioría das unidades consultadas realiza venda de produtos de tipo informático como actividade secundaria. Esta estreita relación entre reparación e venda está presente nas estatísticas sectoriais. A táboa 7-4 que se mostra a seguir recolle a porcentaxe de unidades que realizan venda, así coma os tipos de produtos que traballan.

Táboa 7-4. Actividades de venda directa das unidades consultadas

Tipo de produto	Porcentaxe de unidades consultadas que os venden
Venda de accesorios (cascos, carregadores...)	93%
Venda de computadores e elementos periféricos	92%
Venda de teléfonos móviles	67%
Venda de servizos de telefonía	55%
Venda de pequenos electrodomésticos	22%
Venda de grandes electrodomésticos	3%

Fonte: elaboración propia

A maior parte das unidades dedicadas á reparación tamén realizan venda de produtos que reparan ou de outros accesorios. Máis de 90% das empresas consultadas realizan venda de computadores, elementos periféricos ou accesorios; 67% das empresas consultadas realizan venda de teléfonos móviles e 55% das empresas venden servizos de telefonía (altas de fibra, liñas telefónicas, tarxetas de subscrición). Venda de segunda man, por outro lado, está moi presente entre as unidades consultadas. 78% das unidades consultadas venden produtos de segunda man, especialmente computadores, equipo periférico e teléfonos móviles.

No tocante ao tamaño das unidades consultadas, observamos que a maior parte das empresas son microempresas, con só algunhas no rango das pequenas e medianas empresas. Empregamos para estimarmos o tamaño o número de empregados, tal e como se mostra na táboa 7-5.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 7-5. Distribución do tamaño das empresas consultadas

Número de empregados	Número de unidades
1	21
2	14
3	11
4	3
5	2
6	1
8	2
9	1
12	1
15	1
16	1
25	1
30	1
Mediana	2

Fonte: elaboración propia

No referido a idade, outro elemento relevante para analizar o perfil das unidades consultadas, mostramos a análise estatística táboa 7-6.

Táboa 7-6. Perfil de idade das empresas entrevistadas dedicadas á reparación

Indicadores da idade das empresas consultadas	
Media	16,34
Desviación típica	9,02
Mediana	15
Valor mínimo	1
Primeiro cuartil	9,5
Segundo cuartil	15
Terceiro cuartil	23
Valor máximo	35

Fonte: elaboración propia

Observamos que a idade media das empresas consultadas ronda a media de idade das empresas galegas de 15,5 anos (ICJCE Galicia, 2023). Esta é, á súa vez, superior á idade media das empresas españolas, que está en 10,8 anos. A desviación típica das idades é de 9 anos. Do total, 7 unidades consultadas tiñan 5 anos ou menos.

7.2.2.2. O mercado da reparación

Neste subapartado presentamos a información relativa ás características do mercado da reparación. Tal e como sinalamos no apartado anterior, o ámbito xeográfico das nosas respostas está limitado a Galiza e ao sector informático. Os resultados, polo tanto, poden non ser extrapolábeis a outros contextos territoriais ou outros mercados. En relación á demanda dos

USC DE COMPOSTELA

servizos de reparación, observamos que a maioría dos reparadores observan aumentos nas reparacións ou non aprecian cambios. Só 11 dos reparadores consultados observan diminución nas reparacións. En relación co perfil da clientela, consultamos se encontraban cambios na composición da clientela. Os resultados móstranse na táboa 7-7. Non observa cambios na composición da clientela 40% das firmas consultadas, entanto que outro 40% mostra que a reparación se torna cada vez máis popular entre a poboación de idade avanzada. A presenza de xente nova na reparación pode estar relacionada con equipo para videoxogos, tal e como sinalaba un dos reparadores.

Táboa 7-7. Evolución das reparacións e cambios na composición da clientela

Observa que nos últimos anos aumentan as reparacións?		
Si, aumentan	21	35.6%
Non, diminúen	11	18.6%
Mantéñense estábeis	27	45.8%
Indique se observa cambios na composición da clientela		
Non observa cambios sustanciais na composición da clientela	24	40.0%
Observa maior interese en reparar entre xente nova	8	13.3%
Observa maior interese en reparar entre persoas de idade avanzada	24	40.0%
Observa maior interese en reparar tanto en xente nova como en xente de idade avanzada	4	6.7%

Fonte: elaboración propia

No tocante ás motivacións, os resultados están na táboa 7-8. Neste caso demos a opción de marcar varias opcións dado que as motivacións da clientela son variadas é razoábel que encontren múltiplas.

Táboa 7-8. Motivación dos consumidores que desexan reparar

Motivación da clientela		
Interese por aforrar	58	96,7%
Maior preocupación ambiental	12	20%
Maior interese por personalizar, customizar, ou modificar produtos para adaptalos a necesidades específicas	15	25%

Fonte: elaboración propia

Entre os reparadores consultados observamos que 96.7% recoñecen encontrar entre as motivacións da clientela a motivación económica. O recoñecemento de que a clientela é consciente do potencial aforro de reparar por cima de comprar produtos novos. Maior interese por personalizar, customizar ou adaptar produtos é outra motivación común, aparentemente 25% das empresas consultadas obsérvana entre a súa clientela. Customización é un vector relevante relacionado co mundo da reparación (Jackson, 2014; Charter & Keiller, 2014). Só 20% das unidades consultadas admiten encontrar motivación ambiental entre a súa clientela. Só 5 reparadores recoñeceron encontrar os tres tipos de motivación entre a súa clientela.

Ao dar a opción de especificar máis, algúns reparadores incorporaron algunhas motivacións adicionais que cumpre ter en conta. Varios reparadores sinalaron os datos como

motivador. A recuperación da información persoal é polo tanto, un vector clave na era dixital. A reticencia a cambiar de tecnoloxía entre a xente de idade avanzada ou o apego ao equipo persoal foron tamén sinalados como vectores por dous reparadores distintos. Outros reparadores aproveitaron para enfatizar o papel dos custos e o interese por aforrar.

Estes resultados dan conta da distancia que existe, no noso contexto territorial, entre as motivacións políticas para a reparación e aquelas que os participantes, neste caso os propios reparadores, perciben. Malia o potencial ambiental ser un dos principais motivadores das políticas de reparación, as principais motivacións identificadas son de carácter económico. Reparar é, na inmensa maioría dos casos, máis barato do que comprar un produto novo, e os estudos existentes, así como o noso propio cuestionario, confirman este extremo.

7.2.2.3. Coñecemento e aprendizaxe

Un dos apartados máis novidosos do noso estudo corresponde ao proceso formativo e o proceso de aprendizaxe dos reparadores. Os reparadores cos que puidemos falar para conducir primeiras aproximacións, ou durante as entrevistas, indicáronnos que non hai itinerarios académicos orientados á reparación. Os coñecementos técnicos son valiosos, mais a reparación non está no foco dos currículos académicos. Outras canles son necesarias para aprender a reparar, estas acostuman adoptar a forma de cursos específicos, contacto con outros reparadores e a propia experiencia. Orr (1996) sinalaba a colaboración entre reparadores como un vector de aprendizaxe, a ferramenta de transmisión deste coñecemento eran as historias e as anecdotas. Jackson (2014) sinala a importancia do Broken World Thinking como vector fundamental da reparación e unha das ferramentas que guía o coñecemento sobre a reparación. Trátase dun proceso intelectual e de innovación fundamentalmente individual, no que o reparador enfrenta equipo roto ou avariado para encontrar solucións. Nas nosas propias entrevistas (ver capítulo 7) puidemos comprobar que a práctica e a axuda de compañeiros eran vectores fundamentais para aprender a reparar. Isto ten a ver coa natureza do coñecemento relativo á reparación, onde pesan formas de coñecemento implícito e know-how difíciles de transcribir e transmitir pola vía escrita (Lundvall, 1999).

Á pregunta pola formación para dedicarse á reparación, optamos por empregar un formato de resposta aberta, onde cada reparador optou por nos dar a información que considera relevante que tivo para dedicarse á reparación. Estas preguntas non están dirixidas á unidade de reparación, senón aos reparadores que responderon aos cuestionarios, que en ocasións eran traballadores e noutras eran os responsábeis da empresa. Só unha persoa, polo tanto, resolveu

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

esta pregunta. Os resultados amosaron unha grande diversidade de bagaxes, tal e como se mostra na táboa 7-9. Observamos que moitos reparadores teñen varias titulacións, para alén de titulacións a carón de cursos formativos específicos. Esta diversidade fai con que a suma de porcentaxes non sexa de 100%.

Táboa 7-9. Bagaxe formativa dos reparadores

Tipo de formación	Número de reparadores	Porcentaxe do total
Autodidacta	8	13.3%
Universitaria	11	18.3%
Formación Profesional (FP)	39	65.0%
Cursos específicos	11	18.3%

Fonte: elaboración propia

Autodidactismo é bastante habitual. Isto non é sorprendente dado que os propios reparadores sinalaran que non son os itinerarios formativos nos que se aprende a reparar. 11 dos reparadores consultados tiñan formación universitaria, na maioría dos casos nalgunha enxeñaría. A maioría dos reparadores mostraron ter, no mínimo, un curso de FP, quer superior quer medio. Un dos reparadores que entrevistamos, cando preguntado por este tema, sinalou que os enxeñeiros non son os que mellor reparan, que é a capacidade de fedellar sobre os equipos o que determina a habilidade para reparar, polo que os de FP mostran mellor disposición.

11 dos reparadores consultados decidiron indicar, adicionalmente, a realización de diversos cursos específicos sobre reparación como parte da súa bagaxe formativa. Isto deriva da sensación de moitos reparadores respeito da incapacidade de aprender a reparar só con formación regrada. Só 26 dos reparadores consultados sinalaron que a formación recibida fora suficiente para aprender a reparar, entanto que 30 indicaron que non fora suficiente.

No tocante a experiencia, preguntamos por anos dedicados ao mundo da reparación. Os resultados móstranse na táboa seguinte.

Táboa 7-10. Indicadores estatísticos sobre os anos de experiencia no mundo da reparación

Indicadores estatísticos da experiencia na reparación	
Media	22.1
Desviación típica	9.5
Mediana	22.0
Valor mínimo	1.0
Primeiro cuartil	15.0
Segundo cuartil	22.0
Terceiro cuartil	28.0
Valor máximo	50.0

Fonte: elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Observamos que a media de experiencia é de 22,1 anos, superior á idade media das empresas de reparación. A desviación estándar é de 9,5 anos, entanto que o valor mediano coincide coa media, 22 anos. Os valores extremeiros na experiencia son 1 anos e 50 anos. Os reparadores acumulan, polo tanto, moitos anos de experiencia que superan aos anos de vida media das empresas. Reparadores tenden a pasar os seus coñecementos, polo tanto, de empresa a empresa.

7.2.2.4. Colaboración na industria da reparación

Un grupo de preguntas do estudo está relacionado co papel da colaboración con outras unidades de reparación. Esta colaboración é un elemento fundamental no proceso de creación de capacidades, así como nos procesos de consolidación de, por exemplo, clusters industriais. Neste estudo quixemos contrastar se os reparadores tamén establecen estas conexións con outros reparadores ou outros negocios de reparación da zona. Os resultados ofrecen información que permite repensar o xeito no que concebimos a reparación.

A táboa 7-11 recolle o coñecemento da rede próxima de reparadores. Como podemos observar, a maioría dos reparadores consultados coñece outros negocios de reparación na zona e destes a maioría coñece persoalmente a alguén que traballe neles. Trátase polo tanto dunha industria onde as unidades non actúan de xeito isolado e, no mínimo, existe un recoñecemento mutuo e a identificación dun entretecido dedicado á reparación.

Táboa 7-11. Consultas sobre a rede local de reparadores

	Coñece outros negocios de reparación na zona?		Coñece alguén que traballe alí?	
Si	57	95.0%	47	78.3%
Non	3	5.0%	13	21.7%

Fonte: elaboración propia

Cumpre coñecer, xa que logo, se efectivamente existe algunha rede de colaboración, formal ou informal, da que os reparadores fagan parte. Os resultados, na táboa 7-12, mostran que a maioría de reparadores si participan dalgún tipo de rede de colaboración. Na maioría dos casos estas redes teñen carácter local e nalgún caso internacional. Para alén de identificárense mutuamente, os reparadores participan activamente nalgún tipo de estrutura formal ou informal de colaboración.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 7-12. Tipos de redes dos que fan parte os reparadores consultados

	Participa de alguna rede de colaboración con outros reparadores (p.e. contacto directo, grupos de whatsapp, facebook, foros, asociacións...)?	
Si, local	26	43.3%
Si, internacional	9	15.0%
Non	24	40.0%

Fonte: elaboración propia

Sobre a forma que adoptan este tipo de redes e os tipos de consulta que realizan consultamos aos reparadores co formato de resposta aberta. Analizamos tematicamente as respostas para categorizalas e facilitar a análise. Unha mesma unidade participa de múltiplas redes de colaboración, eis as discrepancias coa pregunta anterior onde a resposta era de tipo pechada. Os tipos están recollidos na táboa 7-13.

Táboa 7-13. Tipos de redes de colaboración das que fan parte os reparadores consultados

Tipo de redes de que fan parte os reparadores	Número de participantes
Redes Sociais a nível local	14
Redes Sociais a nível supralocal e internacional	11
Asociacións formais	2
Colaboración informal	12

Fonte: elaboración propia

Como podemos observar, o tipo de rede de colaboración menos común é a de asociacións de tipo formal. Estas inclúen asociacións de empresarios ou grupos empresariais. Colaboración informal é unha forma bastante común de colaboración. Esta colaboración adopta distintas formas e deriva normalmente do contacto directo con outros reparadores. Trátase de compañeiros doutras empresas cos que contactan directamente, quer vía teléfono quer presencialmente. En ocasións estas colaboracións informais teñen carácter comercial, por exemplo, intercambiarse reparacións nas que cada un está especializado nunha dimensión concreta.

Redes sociais, por outro lado, é o método máis común de contacto entre reparadores. Estas abranguen tanto grupos locais, normalmente vía whatsapp, ou supralocais e internacionais, vía telegram, facebook ou foros especializados. O protagonismo das redes establecidas vía internet e redes sociais mostran o carácter ambivalente das tecnoloxías no tocante ao seu potencial convivial (Genovese & Pansera, 2021), en particular para a reparación. Internet é un vector fundamental de difusión de coñecemento sobre a reparación e polo tanto xoga un papel central no proceso de resistencia frente á obsolescencia e ao control prolongado dos fabricantes sobre os seus produtos. A nosa investigación mostra, tamén, como internet permite non só a difusión de información ou a colaboración de carácter efémero, senón que

habilita aos reparadores para estabeleceren redes de colaboración e organización de carácter duradoiro. Neste sentido, reparadores comerciais mostran actitudes similares ás dos reparadores comunitarios ou activistas da reparación.

Sobre os tipos de consultas que realizan os reparadores nestas redes encontramos algúns resultados inesperados. Categorizamos os resultados obtidos das respostas para facilitar a súa interpretación. Os resultados móstranse na táboa 7-14.

Táboa 7-14. Tipos de consultas que realizan os reparadores nas redes de colaboración das que fan parte

Tipo de consultas que realizan os reparadores	Número de participantes
Técnicas, como reparar	25
Técnicas, información	11
Sobre software	5
Arranxos colaborativos con outros reparadores	9
Consulta de stock	8


Fonte: elaboración propia

As consultas técnicas son as máis habituais, como era de esperar. Estas inclúen aspectos técnicos, como os relativos a como reparar certos produtos, como arranxar certas avarías ou consultas sobre produtos específicos. Consultas sobre información refírense a planos, despeces ou manuais. Consultas relativas a software aparecen explicitadas en 5 ocasións. Trátase dunha problemática especial e que se acentúa nos últimos tempos dada a complexidade e dependencia do equipo tecnolóxico do soporte software (European Commission, 2018; Oeko-institut, 2019).

As seguintes figuras mostran graficamente a comparación dos distintos tipos de colaboración que estabelecen os reparadores, así como os tipos de consultas e arranxos formais e informais que estabelecen no seo desas redes de colaboración. Dos reparadores que participan, a maioría fano en redes de tipo local e inclúen arranxos de tipo comercial, estes envolven consultas sobre stocks, mais tamén intercambios de reparacións, o que facilita a especialización.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7-1. Formas de colaboración que establecen os reparadores



Fonte: elaboración propia a partir dos cuestionarios

Figura 7-2. Tipos de consultas e arranxos colaborativos que estabelecen no seo das redes de colaboración de que participan os reparadores



Fonte: elaboración propia a partir dos cuestionarios

Arranxos colaborativos con outros reparadores é o seguinte tipo de consulta máis habitual, o que resulta chamativo. Inclúense aquí a derivación de reparacións para outros reparadores ou a realización de reparacións para outros negocios da zona, así como consultas sobre provedores, prezos ou normativa vixente. Dentro destes arranxos unha das formas máis habituais é a consulta de stocks. Estes arranxos de colaboración mostran a importancia da

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cooperación na supervivencia dos negocios da reparación, na liña do que acontece noutras industrias. Ao seren consultados sobre a posíbel canle pola que atallar unha dúbida sobre unha reparación ou un diagnóstico, presentáronse unha serie de alternativas que aparecen tabuladas a continuación (táboa 7-15).

Táboa 7-15. Cando ten algunha dúbida respecto dun diagnóstico ou de como realizar unha reparación, a quen acode? (5 indica opción máis preferida, 1 menos preferida e 0 nunca recorre)

	Compañeiro da mesma empresa	Compañeiro doutra empresa	Foro de internet	Manuais do propio fabricante	Insistir e porfiar para ver que dá resultado
Opción preferida	32	10	7	11	13
Opción menos preferida	2	8	6	3	12
Nunca recorre	11	8	1	12	2


Fonte: elaboración propia

Os resultados mostran como compañeiros dunha mesma empresa acostuman ser a opción preferida para consultar dúbidas, seguido da opción de porfiar e insistir a ver que dá resultado. O elevado número de reparadores que marcan a opción de nunca recorrer a compañeiros da mesma empresa é un reflexo do elevado número de reparadores que traballan en solitario e empresas unipersoais. A idea de porfiar e fedellar para conseguir ver que dá resultado é un trazo de personalidade habitualmente asociado aos reparadores (véxase capítulo 7 ou tamén Jackson, 2014; Houston & Jackson, 2016 ou Orr, 1996), con todo, trátase dun recurso laborioso e demandante en tempo, co cal non sempre é factíbel, eis que para un número parecido de reparadores sexa a opción menos preferida. Consultar cun compañeiro doutra empresa tamén a opción menos preferida por alomenos 8 dos reparadores consultados, alén de 8 que recoñecen nunca recorrer a este recurso. O opción menos empregada entre as disponíbeis son os manuais do propio fabricante. Isto é debido a que ditos manuais son, en moitos casos, inservíbeis para resolver os problemas reais que enfrentan os reparadores, alén de en moitos casos directamente non estaren disponíbeis. Fabricantes, con todo, non é unha vía esgotada, entre os que indicaron outra opción, 6 respondentes indicaron que consultaban directamente co fabricante ou os seus manuais.

Se cruzamos datos de participación en redes de colaboración con datos de tamaño e idade das empresas, o que observamos é que son as empresas de maior tamaño e as de maior idade as que tenden a non participar de redes de colaboración, isto suxire que a colaboración é un recurso das empresas máis novas e de menor tamaño para superar os obstáculos iniciais e consolidarse no mercado da reparación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7-3. Idade media e tamaño medio das empresas segundo se participan ou non de redes de colaboración



Fonte: elaboración propia

No tocante a colaboración e resolución de dúbidas o que observamos é que a reparación mostra un perfil complexo lonxe de visións categóricas. Os reparadores colaboran en redes de tipo variado e estas colaboracións adoptan múltiples formas, desde resolución de dúbidas e partilla de información até colaboración comercial e económica informal. Á hora de resolver dúbidas os reparadores mostran que as opcións, malia todo, están abertas. Os resultados deste estudo contrastan notabelmente con aqueles obtidos noutros estudos similares. As relacións entre reparadores son moito máis complexas do que podemos pensar e non se limitan á competición, como unha visión sobresimplificada da economía podería suxerirnos (véxase Türkeli et al., 2019). Os reparadores estabelecen redes de contacto e colaboración, tamén comercial e económica, no seu entorno. Non só iso, senón que reparadores informais non representan necesariamente unha ameaza para reparadores comerciais (Türkeli et al., 2019), pois os propios reparadores profesionais empregan os mesmos recursos e ferramentas que os reparadores amadores e activistas, tanto para obteren información como para conseguiren repostos e mesmo as dinámicas de traballo son similares. Colaboración, con todo, non é igual para todos os reparadores. As empresas de reparación de maior tamaño e de maior idade tenden a participar menos de redes de colaboración, o que nos fala destas redes como mecanismos de resiliencia das unidades máis novas e de menor tamaño.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.2.2.5. Obsolescencia

Outro grupo importante de preguntas do noso cuestionario ten a ver coa obsolescencia. Nestas abordamos a problemática relacionada co deseño e nível ao cal realizan a reparación, sobre todo o papel da microelectrónica e o traballo directamente sobre a placa. Abordamos tamén cuestións relacionadas coa obtención de pezas e recambios, así como problemática relacionada coa obtención de información sobre como reparar. Acabamos esta sección presentando aos reparadores algúns dos obstáculos habituais que se sinalan na literatura en relación coa reparación e preguntamos polo grao de importancia. A primeira parte das consultas sobre obsolescencia ten a ver con cuestións de deseño e recursos técnicos para a reparación. Estas consultas inclúen preguntas sobre o incremento da dificultade na reparación, o deseño e os vectores da potencial dificuldade. As respostas figuran nas táboas 7-16 e 7-17.

Táboa 7-16. Sobre a evolución na difucultade das reparacións


	Diría que as reparacións se tornaron máis fáciles ou máis difíciles nos últimos anos?	
Máis fáciles	3	5.0%
Máis difíciles	49	81.7%
Non observo diferenza	8	13.3%

Fonte: elaboración propia

Os seguintes gráficos recollen a percepción dos reparadores sobre algúns dos vectores que afectan a viabilidade da reparación e como iso afecta a, entre outras, a busca de persoal. A selección de barreiras está tirada da literatura sobre reparación e as consultas previas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7-4. Consultas aos reparadores sobre vectores de obsolescencia



Fonte: elaboración propia

Estes resultados apuntan a unha situación de novo complexa e lonxe de ser unánime. A maioría de reparados recoñecen que co tempo as reparacións téñense tornado máis difíciles (81,7%). Esta dificultade, con todo, non implica necesariamente en deseños que non están concebidos para a reparación, pois 14 respondentes (23,3%) achan que os produtos si están deseñados para permitiren a reparación. Esta visión contrasta coa visión dos reparadores sobre deseño que ás veces está concebido para dificultar ou mesmo impedir a reparación. Outra parte dos reparadores, así e todo, si percibe os produtos como reparábeis desde a súa concepción. Estas diferenzas poden derivar de diferentes concepcións da reparación. No tocante a cambios tecnolóxicos e innovacións, a maioría de reparadores concordan en que estes teñen feito a reparación quer máis difícil quer menos factíbel. Como resultado, unha parte importante dos reparadores afirman que as reparacións esixen maior grao de especialización técnica. Sobre se este fenómeno repercute na busca de persoal especializado, 41,7% afirman que si.

De novo, a visión dos propios reparadores está lonxe de ser unánime. Diferentes visións respeito da reparación, así como diferentes bagaxes, poden facer con que a perspectiva sobre a resolución dos problemas sexa variada. A habilidade dos reparadores para se moveren nas marxes, para repararen a diferentes níveis de detalle ou para obteren información por medios

non sancionados, abre canles moi variadas para ultrapasar os obstáculos. Sobre estas diferentes perspectivas sobre a reparación tamén consultamos, informados polos resultados das nosas entrevistas (capítulo 7). Os resultados aparecen na táboa 7-17.

Táboa 7-17. Respostas dos reparadores sobre reparación ao nível do compoñente

	Realizan reparacións a nivel de componentes sobre as placas?	
Si, sempre que poden	19	31.7%
Si, algunhas veces	12	20.0%
Si, pero externalizan esa parte	20	33.3%
Non	7	11.7%

Fonte: elaboración propia

Os resultados da nosa táboa mostran que, polo menos nalgunhas circunstancias, reparación ao nível do compoñente continúa a ter vixencia. 51,7% reparan eles mesmos ao nível da placa, quer sempre quer algunhas veces. 33,3% externalizan esa parte do proceso. Non é sorpresivo, de facto, durante a fase de consulta surxiu esta cuestión. Reparación de placas, malia que barata en termos materiais (os compoñentes son baratos e en moitas ocasións xenéricos), pode supor unha carga de traballo elevada, especialmente cando non se dispón dun mapa eléctrico da placa. É habitual, polo tanto, contactar con expertos fluentes en operar con placas. Só 11,7% dos reparadores recoñecen non operaren nunca ao nível dos compoñentes das placas. Os resultados contrastan coa imaxe transmitida polos reparadores a través das entrevistas, en particular se cruzamos esta información con datos de experiencia dos reparadores.

Táboa 7-18. Idade media das empresas e experiencia media dos reparadores en función da actitude frente á reparación a componente

	Idade media das empresas	Experiencia media dos reparadores
Non reparan a nível de componente	22.9	26.5
Reparan a nível de componente mais externalizan o proceso	16.2	24.2
Reparan a nível de componente, sempre que poden ou algunhas veces	14.5	19.7

Fonte: elaboración propia

Os resultados mostran que os reparadores independentes non obvian a reparación ao nível do componente. Cando analizamos a experiencia media dos reparadores segundo a actitude frente á reparación a componente, o que observamos é que son os reparadores máis novos os que mostran maior propensión a reparar a componente, cunha experiencia media de 19,7 anos. Os que reparan a componente mais externalizando o proceso mostran unha experiencia media de 24,2 anos. Os que afirman non reparar a componente mostran unha experiencia media de 26,5 anos. Os reparadores novos, polo tanto, non mostran propensión a


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

abandonar a reparación a componente cuxo potencial foi indicado de xeito pormenorizado nas entrevistas que mantivemos cos reparadores. Estes resultados obrigan a tomar con reservas, polo tanto, as afirmacións vertidas nas entrevistas sobre a situación actual da reparación, dado que a súa perspectiva pode estar sesgada. Isto non inhabilita os testemuños dos reparadores, só obriga a matizar e a tomar co debido excepticismo académico a información obtida ao longo da investigación.

Ao igual que coas redes de colaboración, a participación na reparación a nível de componente está relacionada co tamaño e idade das empresas de reparación. As empresas de maior tamaño e máis idade tenden a non reparar a nível de componente. Son as empresas de menor tamaño e aquelas de menor idade as que mostran maior propensión a reparar a nível de componente, que é máis intensivo en traballo e coñecementos, mais tamén máis barato do punto de vista dos materiais. As empresas máis novas mostran propensión a repararen a nível de componente sempre que puderen, as empresas máis pequenas, por outro lado, son as que mostran propensión a externalizaren o proceso, isto é debido a que miniaturización e microelectrónica dificultaron o traballo de reparación a componente tornándoo unha práctica especializada que os propios reparadores recoñecen que valoran na busca de persoal para contrataren (Figura 7-4). É lóxico, polo tanto, que empresas pequenas externalicen este proceso. Aquelas empresas de maior tamaño e máis idade abandonan progresivamente a reparación a nível de componente, máis laboriosa, en favor de formas de reparación cada vez máis limitadas a módulos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7-5. Idade media e tamaño medio das empresas (número de empregados) segundo repararen ou non a nível de componentes



Fonte: elaboración propia

Relacionado coa obsolescencia material ou técnica tamén encontramos a problemática cos recambios e as pezas. Abordamos estas preguntas na táboa 7-19.

Táboa 7-19. Respostas dos reparadores sobre disponibilidade de recambios e pezas e a presenza de obstáculos relacionados coa propiedade intelectual

	Poden conseguir habitualmente pezas directamente do fabricante orixinal?		Notan diferenzas notables entre a calidade de partes do fabricante orixinal e partes de terceiros?		Empregan pezas de segunda man ou procedentes de produtos descartados ou desguazados?		As pezas, módulos e componentes que empregan están protexidos por propiedade intelectual?		En caso afirmativo, dificulta isto a obtención das mesmas?	
Si	18	30.0%	44	74.6%	38	64.4%	24	42.9%	19	51.4%
Non	42	70.0%	15	25.4%	21	35.6%	32	57.1%	18	48.6%

Fonte: elaboración propia

Das unidades consultadas 70% non poden conseguir pezas directamente do fabricante orixinal, xa que habitualmente non as poñen á venda. O xeito de conseguiren pezas e recambios do fabricante orixinal é pola vía de maioristas que compran pezas ao por maior ao fabricante. Moitos destes maioristas encóntranse en China (Türkeli et al., 2019). Por outra parte, 64,4% dos reparadores consultados empregan pezas de segunda man, co cal encontramos que se trata dunha práctica común. Doutra banda, 57,1% dos reparadores consultados non identifican as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pezas que utilizan como protexidas por propiedade inteletual, e daqueles que si, algo menos da metade non recoñece encontrar problemas para obter pezas a pesar de dita protección.

Información, no contexto da obsolescencia, fai referencia a información útil para reparar. A información é importante para despeces, para mapas eléctricos, para resolución de avarías... Os fabricantes xogan coa disponibilidade de información, limitándoa cando posíbel. Os resultados obtidos no cuestionario sobre este tema son inequívocos, tal e como podemos observar na táboa 7-20. Os fabricantes non proporcionan a información necesaria para realizar as reparacións e mesmo cando é así, continúa a ser imprescindíbel acorder a outras fontes.

Táboa 7-20. Respostas dos reparadores sobre disponibilidade de información para a reparación

	Proporcionan os fabricantes información necesaria para a reparación (p.e., manuais, esquemas…)?		Acoden a outras fontes de información alternativas?	
Si	9	15.0%	60	100.0%
Non	51	85.0%	0	0.0%

Fonte: elaboración propia

Preguntados polas fontes alternativas de información ás que acoden, os reparadores consultados deron os resultados que se mostran na táboa 7-21 que se mostra a seguir.

Táboa 7-21. Fontes alternativas de información ás que acoden os reparadores

	Fontes de información alternativas que frecuentan os reparadores	
Busca directa en google	50	83.3%
Busca en foros específicos	43	71.7%
Busca en youtube	45	75.0%
Consulta a outros colegas	42	70.0%

Fonte: elaboración propia

Recursos vía internet, tanto motores de busca como aplicativos específicos coma Youtube ou espazos e foros concretos encóntranse entre as canles habituais que os reparadores empregan para obteren información sobre reparación. Isto vai en liña co papel convivial de certas tecnoloxías, coma pode ser internet (Genovese & Pansera, 2021). Consulta con outros colegas é a opción menos preferida, mas ainda así 70% dos reparadores consultados recoçecen recorrer a ela.

Estes resultados permítennos identificar a información sobre a reparación como un elemento fundamental. Os reparadores, mesmo aqueles profesionais, móvense nas marxes e utilizan calquera recurso ao seu alcance para ultrapasar esta limitación. Isto apunta, na liña que xa sinalaban as entrevistas, a que as características dos reparadores non difiren foren estes da reparación comunitaria ou comercial. As ferramentas de que dispoñen uns e outros para

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ultrapasar as barreiras que enfrentan son semellantes e pasan en moitos casos por desprazarse nas marxes das pautas marcadas polos propios fabricantes.

De novo, internet móstrase unha vía de busca de información imprescindíbel para os propios reparadores. Isto apunta á natureza complexa da tecnoloxía e a súa capacidade para influír sobre a sociedade de xeitos opostos. Entanto que o internet é hoxe un posibilitador de consumismo, tamén é unha ferramenta imprescindíbel para a reparación, cuxa natureza é oposta á do propio consumismo.

A pregunta final relativa a obsolescencia ten a ver cos factores comunmente identificados como barreiras á reparación. Pedimos aos reparadores para marcaren os factores que influencían na reparación, onde 5 significaba que inflencían moito e 1 que non influencían negativamente. Na táboa 7-22 móstranse os resultados obtidos, onde indicamos a puntuación de cada factor, así como a puntuación media.

Táboa 7-22. Factores que afectan a obsolescencia dos produtos desde a perspectiva dos reparadores. Número de puntuacións recibidas, onde 5 significa que é un factor moi importante e 1 que non inflúe


Factores que inflúen sobre a susceptibilidade da reparación	Grao de importancia (5 moi importante - 1 sen importancia)					Puntuación media
	5	4	3	2	1	
Os prezos dos novos produtos	31	9	14	1	4	4.05
O prezo que pode acadar a reparación	29	14	11	3	2	4.10
Prezo dos recambios e componentes	22	15	17	5	1	3.87
Produtos de baixa calidade	17	11	15	11	3	3.49
Disponibilidade de recambios e componentes	25	15	11	6	1	3.98
Deseño: dificuldade para acceder ao interior do producto	13	21	13	5	7	3.47
Deseño: ensamblado de módulos - sistemas integrados	18	16	15	9	1	3.69
Deseño: miniaturización e microelectrónica	19	16	13	6	3	3.74
Falta de acceso a información sobre reparación (p.e. manuais, esquemas...)	17	18	15	5	3	3.71
Innovacións nos produtos	8	17	19	10	4	3.26
Aparición continua de novos produtos no mercado	19	11	12	13	3	3.52
Cambios lexislativos (p.e. en protección de datos ou seguridad)	9	5	12	13	18	2.54
Políticas dos fabricantes en relación con calidade, seguridade...	15	7	18	7	12	3.10

Fonte: elaboración propia

A táboa mostra algúns aspectos importantes relativos a obsolescencia e a susceptibilidade da reparación. Primeiro, compre notar que, ao igual do que todos os puntos abordados nestas seccións, os resultados deben ser interpretados nun contexto sectorial concreto, que é o de reparación eléctrico electrónica, pois todas as preguntas, salvo que se indicase, fan referencia a aqueles produtos que eles/elas reparan. As barreiras propostas

proceden dunha revisión de literatura máis extensa e que abrangue outros sectores. En termos de importancia, podemos visualizar graficamente os resultados no seguinte gráfico.

Figura 7-6. Valoración das barreiras á reparación por columnas apiladas onde 5 significa barreira importante e 1 significa que non inflúe negativamente




Fonte: elaboración propia

Os prezos dos novos produtos son considerados como a barreira máis importante pola maioría de reparadores, seguido dos prezos da reparación, ambos son os dous componentes dos prezos relativos da reparación. Disponibilidade de recambios é o seguinte componente que atinxe a puntuación máxima, seguido por prezo dos recambios. Prezo de recambios inflúe decididamente no prezo da reparación. Recambios, por outra parte, son imprescindíbeis para realizar certas reparacións. Ensamblado de módulos, acceso a información e dificultade para acceder ao interior dos produtos son considerados importantes ou moi importantes pola maioría de reparadores consultados. Aparación continua de novos produtos é considerada moi importante por moitos reparadores, mais importante por poucos. Políticas dos fabricantes e cambios lexislativos son consideradas pouco importantes. Innovacións nos produtos é

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

considerada como moi importante por poucos reparadores, mais importante por moitos. Consideramos que se trata dun factor que figura na metade da táboa. Tomando os valores medios da escala a orde de barreiras ficaría como se mostra a seguir. As barreiras aparecen ordenadas por orde de importancia.

Figura 7-7. Orde de importancia media das barreiras de acordo á valoración dos reparadores



Fonte: elaboración propia

Os resultados específicos da táboa 7-22, así como a orde de importancia recollida nas figuras 7-6 e 7-7, mostran unha imaxe sobre as barreiras que matiza a que habitualmente se presenta nos estudos. En termos de importancia, son os prezos os factores máis importantes ao determinar a posibilidade de reparar,, sexan estes da reparación, dos recambios, ou mesmo dos recambios e componentes. Por orde de importancia o prezo da reparación é o que máis, seguido de perto polo prezo dos novos produtos. En terceiro lugar está a disponibilidade de recambios e componentes e en cuarto posto figura prezo de recambios e componentes. Recambios e componentes aparece tamén como factor importante debido a que as reparacións, sobre todo debido á complexidade dos produtos e dos módulos, requiren de recambios.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A seguir encontramos aspectos relacionados co deseño e o acceso a información. Miniaturización e microelectrónica é un factor importante debido a que dificulta as reparacións e obriga a recorrer a cambiar módulos completos (lembremos a diferenza entre módulos e componentes, capítulo 7) ou a contratar servizos específicos de reparación de microelectrónica debido a que tanto coñecementos como equipamento necesario son específicos. Información e outro vector importante. Información habitualmente envolve manuais técnicos, despeces, mapas eléctricos... elementos que facilitan enormemente o traballo aos reparadores, sobre todo para traballar sobre placas (a nível de componente). Ensamblado de módulos é o seguinte factor. Ensamblaxes habitualmente obrigan a cambiar múltiples módulos xuntos, o que encarece a reparación, ou dificulta acceder ao interior de ditos módulos para reparar ao nivel do componente.

A aparición de novos produtos, que é unha forma de obsolescencia funcional, é o seguinte factor, mais figura na segunda metade dos factores por orde de importancia. A calidade dos produtos figura tamén na metade baixa da táboa. Chama a atención este resultado, dada a insistencia de moitos reparadores coa calidade. Calidade habitualmente está asociada a robustez, polo tanto facilidade de reparación, mais tamén valoración por parte do consumidor. Maior calidade reporta maior propensión a reparar, na liña que teñen apuntado múltiples estudos (p.e. Hennies & Stamminger, 2016; Güsser-Fachbach et al., 2023). Dificultade para acceder ao interior dos produtos tamén aparece recollido contra o final da táboa. Trátase dunha crítica habitual en torno do deseño dos produtos e é unha forma de obsolescencia material clásica. Os factores que están considerados como menos relevantes inclúen innovación continuada nos produtos, políticas dos propios fabricantes e regulación pública. Trátase, polo tanto, daqueles factores que menos influencian a capacidade de reparar.

7.2.2.6. Os prezos da reparación

Un dos factores centrais na susceptibilidade da reparación ten a ver cos prezos, como observamos no apartado relativo a obsolescencia. Prezos, no noso estudo refire a prezos relativos da reparación, ou sexa, prezo da reparación en relación co prezo do produto novo. A necesidade de concibir a reparación nestes termos débese a que a escolla sobre reparar ou non é unha escolla dicotómica onde a alternativa é substituír por un produto novo.

Algunhas nocións habitualmente asociadas cos prezos da reparación, como a idea de que pode chegar a valer máis a reparación do que adquirir un produto novo, son en moitos casos preconceptos vidos de experiencias concretas que se extrapolan e tiran de contexto (Lefebvre

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

et al., 2018; Lefebvre, 2019). As investigacións en torno do prezo da reparación teñen mostrado sistematicamente que os prezos da reparación non necesitan superar o prezo dun produto novo para seren descartadas, a propensidade a reparar decae a partir do prezo da reparación acadar 20% do prezo dun produto novo (McCollough 2007, 2009), malia que esta porcentaxe pode ser maior ou menor en función da calidade ou do tipo de produto (Hennies & Stamminger, 2016; Güsser-Fachbach et al., 2023; Terzioglu, 2021). Bens de natural caro acostuman a mostrar umbrais de prezo superiores, entanto que bens baratos ou de carácter efémero ou prescindíbel mostran umbrais moi inferiores.

Como parte do noso cuestionario incluímos unha pregunta relativa aos prezos promedio que acadan as reparacións dos distintos tipos de produtos utilizando como punto de referencia os prezos dos produtos novos. En consecuencia, os valores dos prezos da reparación que mostraremos estarán expresados como porcentaxe do prezo dun produto novo, isto é, en termos relativos. Os resultados móstranse na táboa 7-23.

Táboa 7-23. Perfil do prezo medio de reparación para distintos produtos como proporción do prezo dun produto novo

	Media	Desviación media (en pp)	Mediana	Primeiro cuartil	Terceiro cuartil	Número de observacións
Computadores de mesa	17.5%	7.9	15.0%	10.0%	20%	60
Computadores portátiles	20.7%	8.3	20.0%	10.0%	25%	60
Teclados	15.3%	9.3	12.5%	5.0%	20%	38
Pantallas	19.9%	8.4	20.0%	10.0%	28%	47
Impresoras	17.4%	8.7	15.0%	10.0%	25%	43
Servidores informáticos	20.1%	8.0	20.0%	15.0%	25%	42
Radios	10.8%	6.1	7.5%	5.0%	14%	6
Televisores	22.3%	7.9	20.0%	15.0%	25%	11
Teléfonos móviles	25.5%	9.8	25.0%	15.0%	33%	39
Lavadoras / secadoras	8.3%	4.4	5.0%	5.0%	10%	3
Refrixeradores	16.3%	11.3	15.0%	5.0%	26%	4
Lavalouzas	13.3%	7.8	10.0%	7.5%	18%	3
Peq. electrodomésticos	18.1%	8.9	12.5%	10.0%	23%	8

Fonte: elaboración propia

Na táboa incluímos os grupos de produtos sobre os que consultamos, a media dos prezos medios proporcionados polos reparadores (lembramos, expresado como porcentaxe do prezo dun produto novo), a desviación media dos mesmos, a mediana e o número de observacións de que dispomos. Cada reparador ocúpase de múltiples produtos, porén, non todos atenden todo tipo de produtos e hai algúns que son moi pouco populares hoxe en día. Pequenos electrodomésticos, por exemplo, tenden a ser descartados após fallaren sen que ningunha


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

reparación teña lugar (Hennies & Stamminger, 2016). Polo xeral trátase de produtos fáciles de reparar cando é posíbel abrilos, mais o prezo dun novo produto é tan baixo que malia as reparacións seren factíbeis, tamén en termos de prezo, para moitos consumidores non compensa nin facer o esforzo. En resumo, reparación de pequenos electrodomésticos non é tan popular hoxe en día. Incluímos, polo tanto, o número de observacións para indicar que para algúns produtos a mostra pode non ser suficiente como para tirarmos información valiosa.

Tomando aqueles produtos para os que dispomos de maior número de observacións, trazamos gráficos cos prezos medios de reparación proporcionados polos reparadores. Estes perfiles poden axudar a interpretar mellor os prezos da reparación. No eixo horizontal indicamos o prezo que pode acadar a reparación como porcentaxe dun produto novo. No eixo vertical o número de observacións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7-8. Prezos medios de reparación expresados como porcentaxe do prezo dun produto novo segundo os propios reparadores para algúns produtos escollidos



Fonte: Elaboración propia

Analizar os prezos de reparación a través deste tipo de estatísticas, malia que útil, presenta algúns problemas, nomeadamente sobre como calcular os prezos, tanto da reparación como dos produtos novos. Existe unha correlación positiva entre prezo dun produto (normalmente, mais non sempre, equivalente a calidade) e a propensión a reparalo (Güsser-Fachbach et al., 2023; Hennies & Stamminger, 2016). Cando demos aos entrevistados a posibilidade de comentar sobre esta pregunta obtivemos múltiples comentarios sinalando a variabilidade nos prezos da reparación, porén, apenas mencionaron a variabilidade nos prezos de produtos novos. As avarías poden ser cualitativamente moi dispares "é moi difícil cuantificar

unha porcentaxe media, pois temos simples avarías que van ao 5% (cambio de disco duro ou módulo de memoria) e outras que case poden ir á metade do prezo da CPU (cambio de placa base e microprocesador após unha treboada)". Noutro caso un dos entrevistados comenta "a porcentaxe depende moito do tipo de reparación". Sobre prezos de produtos algún reparador especifica porcentaxes aproximadas por subgrupos de produtos "en teléfonos móviles android anda no 15%, en ios anda no 35%". Noutro caso, "a porcentaxe tamén depende do prezo de compra do produto novo, canto menor sexa o prezo menor será o importe da reparación para que sexa rentable [ao consumidor]".

A análise dos nosos resultados debe facerse tendo en conta estas limitacións e tomando como punto de referencia tamén as estimacións presentes noutros estudos. En primeiro lugar, notamos que os nosos resultados son consistentes con aqueles obtidos noutros estudos similares. Deloitte (2016) notan que os prezos de reparación non adoitan superar 50% do prezo dun produto novo, porén, este dato é un valor extremo. Os prezos medios de reparación non acadan este valor. McCollough (2007) nota que os prezos de reparación rondan 20% do prezo dun produto novo. Deloitte (2018), pola súa parte, recolle información de prezos de produtos postos no mercado e prezos da reparación no ano 2016. Estes resultados mostran que no caso de equipo de información e comunicacións os prezos medios oscilan entre 33% e 63%.

Os nosos resultados mostran que a percepción do prezo medio que poden proporcionar os reparadores é moi variábel por causa da diversidade cualitativa das avarías. Os perfís de prezos que mostramos na figura 7-8 indican que a susceptibilidade de reparar diminúe co prezo e que o prezo da reparación non necesita aproximarse ao dun produto novo para ser descartada en favor dun reemprazo.

A análise dos datos oferecidos polos reparadores mostra un perfil de prezos complexo. No caso de computadoras de mesa observamos que a media de prezos de reparación é 17,5% do prezo dun produto novo. A desviación media dos valores dados polos reparadores é de 7,9 puntos porcentuais. 75% dos reparadores deron prezos medios inferiores ao 20% do prezo dun produto novo. No caso de computadoras portátiles, a media de prezos é superior, 20,7%, en tanto que a desviación media en puntos porcentuais é 8,3. 75% dos reparadores deron prezos medios inferiores a 25% do prezo dun produto novo. Os valores maiores no caso dos portátiles dá conta do facto de que computadoras portátiles presenta maior dificultade para reparar por mor do ensamblado de componentes, o que reflite no prezo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os prezos medios son de 15,3% do prezo dun produto novo con 9,3 puntos porcentuais de variación media. 75% de reparadores considera que os prezos medios non exceden 20% do prezo dun produto novo. Teclados, como algúns reparadores indicaron, e como mostra o número de observacións de que dispomos, acostuman a non repararse, especialmente teclados de computadoras portátiles. Pantallas mostra un prezo medio de 19,9% do prezo dun produto novo, con 8,4 puntos porcentuais de desviación media entre estimacións. 75% de reparadores considera que os prezos medios da reparación non superan 28% do prezo dun produto novo.

Os valores que obtemos para computadoras, tanto de mesa como portátiles, é de 17,5% e 20,7% do prezo dun produto novo, con desviacións medias dos prezos medios de reparación de 7,9 e 8,3 puntos porcentuais respectivamente. 75% dos reparadores consultados considera que os prezos medios das reparacións figuran por baixo de 20% dun produto novo, no caso de computadoras de mesa e 25% do prezo dun produto novo, no caso de computadoras portátiles. Pantallas, impresoras e servidores informáticos mostran medias de 15.3%, 19,9% e 17,4% respectivamente, en tanto que as desviacións medias en puntos porcentuais son de 9,3, 8,4 e 8,7 respectivamente. De novo, 75% dos reparadores consultados consideran que os prezos medios de reparación de pantallas é inferior a 28% do prezo dun produto novo. En relación a reparación de impresoras, o prezo medio é 17,4% do prezo dun produto novo, cunha desviación media entre estimacións de 8,7 puntos porcentuais. 75% de reparadores xulga que os prezos medios non exceden 25% do prezo dun produto novo. Servidores informáticos mostra un prezo medio de 20,1% do prezo dun produto novo, cunha desviación media entre estimacións de 8 puntos porcentuais. 75% de reparadores considera que os prezos non exceden 25% do prezo dun produto novo. Estes resultados son coherentes coas observacións de Öko-Institut e.V. (2020) conforme computadoras portátiles tenden a ser máis caras de reparar do que computadoras de mesa pola maior complexidade do seu deseño.

Teléfonos móviles, por outro lado, mostra un perfil curioso. O prezo medio é 25,5% do prezo dun produto novo, cunha desviación media entre estimacións de 9,8 puntos porcentuais. 75% de reparadores xulga que o prezo medio de reparación non excede o 33% do prezo dun produto novo. Trátase dos maiores valores que encontramos entre todos os produtos. Estes resultados resultan chamativos. Existe unha grande diversidade de prezos no relativo a teléfonos móviles. Algúns segmentos do mercado de teléfonos móviles teñen aumentado os prezos, o que algúns reparadores advertiron como un vector que podería favorecer a reparación (Terzioglu, 2021; Türkeli et al., 2019). Alén de prezos, outros factores podem influir sobre a propensidade

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a reparar teléfonos móviles, en particular relacionado coas motivacións que sinalaron os reparadores, en concreto a necesidade de recuperar información. Teléfonos móviles son máis do que ferramentas, gardan información valiosa que os consumidores poden necesitar ou queren conservar.

O estudo sobre os prezos mostra en primeiro lugar consistencia con resultados previos, o que apunta a que a propensión a reparar relativa ao prezo non ten variado notabelmente. Os prezos da reparación, expresados como prezos dos produtos novos, mostran valores que rondan 20%. Cómpre notar que estes resultados falan de prezos medios e están tomados a partir de estimacións informadas por parte dos reparadores. O facto de se trataren de prezos medios supón que unha parte das reparacións será máis cara e outras menos do que o valor medio. Os valores medios, polo tanto, poden tomarse como unha aproximación, mais non unha barreira. O facto de que se trate de estimacións é tamén relevante para o estudo, malia que os reparadores teñen unha información privilexiada e están nunha posición única para facer estimacións, a percepción ou experiencia entre reparadores pode variar, alén de que diferentes reparadores poden percibir o que un prezo medio é de xeito distinto. Para minorar este problema tomamos os valores medios de todos os entrevistados.

Os resultados da nosa análise das unidades de reparación mostraron un perfil moito máis complexo da reparación do que algúns estudos poden facer ver, en primeiro lugar os reparadores mostran ser dinámicos e proactivos na súa actividade, mesmo creando e customizando produtos para usuarios e consumidores. Do punto de vista do modo de traballo os reparadores mostran propensión a utilizar a reparación ao nível do componente para abaratar a reparación e ultrapasar barreiras como a disponibilidade de recambios e pezas. Esta forma de reparar require de coñecementos técnicos específicos, o cal se relaciona cunha das principais vantaxes da reparación: a democratización do coñecemento técnico. O dinamismo para superar as barreiras que enfrentan os reparadores maniféstase tamén na busca de información: os reparadores recorren a internet, mais tamén a redes de colaboración, locais e internacionais, telemáticas e presenciais, como medios para dinamizar a súa actividade, en liña co que acontece con outras industrias. Isto desmente a percepción da reparación como unha actividade solitaria, isolada e atomizada, e confírelle unha imaxe máis realista, onde a cooperación e a colaboración, para alén da competencia, marcan ao sector. O estudo dos prezos mostra resultados coherentes con outros estudos, o que lle confire solidez. Os prezos medios da reparación oscilan en torno a 15% - 20% do prezo dun produto novo, diminuíndo a partir de aí a propensión a reparar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reparación é, en consecuencia, máis barato para o consumidor do que comprar un produto novo, mais cuxo resultado é, en termos finalistas, equivalente. As barreiras á reparación percibidas polos reparadores enfatizan por orde de importancia os prezos, os recambios, aspectos de deseño que dificultan a reparación a componente, acceso e disponibilidade de información e en última instancia outras barreiras de deseño e aspectos lexislativos como os menos importantes.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8. A REGULACIÓN DA REPARACIÓN: A DIRECTIVA EUROPEA DE REPARACIÓN E A NORMATIVA DE ECODESEÑO

Este capítulo está destinado a abordar as políticas de promoción e impulso da reparación no marco dos plans para a Economía Circular na Unión Europea[2]. Como foi destacado ao longo desta tese, para impulsar un cambio transformador no modelo de produción e consumo lineal cara a un modelo circular debe considerarse un conxunto de medidas articuladas nun policy mix que incidan sobre as diferentes dimensións das actividades de reparación e sobre os axentes que interveñen neste tipo de actividades con medidas de tipo regulatorias, económicas, fiscais, informativas, etc. Diferentes países europeos e do mundo foron adoptando medidas parciais nesa dirección. Esperábase que a Directiva Europea de promoción da Reparación respondese a esa necesidade e configurase un novo marco regulatorio e de políticas que permitisen un impulso real das actividades de reparación no ámbito da UE.

Neste capítulo centrámonos de forma específica na avaliación da regulación para a reparación aprobada recentemente no contexto europeo. A reparación, tanto de xeito directo como indirecto, ten sido abordada a través de distintas normativas, tanto a nivel europeo como a nivel nacional. Unha análise pormenorizada destas normas figura no capítulo de revisión de literatura e serve a modo de preámbulo para esta sección. A emerxencia de regulamentos específicos para a reparación a nível europeo dá conta da importancia crucial que adquire a reparación no inminente contexto político e económico, malia que os novos instrumentos xurídicos demorarán varios anos a entrar en vigor e a comezar a facer efecto.

En consecuencia, neste capítulo abordamos principalmente a Directiva Europea para a promoción da reparación (2024/1799), onde avaliaremos, en primeiro lugar, o proceso de elaboración da Directiva e como a forma, participación e posicionamento dos diferentes axentes ao longo do mesmo repercuten nos resultados, é dicir, na selección e modulación das medidas políticas finalmente incorporadas na mesma e, en segundo lugar, avaliaremos a relevancia e pertinencia das medidas adoptadas en base ao seu contraste coa literatura existente sobre barreiras á reparación. Nun segundo bloque abordaremos as normas de ecodeseño, que de acordo coa arquitectura normativa europea son as que inclúen aspectos concretos para a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2] Neste capítulo reprodúcense parcialmente contidos doutras publicacións, véxase índice de publicacións.

remoción de barreiras á reparación. Neste apartado encontramos as regulacións accesorias á Directiva de Ecodeseño (2019/125/EC), vixente até 2024; así como o marco de Regulación para Ecodeseño de Produtos Sustentábeis (2024/1781) que deroga a Directiva de ecodeseño anterior.

8.1. A DIRECTIVA PARA A PROMOCIÓN DA REPARACIÓN

A Directiva Europea (2024/1799) para a promoción da reparación constitúe un paso importante no regulamento para a promoción da reparación, non só en Europea senón a nível internacional, malia que o potencial transformador da mesma acabou por ser moi limitado. Nesta sección avaliamos dúas dimensións da norma europea, dunha parte o proceso de elaboración (que axuda a explicar o resultado), e por outro a avaliación das políticas no marco da superación das barreiras para a reparación.

8.1.1. O proceso de elaboración da directiva

Ao longo do proceso de elaboración da directiva, déronse múltiplos pasos. Primeiro determinouse o obxectivo da directiva, despois varias ideas foron propostas nas consultas coas partes interesadas e finalmente realizouse unha avaliación de impacto das medidas propostas e eventualmente aceptadas.

8.1.1.1. O traballo preparatorio da directiva: consultas e barreiras

O obxectivo da directiva.

Supostamente a directiva “pursues the objective of improving the functioning of the internal market, while promoting more sustainable consumption” (European Commission, 2023b, p. 14), isto quere dicir que o obxectivo principal é o mellorar o funcionamento do mercado interno en tanto que o consumo máis sustentábel é percibido coase coma un subproduto. Para atinxir estes obxectivos, a Comisión Europea aspira a estabelecer regulamento común sobre reparación para asegurar que homoxeneidade normativa e igualdade de condicións na competición do mercado interno. En relación coa promoción da reparación, a Comisión Europea identifica dúas dimensións diferentes do problema, o da promoción da reparación antes da garantía expirar e a promoción da reparación após a garantía expirar. Na primeira vertente, reparación baixo garantía, os consumidores prefiren optar por reemprazo antes que reparación (como atestemuña a propia European Commission, 2023a e tamén Hennies & Stamminger, 2016). Na segunda vertente do problema, após expirar a garantía as condicións de mercado continúan a ser desfavorábeis para a reparación.

A consulta coas partes interesadas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Directiva para a promoción da reparación, ao igual que outras normas europeas é resultado dun extenso proceso preparatorio que envolve múltiples partes interesadas e diversas institucións, nomeadamente o Regulatory Scrutiny Board. A análise do proceso de elaboración é feito a partir do relatorio de avaliación de impacto, onde se recolle a información procedural. Este proceso incluíu consulta cos axentes económicos, sociais e políticos involucrados, así como unha consulta com representantes dos estados membros e finalmente unha consulta por parte do Regulatory Scrutiny Board.

A Consulta Pública Aberta (CPA ou OPC en inglés), tivo lugar nos primeiros meses de 2022. Os datos relativos aos diferentes tipos de participantes figura na táboa 8-1. Cidadáns e empresas (incluídas organizacións empresariais) conxuntamente representan 81% de todos os enquisados. As empresas inclúen grandes fabricantes internacionais, nomeadamente Amazon, Microsoft, Google ou a Asociación Europea de Fabricantes de Automóbiles.

Táboa 8-1. Participantes na consulta pública sobre a Directiva eurpea de reparación

Tipo de participante	Número	Porcentaxe
Cidadáns	166	50%
Negocios	54	16%
Organizacións empresariais	51	15%
Organizacións de consumidores	10	3%
ONGs	13	4%
Organizacións medioambientais	8	2%
Sindicatos	2	1%
Autoridades públicas	11	3%
Institucións académicas	3	1%
Outros	13	4%
Total	331	

Fonte: European Commission (2023a)

As cuestións nesta consulta revolveron derredor de tres asuntos principais: acurtamento da vida útil, intervencións no marco da Directiva de Venda de Bens 2019/771 (DVB ou SGD nas súas siglas en inglés Sales of Goods Directive), ou garantía legal, e intervencións de política fóra da garantía legal. A pesar de que algunha información figura en European Commision (2023a), nós empregamos os microdatos da consulta coas respostas individuais para elaborar unha táboa completa cos resultados, que figura no Anexo VII.

A maioría das participantes estivo de acordo con que as vidas útiles experimentaban unha tendencia decrecente, mentres que só os representantes empresariais discreparon. Os consultados sinalaron a moda, a dificultade e o custo das reparacións ou a falta de servizos adecuados como as razóns principais, mentres algún representante empresarial mencionou o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

cambio tecnolóxico. En calquera caso, cómpre notar que só 37% de representantes empresariais contestaron as cuestións relacionadas coa obsolescencia.

No tocante a medidas no marco da Directiva de venda de bens 2019/771 , tres asuntos principais foron abordados: priorizar reparación baixo o período de garantía legal, a extensión do período de garantía e o reemprazo en garantía con produtos de segunda man. Fóra de todas estas medidas, só unha foi finalmente adoptada: a priorización da reparación sobre substitución baixo a garantía legal. Ampliar o período de garantía foi a opción preferida pola maioría, agás por empresas, quen argumentaron que implicaría custos excesivos.

As medidas após o período de garantía legal, fóra do alcance do DVB, é esencialmente o que a directiva refire como dereito a reparar (R2R, nas súas siglas en inglés). A maioría de participantes argumentaron que unha norma sobre dereito a reparar debería cubrir todas as categorías de produtos. Cando preguntados sobre preferencia á hora de optar por unha reparación, a maioría de consultados respondeu por orde de preferencia: fabricantes, reparadores independentes, vendedores e finalmente consumidores (DIY). Con respecto a sobre quen debería recaer a obriga a reparar nunha hipotética norma de R2R, a maioría indicou que o fabricante. No relativo ao prezo dunha reparación cuberta polo dereito a reparar, os fabricantes optaron maioritariamente por un prezo que cubrise os custos máis un marxe de beneficio. Consumidores e organizacións de consumidores argumentaron que o prezo nese contexto debería cubrir só custo. As opcións presentadas aos consultados foron limitadas desde o primeiro momento.

Como parte do proceso de elaboración, o Regulatory Scrutiny Board (RSB) revisou o relatorio sobre impacto da proposta da Directiva. O RSB xoga unha función chave no proceso regulador da Unión Europea. Está composto de membros das Direccións-Xeneral para a promoción do mercado e expertos do ámbito empresarial e industrial. A participación do RSB no proceso de elaboración centrouse case exclusivamente en asegurar que o custo-beneficio e os impactos económicos das opcións de política foran avaliadas, non se por acaso as opcións propostas terían o efecto desexado (Nogueira, 2024). O RSB tombou a proposta de Directiva nunha ocasión polos motivos sinalados. Isto pon de manifesto a súa función nos procesos regulatorios europeos e a súa capacidade de vetar calquera iniciativa reguladora.

Da consulta cos estados membros temos información escasa. Non sabemos as posicións individuais dos estados. A maioría de estados mostraron opinións preliminares, entanto que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

algúns non tiñan aínda formulada unha posición clara ao respecto. As posicións xerais nalgúns aspectos están presentes no relatorio de avaliación de impacto.

Táboa 8-2. Posicións dos estados membros sobre a Directiva de reparación

	Priorizar reparación cando en garantía	Estender o período de garantía	Promover o uso de bens reacondicionados e de segunda man cando en garantía	Equiparar as garantías de bens novos e de segunda man	Impor a obrigar a reparar sobre os fabricantes
Favorábel	11	3	9	5	2*
Excéptico	1	6	3	9	10
Sen postura clara	8	5**	8	5	4
Opinaron	20	19	20	19	16

Notas: * Só un estado membro mostrou apoio total á proposta

** Os estados que non mostraron posición clara argumentaron que a súa posición dependería da formulación específica da proposta

Fonte: elaboración propia a partir de European Commission (2023a, pp. 97-99)

Algúns estados membros estarían dispostos a asumir a promoción da reparación no marco da DVB, o que significaría priorizar reparación como alternativa a unha falla durante a garantía legal. Algúns estados membros xa dispoñen de períodos de garantría superiores (ver capítulo 3). Algúns estados membros estarían dispostos a promover o uso de produtos de segunda man como reemprazos baixo a garantía legal, mais a maioría non estarían dispostos a equiparar a garantía de bens novos e bens de segunda man. En xeral, a maioría de estados membros opúxose a impor calquera obriga sobre o fabricante en materia de reparación, mesmo cando a reparación fose feita a cambio dun prezo razoábel. Os estados membros, na consulta, mostraron posicións por veces máis conservadoras que aquelas sostidas polos propios fabricantes en canto a dereito a reparar. En definitiva, os estados membros non se mostraron entusiasmados coas propostas da Comisión Europea. Finalmente a Directiva si incorpora unha norma de dereito a reparar baixo a forma da obriga do fabricante a reparar, embora na práctica transfire todo o control do proceso ao propio fabricante, como veremos.

Barreiras á reparación segundo a Comisión Europea

Outro dos componentes do estudo previo da Comsión implicou identificación de barreiras á reparación que a Directiva para reparación debería, hipoteticamente, tentar ultrapasar. Táboa 8-3 inclúe as barreiras que recoñece a Comisión.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 8-3. Barreiras á repraación que identificou a Comisión europea

	Barreiras	Descrición
Abordadas na Directiva	1. Reparar cando inda en garantía	Perante unha avaría durante a garantía, o consumidor pode escoller se quere reparar ou reemprazar o produto.
	2. Falla de transparencia	Dificultade para encontrar servizos adecuados e coñecer as condicións da reparación a priori
	3. Inconveniencia	Esforzo que supón a un consumidor reparar os seus produtos, que inclúe a demora a reparar, a miúdo afectada polo abastecemento de recambios e pezas
	4. Non atractiva economicamente	As reparacións tenden a ser percibidas como pouco atractivas economicamente cando se comparan co prezo de produtos novos.
Non abordadas na Directiva	5. Deseño que dificulta a reparación	Deseño a miúdo non está concebido para a reparación
	6. Decisións dos consumidores	Que determina a decisión do consumidor respecto de reparar

Fonte: elaboración propia a partir de European Commission (2023a)

Do listado de barreiras identificadas, algunhas fican fora do ámbito de actuación da Directiva sobre reparación, estas son '5. Deseño que dificulta a reparación' e '6. Decisións dos consumidores'. Isto resulta problemático para unha normativa que debería centrarse en fomentar a reparación. Hai que ter en conta, con todo, que o próximo Regulamento sobre deseño ecolóxico de produtos sostibles, que se está elaborando por separado, constituirá un marco para normas de ecodeseño que aborden a problemática do deseño para a reparación. Das barreiras que, supostamente, fican dentro do ámbito de aplicación da Directiva, a barreira 4. Non atractiva economicamente, non se aborda realmente. A decisión económica sobre reparación ven determinada polo prezo relativo da reparación, que é o prezo da reparación en relación co prezo da substitución. Isto significa que unha reparación sería máis atractiva economicamente mellorando o ratio a favor da reparación, o que implica reducir o custo da reparación ou aumentando o prezo da substitución. Ningunha das medidas propostas nesta Directiva implica inclinar a balanza do prezo a favor da reparación. En todo caso, os custos poderían chegar a aumentar debido ás cargas administrativas adicionais que recaen sobre os reparadores como resultado das iniciativas da Directiva. A propia Comisión admite a este respecto que fica fora do ámbito da directiva influír sobre factores que determinen os prezos, xa que os prezos deberán ser determinados polo mercado. (European Commission, 2023a, p. 17). O único aspecto da Directiva que afonda no prezo ten a ver con facelo máis transparente para mellorar e facilitar a competencia, o que deixa a cuestión dos prezos relegada a todos os efectos ao ámbito da transparencia, polo tanto as barreiras 2. Falla de transparencia e 3. Inconveniencia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.1.1.2. Avaliación crítica do proceso do traballo preparatorio

Após presentarmos os trazos xerais do proceso preparatorio, cómpre avalialos de xeito crítico. A ambición da directiva e a eventual adopción de políticas dependeu en boa medida do traballo preparatorio.

O obxectivo da directiva

Un problema fundamental coa directiva radica no propio obxectivo da mesma. O foco no mercado interno, así como a insistencia en facilitar competencia resulta absurdo, dado que a reparación é unha actividade que se realiza na súa inmensa maioría en contextos de proximidade, tanto locais como rexionais (capítulo 6). Non existe un mercado internacional de reparación a nível europeo. Alén diso, normativas diverxentes sobre condicións de reparación non é identificado como unha barreira, mesmo como parte das barreiras legais á reparación (Svensson-Hoglund et al., 2021).

O proceso de consulta coas partes interesadas

Un dos componentes fundamentais do proceso preparatorio foi a consulta coas partes interesadas. Unha avaliación detallada dos resultados de dita consulta está no anexo VII. O proceso de consulta foi nesgado desde o comezo, por mor do número limitado de opcións políticas con que foron presentadas as partes. As preguntas formuladas envolvían reparación baixo garantía e aspectos relacionados co dereito a reparar. No xeral, as medidas máis ambiciosas foron sistematicamente rexeitadas polos fabricantes, agás priorización da reparación baixo garantía, sempre que o custo da reparación non excedese o custo un reemprazo. A este respecto, notamos que negocios e organizacións empresariais estaban sobre representadas.

Unha das consultas realizadas ten a ver con cal é a opción preferida para realizar a reparación, observamos que as respostas indican unha orde de preferencia que é fabricantes, reparadores independentes, vendedores e consumidores (DIY) (European Commission, 2023a, p.95). Os resultados, porén, mudan se excluímos as respostas dos propios fabricantes. A partir dos resultados en bruto das consultas obtermos que a opción preferida son reparadores independentes, seguidos por fabricantes, consumidores e en último lugar, vendedores. Esta diferenza denota como a sobre representación de empresas na mostra conlevou a infrarrepresentación de reparadores independentes e DIY.

Para examinar as posicións dos fabricantes sobre dereito a reparar e en xeral sobre regulación da reparación, analizamos tematicamente as propostas dos fabricantes durante a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

consulta pública. Agrupamos os distintos temas en varios grupos. A táboa seguinte recolle o número de veces que os fabricantes mencionaron algún dos temas sinalados. Cumpre notar que un só participante puido mencionar máis dun tema por intervención.

Táboa 8-4. Número de veces que os fabricantes mencionaron algún dos seguintes temas durante a fase de consulta pública da Directiva de reparación

Temas	Número de veces que os mencionaron os fabricantes durante a consulta pública
1 Sobre Dereito a Reparar (DaR)	
1.1 Non entende o concepto de DaR que emprega a Comisión	9
1.2 Non entende o concepto de DaR en xeral	12
1.3 Considera que a garantía legal é abondo	19
1.4 Rexeita a noción de DaR integramente	10
1.5 Acepta DaR, mais sempre que a responsabilidade recaia no consumidor	8
2 Produtos que debería cubrir o DaR	
2.1 Ningún	2
2.2 Rexeita a premisa empregada pola Comisión para seleccionar os produtos	14
2.3 Deixar a discreción dos fabricantes a selección de produtos	8
3 Mostra preocupación polo sector independente de reparación	4
4 Aposta só polo uso de mecanismos informativos	8
5 Oponse a regular prezos	13
6 Recoñece a necesidade de regular o mercado de abastecemento (de recambios)	4

Fonte: elaboración propia a partir do documento de resultados da consulta pública no proceso de elaboración da Directiva europea para a promoción da reparación (2024/1799)

A posición dos fabricantes expresada na consulta pública denota unha preferencia maioritaria por manter o status quo e minimizar as mudanzas. 19 veces foi mencionado que garantías legais abondaban. Sobre dereito a reparar moitas veces os fabricantes non entendían o concepto de dereito a reparar ou non entendían o concepto de dereito a reparar que a Comisión (o que non é sorprendente, dado que a forma de dereito a reparar que emprega a Comisión, que é o do mandato de reparar, é novidoso e para moitos pode resultar incluso contraintuitivo. Sobre aqueles produtos que deberían estar cubertos polo dereito a reparar a comisión ofrecía unha clasificación por macrocategorías (todos os produtos, electrónicos, grandes electrodomésticos, pequenos electrodomésticos, mobiliario, vehículos, téxtiles, outros...), estas categorías, segundo os fabricantes, non son operacionais. En 8 ocasións argumentaron que debían ser os fabricantes a decidir as categorías en calidade de expertos no seu ámbito. En 8 ocasións mencionouse a necesidade de utilizar só mecanismos informacionais e en 13 ocasións

mencionouse oposición a regular en materia de prezos. Por outro lado, en 4 ocasións foi expresada preocupación polas consecuencias que un dereito a reparar como o que propón a Comisión podería ter sobre o mercado independente de reparación (a propia Comisión na súa avaliación de impacto admite este extremo, como veremos máis adiante) e en 4 ocasións maniféstase a necesidade de regular o mercado de recambios (como vimos no capítulo 7, recambios é unha das principais barreiras á reparación).

Os comentarios dos fabricantes foron maioritariamente contrarios ao dereito a reparar. As posicións dos representantes da industria enfatizaron compromisos voluntarios e información. O argumento principal era o de deixar dereito a reparar en mans do mercado, o que na práctica supón ceder control aos fabricantes. A Asociación Francesa de Grandes Empresas "When [the legal guarantee] ends, repairability offered by companies are rising through healthy competition. A right to repair isn't needed" (sic). Microsoft rexeita a noción de obsolescencia completamente "the factors ranked above assume design obsolescence, which is an inaccurate assumption". Moitos representantes da industria argumentaron riscos de seguridade en relación con un dereito a reparar de carácter aberto. A Federación Europea de Maquinaria de Xardín afirma "[W]e also warn about the safety and responsibility risk associated with independent repairers that are not qualified for EEE and might not execute repairs in the correct way as a professional would". Para Amazon, "Repair by manufacturers will incentivise the best design for the longer use of goods". A maioría de negocios mostraron dúbidas sobre o tipo de Dereito a Reparar a que aludía a Comisión, o que por outro lado é lóxico debido a que a forma adoptada é a do mandato de reparar (European Commission, 2023d), que é unha achega bastante novidosa e descoñecida.

En contraste, os reparadores consultados mostraron preocupación polas barreiras que a reparación experimenta, enfatizando a necesidade de acceso a información e de abastecemento de recambios (a pesar de estaren protexidos por propiedade intelectual), así como a necesidade de asegurar desensamblado. Tamén advertiron a necesidade de incentivos económicos á reparación e a necesidade de ter en conta no dereito a reparar a problemática específica do sector de reparadores independentes. Un dos reparadores consideraba necesario "[e]nsure that individual products [would be] easy to repair and spare parts [would be] available". iFixit, por outro lado, animou os reguladores a asegurar acceso a información e recambios, incluso aqueles que non procedan dos fabricantes orixinais "ensur[ing that] these measures appl[ied] to all product categories, and not only for those that the Commission [was] already partly regulating

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

with ecodesign regulations". Un reparador de vehículos de motor animou a liberalizar os deseños de partes dos vehículos, así como a traer a produción de recambios de volta a europa, impondo taxas á importación de partes que cumpran os criterios ambientais. Estas posicións, das que aquí recollemos só unha selección, concordan coa posición da asociación de reparadores independentes (AIRC, CLEPA, ECAR, FIGIEFA, Insurance Europe & SMEunited, 2023).

A maioría de estados membros mostráronse incertos sobre as opcións políticas, adoptando posicións máis conservadoras incluso do que o propio sector empresarial. Outra das institucións consultadas foi o Regulatory Scrutiny Board, cuxo papel é central no proceso regulatorio da UE e non debe ser menosprezado. O RSB rexeitou a proposta nunha ocasión argumentando falta de estimacións cuantitativas dos impactos económicos das medidas adoptadas (European Commission, 2023c). A insistencia nos impactos económcios en vez de nos impactos ambientais ou distributivos exemplifica as prioridades do RSB en torno ao crecemento económico e non a sustentabilidade.

A identificación de barreiras

As barreiras consideradas nesta directiva non representan con exactitude as barreiras á reparación que os expertos teñen identificado (ver sección 3.4). Non están presentes medidas para superar barreiras de tipo legal á reparación, que son barreiras consideradas de acceso á reparación. Non se fai referencia a propiedade intelectual, patentes ou copyright, que son habitualmente sinaladas como barreiras legais á reparación (Svensson, et al., 2018; Grinval & Tur Sinai, 2019; Dalhammar, et al., 2020). Tampouco se menciona nada sobre disponibilidade de recambios e pezas ou os prezos que poden acadar, o que é sinalado habitualmente como unha barreira (Türkeli, et al., 2019; Riisgard, et al., 2016; Andersson, et al., 2018; Graziano & Trogal, 2017). No tocante aos prezos da reparación, temos sinalado que son prezos relativos os que debemos avaliar, isto é, prezo da reparación versus prezo do reemprazo. Unha avaliación pormenorizada dos prezos figura no capítulo 7. A Directiva renuncia a tomar medidas en materia de prezos, "It is not in the realm of this initiative to influence factors that have an effect on prices; the resulting prices will largely be determined by the market." (European Commission, 2023a, p. 17). Afectar o prezo relativo da reparación para facelo máis atractivo pode pasar quer por abaratar a reparación relativa ao produto novo, ou encarecer o produto novo relativo á reparación. A proposta de Stahel (2013) sobre a economía circular pasa por mellorar

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

os prezos relativos da reparación mudando o foco fiscal do valor engadido ao uso de recursos, o que simultaneamente abarataría reparación e encarecería os produtos novos.

A problemática da obsolescencia, en calquera das súas vertentes, non é abordada na Directiva, en particular na redacción orixinal. A proposta final aprobada polo Parlamento e Consello europeo, porén, si inclúe algúns parágrafos que abordan a problemática da obsolescencia se ben só en termos xenéricos.

> Manufacturers shall not use any contractual clauses, hardware or software techniques that impede the repair of goods covered by Union legal acts listed in Annex II unless justified by legitimate and objective factors including the protection of intellectual property rights. […] Manufacturers shall, in particular, not impede the use of original or second-hand spare parts, compatible spare parts and spare parts issued from 3D-printing. […] Manufacturers shall not refuse to repair goods covered by Union legal acts listed in Annex II for the sole reason that a previous repair has been performed by other repairers or by other persons. (European Parliament, 2024, p.44-45)

A arquitectura legal europea en materia de reparación deixa en mans de regulamentos específicos de ecodeseño a adopción de medidas sobre reparabilidade. Isto fai a normativa de promoción de reparación dependente doutras normas accesorias, en concreto ás normas de ecodeseño. Serán, polo tanto, as normas específicas de ecodeseño as que determinen criterios de reparabilidade, que poden envolver aspectos relacionados co desensamblado, as ferramentas empregadas ou a disponibiliidade de recambios, entre outras. A obsolescencia de tipo funcional, por outra banda, non é sequera recoñecida como unha forma de obsolescencia pola Comisión Europea, que se cingue a falar de obsolescencia en termos materiais e psicolóxicos.

Conveniencia e confianza, son practicamente as únicas barreiras sobre as que opera a Comisión. Son, así e todo, barreiras á reparación (Packard, 1960; Wieser & Tröger, 2018; Ackermann, et al., 2018; Terzioglu, 2021; Rogers, et al., 2021). A insistencia nestas barreiras por parte da comisión repercute na selección de medidas políticas, que son, na súa maioría, medidas de tipo informacional. Información, aquí, non refere información útil para a reparación, senón información no sentido do mercado: prezo, mecanismos para contactar cos reparadores...

A categorización de barreiras propostas e a conseguinte exclusión de algunhas do ámbito de aplicación da Directiva supón que as únicas barreiras que realmente atalla esta Directiva son a reparación baixo garantía e a transparencia no ámbito do mercado interno. A correcta identificación da problemática é fundamental para a elaboración de políticas. A falta

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de ambición no recoñecemento da problemática marca o camiño da Directiva e determina a súa relativa ineficacia en relación coa promoción da reparación, como examinaremos a seguir.

A posición adoptada pola Comisión foi maioritariamente aquela dos negocios e as súas organizacións, tanto na avaliación das barreiras como nas medidas políticas específicas. O foco en ferramentas de tipo información e orientadas cara a transparencia no mercado, así como a insistencia na liberdade para fixaren prezos alíñase coa posición dos propios fabricantes. A aposta por un dereito a reparar na forma de mandato a reparar, mas onde só se cubren certos produtos (para os que existiren requerimentos de ecodeseño), responde á insistencia dos fabricantes en empregar unha achega por sector ou produto, en troques de unha achega por categorías máis amplas. Isto concorda coa literatura sobre promoción da reparación que admite o papel lobista dos fabricantes para demorar e controlar a aplicación do dereito a reparar (Grinvald & Tur-Sinai, 2019), ao tempo que intentan controlar aos reparadores independentes pola vía da propiedade intelectual e o copyright (Svensson-Hoglund et al., 2021).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.1.2. As implicacións políticas da Directiva

En base ao traballo preparatorio foron seleccionadas varias políticas foron propostas, das cales sete foron inicialmente aceptadas. Posteriormente o Parlamento e o Consello acabaron por alterar a selección.

Táboa 8-5. Opcións de política propostas e aceptadas pola Comisión europea previa consulta co Parlamento e o Consello

	Opcións de políticas	Subopcións	Decrición
Clúster I. Medidas baixo a garantía legal	Opción 1. Reparación no marco da DVB	PO1A	Consumidores só poden pedir reparación perante unha avaría en garantía. O reemprazo terá lugar só se o custo de reparar excede aquel do produto novo
		PO1B	Consumidores só poden pedir reparación perante unha avaría en garantía. O reemprazo terá lugar só se o custo de reparar excede significativamente aquel do produto novo
	Opción 2. Prolongar o período de garantías	PO2A	Maior período de garantía. Variante 1. +1 ano se se escoller reparación cando en garantía. Variante 2. Recomezar a garantía se se escoller reparación cando en garantía
		PO2B	Maior período de garantía para as reparacións
	Opción 3. Reemprazo cun produto reacondicionado	PO3A	Reemprazar usando produtos reacondicionados
		PO3B	Reemprazar usando produtos reacondicionados, mais só a partir do primeiro ano
	Opción 4. Garantía para produtos reacondicionados		Oferecer garantías idénticas para produtos novos e reacondicionados.
Clúster II. Medidas após expirar a garantía legal	Opción 5. Información sobre reparación	PO5A	Produtores deben especificar se repararen e baixo que condicións
		PO5B	Plataforma para pór en contacto reparadores con clientes online a nível nacional
		PO5C	Plataforma para pór en contacto reparadores con clientes online a nível europeo
	Opción 7. Transparencia e condicións da reparación	PO6A	Compromisos voluntarios dos reparadores e fabricantes sobre estándares para a reparación
		PO6B	Obriga de proporcionar un formulario estándar coas condicións e os prezos da reparación
		PO6C	Obriga dos fabricantes de reparar os produtos para os que existen requerimentos sobre reparabilidade
		PO6D	Obriga dos fabricantes de reparar todos os seus produtos
	Opción 7. Promover o reacondicionamento pola vía dunha plataforma online		Oferecer a opción na plataforma PO5B de pór en contacto consumidores con produtos para descartar e empresas dedicadas ao reacondicionamento

Nota: en gris figuran as opcións e subopcións finalmente adoptadas.

Fonte: elaboración propia a partir de European Commission (2023a)

Como mencionamos, as opcións de políticas eventualmente adoptadas difiren destas, nalgúns casos en aspectos cruciais. As políticas que finalmente foron adoptadas após o filtro do Parlamento e o Consello (European Parliament, 2024) figuran na táboa 8-6 que se mostra a seguir agrupadas en base ás sinerxías que podemos estabelecer entre elas. Identificamos

medidas que contribúen a dous fins principais: un é conveniencia e transparencia e outro a Dereito a Repara, que adopta a forma de Mandato de Reparar.

Táboa 8-6. Medidas de política finalmente adoptadas na Directiva agrupadas polas sinerxías que crean entre elas

	Medidas adoptadas	Código	Descrición
Conveniencia e transparencia	Plataforma online	PO5B	Article 7.1 A European online platform for repair ('European online platform') shall be established to allow consumers to find repairers and, where applicable, sellers of refurbished goods, purchasers of defective goods for refurbishment or community led repair initiatives.
		PO7	
	Formulario Europeo de Información sobre Reparación	PO6B	Article 7.6 (e) allow repairers to indicate their adherence to applicable Union or national quality standards
	Estándares voluntarios	PO6A	Initial section (38) The Commission should enable the development of a voluntary European quality standard for repair services
Mandato de reparar	Obriga a reparar	PO6C	Article 5.1 Member States shall ensure that upon the consumer's request, the manufacturer shall repair goods for which, and to the extent that, repairability requirements are provided for by Union legal acts
	Garantía	PO1A	Article 16, Amendment to Directive (EU) 2019/771 (2) Article 10 is amended as follows: the following paragraph is inserted: 2a. Where […] repair takes place as the remedy to bring the goods into conformity, the liability period shall be extended once by twelve months
	Información	PO5A	Article 6 Member States shall ensure that the manufacturer […] make available free of charge, at least for the entire duration of their obligation to repair pursuant to Article 5, information on their repair services in an easily accessible, clear and comprehensible manner

Fonte: Elaboración propia en base a European Commission (2023a) e European Parliament (2024).

Entre as mudanzas que sofreron as medidas após a revisón por parte do Parlamento e o Consello, encontramos os cambios no Formulario Europeo de Información sobre Reparación, que deixa de ser un formulario de adopción obrigatoria por parte de calquera axente dedicado á reparación e pasa a ser un formulario de adhesión voluntaria. Este formulario especifica as condicións da reparación e no caso de un contrato eventualmente materializarse as condicións recollidas no formulario pasarían a ser vinculantes, nomeadamente o prezo. En termos de prezos serán proporcionados dous, unha estimación do prezo e un prezo máximo. Se estes non se puideren calcular a priori, entón unha descrición do que iría determinar os prezos debe ser incluída. Outro cambio crucial introducido polo Parlamento (European Parliament, 2024) en relación coa proposta inicial da Comisión (European Commission, 2023b) ten a ver coa reparación en garantía. O consumidor continúa a ter ambas opcións dispoñíbeis, porén, a emenda á Directiva 2019/771 estabelece un aumento no período da garantía de un ano caso o consumidor optar por reparar en vez de reemprazar cando en garantía. Tamén se estabelece a obriga aos vendedores de informar desta nova situación cando consultados sobre unha avaría baixo garantía.

Para alén destas mudanzas as medidas non teñen cambiado no fundamental respecto da proposta inicial. A plataforma online proposta intentará pór en contacto aos reparadores e consumidores de xeito innovador. A Directiva marca un prazo de 36 meses para a Comisión e os Estados Membros estabeleceren dita plataforma. O obxectivo da plataforma é o de aumentar a transparencia e a conveniencia á hora de buscar reparadores. Calquera reparador pode solicitar facer parte desta plataforma, independentes, fabricantes ou vendedores. Estándares voluntarios, por outro lado, non están fixados na propia Directiva, mais empraza á Comisión a elaborar estándares de calidade de reparación no futuro.

O mandato de reparar, ou obriga a reparar, é o que a Directiva recoñece como Dereito a Repara e constitúe unha achega relativamente innovadora no ámbito da regulación para a reparación. No esencial este dereito materialízase na posibilidade de os consumidores pediren aos fabricantes para repararen os seus produtos sen que estes se poidan negar. O alcance deste dereito está limitado, porén, para aqueles produtos para os que existen requerimentos en materia de reparabilidade (a cobertura a ditos produtos, polo tanto, tamén está limitada ao alcance recollido nos requerimentos de reparabilidade). A reparación dos produtos por parte dos fabricantes farase a cambio dun prezo e sobre aquilo que determina este prezo a Directiva tampouco estabelece ningunha provisión.

A extensión da garantía é unha medida para incentivar reparar cando en garantía frente a substituír, que é a opción preferida polos consumidores. Información, neste respecto, limítase a información sobre competencia no mercado, isto é, os fabricantes deben informar de xeito transparente sobre o Mandato de reparar, quer dicir, se reparan os produtos e a que alcance. Todas estas medidas forman parte de facto do mesmo grupo, xa que ambas fan referencia á mesma infrastrutura por parte do fabricante, isto é reparacións en garantía e reparacións derivadas do mandato de reparar terán lugar empregando o mesmo tecido de reparadores oficiais do fabricante.

Sobre Dereito a Reparar, Svensson et al. (2018) distinguen dúas formas fundamentais: aberto e pechado. Ambas constitúen, de feito, extremos dun continuo onde as distintas lexislacións poden posicionarse. Dereito a Reparar pechado asegura a remoción das barreiras de acceso á reparación, mais sempre que as canles utilizadas para reparar foren as do propio fabricante. Dereito a Reparar aberto, por outro lado, asegura a remoción das barreiras de acceso á reparación para todos os axentes e independentemente da canle utilizada. O Mandato de Reparar é unha forma Dereito a Reparar de tipo completamente pechado, xa que asegura a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

posibilidade de reparar mais só cando se usaren os servizos proporcionados polos fabricantes. Alén diso, o Mandato de Reparar é unha forma de Dereito a Reparar limitada a certas categorías de produtos para as que existiren requerimentos de reparabilidade específicos no marco legal europeo. Para algúns autores Dereito a Reparar iguálase necesariamente a Dereito a Reparar aberto, para Grinvald & Tur-Sinai (2019) implica:

> (1) mandating disclosure of information that will allow repairs; (2) mandating the availability of parts and tools to facilitate repairs; (3) mandating disclosure of information to allow security protections to be reset; and (4) forbidding contracting around such provisions in terms between authorized repair providers and the original equipment manufacturers. These conditions should apply to all equipment that depends partially or entirely on embedded or attached digital and electronic components. (Grinvald & Tur-Sinai, 2019, p.77)

Os requerimentos de reparabilidade específicos están recollidos neste capítulo e até ao de agora inclúen os regulamentos accesorios da Directiva de Ecodeseño (2009/125) e recentemente tamén o novo marco de ecodeseño, a Ecodesign for Sustainable Products Regulation (Regulación 2024/1781).

Implicacións ambientais e socioeconómicas das medidas adoptadas

O proceso para avaliar os impactos socioeconómicos fíxose pola vía de estudar unha mostra de 7 produtos afectados pola directive e despois extrapolar os efectos ao total de economía. En base aos efectos esperados sobre produción, consumo e reparación os impactos foron asignados a cada axente (European Commission, 2023a). O resumo dos impactos das políticas ven recollido na táboa 8-7.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 8-7. Resumo dos impactos das políticas adoptadas pola Comisión na Directiva

	Beneficios en 15 anos	Custos en 15 anos
Impacto económico	Aforros dos consumidores 176.5 billóns EUR Crecemento e investimento 4.8 billóns EUR Aforro en custos de produción 15.6 billóns EUR	Custos de axuste 8.1 billóns EUR Custos administrativos 69.8 millóns EUR
Impacto ambiental	Redución de emisións de CO2 18.5 millóns de toneladas en CO2-eq = 3.3 billóns EUR Aforro de recursos 1.8 millóns tons = 1.1 billóns EUR Aforro de residuos 3 millóns tons = 493.4 millóns EUR Total en termos monetarios 4.9 billóns EUR	
Impacto social	8872 empregos ~3.3 billóns EUR en custos de persoal	
Impacto sobre as administracións		Custos de implementación 105.5 millóns EUR

Source: European Commission (2023a)

A redución no consumo implica aforro para os consumidores, mais tamén menores vendas e menor produción, o que repercute sobre vendedores e fabricantes, o que supón menos empregos. Adicionalmente, a redución no consumo supón aforros en emisións e recursos. Maior reparación, por outro lado, supón incremento en emprego, o que compensa a redución de empregos en venda e fabricación. Os custos administrativos refiren, principalmente os requerimentos informacionais.

Curiosamente, algúns matices deben ser feitos respecto destas evaluacións. Esta Directiva anticipa un cambio na produción, perdo de peso da manufactura en favor da reparación, o que a priori ten unha serie de efectos económicos, mais tamén ambientais. Os maiores aforros dos consumidores, supostamente, poderían ser redirixidos cara investimentos que resultasen en maior crecemento económico no longo prazo. Crecemento como resultado do aforro, resulta un potencial efecto rebote da Directiva. Crecemento e produción tenden a estar estreitamente relacionados e constitúen ambos promotores de impactos ambientais pola vía do aumento de emisións e do aumento do uso de recursos. Polo de agora e en termos agregados, crecemento económico sempre se ten simultaneado con aumento no uso de recursos, mesmo cando este aumento ten sido a unha velocidade menor do que o propio crecemento económico.

There is no empirical evidence supporting the existence of a decoupling of the type described as necessary [which] is an absolute, global, permanent and sufficiently fast and large decoupling of environmental pressures (both resources and impacts) from

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> economic growth. In the end, our search for robust evidence was unsuccessful, coming up only with a handful of methodologically peculiar exceptions, most often of relative decoupling, and if absolute, mainly temporary and restricted in space. (Parrique et al., 2019, p.31)

Transporte tamén pode provocar un efecto rebote en termos de emisións. Perante unha avaría en garantía, non é raro os produtos seren transferidos a centros de reparación dos propios fabricantes, ás veces tendo que se desprazar longas distancias. Se cando se lle solicita aos fabricantes que reparen, en virtude do mandato de reparar que recoñece a Directiva, estes seguen o mesmo procedemento que perante as avarías en garantía e envían os produtos a centros de reparación específicos, entón as ganancias derivadas dunha maior reparación veranse compensadas polas emisións derivadas do transporte. Transporte, de feito, representa un componente importante na Avaliación de Ciclo de Vida (Cristea et al., 2013) e ten sido notado como un efecto rebote no paradigma da economía circular (Gonçalves-Castro et al., 2022). Isto será en última instancia continxente na decisión que adoptaren os fabricantes. Se a Directiva serve para expandiren a súa rede de reparadores oficiais, entón os efectos rebote non serán tan acentuados.

En termos socioeconómicos, a Directiva recoñece un potencial cambio na produción: caída no peso da industria e aumento do peso da reparación. Aínda así, non se estabelecen provisións que foren cambiar o equilibrio económico entre fabricantes e reparadores. Non se estabelecen provisións en materia de prezos, só en materia de transparencia nos prezos, o que pode ser beneficioso en si mesmo xa que falta de transparencia en materia de prezos é unha queixa habitual dos consumidores sobre a reparación (Lechner et al., 2021), mais que non atalla o problema de fondo dos prezos relativos da reparación respecto dos prezos dos recambios. Mesmo que efectivamente teña lugar a mudanza de produción cara a reparación, isto non supón necesariamente un cambio nos ingresos dos axentes, xa que parte do mercado da reparación será reabsorvido polos fabricantes a través dos seus servizos de reparación oficiais. Este extremo foi admitido pola propia Comisión durante a fase preparatoria "While repairers affiliated with producers would have increased revenue because of the obligation to repair, independent repairers who are not sub-contractors of producers might lose market share" (European Commission, 2023a, p.55). O Dereito a Reparar recollido nesta Directiva asegura que os fabricantes participan dos beneficios dun emerxente mercado da reparación (Grinvald & Tur-Sinai, 2019; iFixit, 2018), alén de intentar transferirlles o control sobre o mesmo.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Directiva (2024/1799) non proporciona aos reparadores independentes ningunha ferramenta adicional coa que ultrapasar as barreiras que enfrentan os reparadores, ao contrario, crea obrigas administrativas adicionais pola vía dos estándares e nova competencia da man dos servizos oficiais de reparación dos fabricantes. Serán as normas de reparabilidade no marco da regulación de ecodeseño as que deberán establecer pautas en canto a disponibilidade de información útil á reparación, disponibilidade de recambios ou requerimentos de desensamblado. A dependencia da lexislación sobre promoción da reparación de normas accesorias pode demorar a aplicación do mesmo até 2030 (Nogueira, 2024)

8.2. AS NORMAS DE ECODESEÑO

As normas de ecodeseño constitúen un elemento fundamental para a promoción da reparación. Tal e como se está artellando a arquitectura legal europea en torno á reparación, é á regulación específica de ecodeseño á que atinxe estabelecer os criterios de reparabilidade. Até ao de agora houbo dúas fases de regulamento en materia de reparabilidade. A primeira foron os regulamentos accesorios á directiva de ecodeseño (2009/125/EC), que foron regulamentos aprobados ao longo do ano 2019 (coa excepción de aspiradoras, que é do ano 2013), mais que fican sen efecto como resultado da aprobación do regulamento para deseño de produtos sustentábeis (2024/1781) que serve de marco para o estabelecemento de regulamentos específicos de produto onde se poden cubrir, entre outros, cuestión relativas a reparabilidade e reusabilidade.

Os regulamentos accesorios á directiva de ecodeseño (2009/125/EC) cobren un número limitado de produtos e non só incorporan aspectos relativos a reparación e reparabilidade. Unha compilación detallada das ferramentas para promoción da reparabilidade para todos os grupos de produtos cubertos figura no Anexo VIII. Na táboa 8-8 mostramos as denominacións dos regulamentos cos produtos específicos a que afectan.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 8-8. Regulamentos accesorios á Directiva de ecodeseño (2009/125/EC) segundo os que se cobren os requirimentos específicos de ecodeseño para certos grupos de produtos

Grupos de produtos	Regulamento específico
Lavalouzas	Regulamento da Comisión 2019/2022 de 1 de outubro de 2019
Pantallas electrónicas (pantallas electrónicas cunha superficie inferior a 100cm2, proxectores, pantallas para uso médico...)	Regulamento da Comisión 2019/2021 de 1 de outubro de 2019
Aparellos de refrixeración con función de venda directa	Regulamento da Comisión 2019/2024 de 1 de outubro de 2019
Aparellos de refrixeración para uso doméstico	Regulamento da Comisión 2019/2019 de 1 de outubro de 2019
Servidores e produtos para almacenaxe de datos	Regulamento da Comisión 2019/424 de 15 de marzo de 2019
Aspiradores	Regulamento da Comisión 666/2013 de 8 xullo de 2013
Lavadoras e secadoras	Regulamento da Comisión 2019/2023 de 1 de outubro de 2019
Equipo de soldadura	Regulamento da Comisión 2019/1784 de 1 de outubro de 2019
Smartphones, teléfonos móbiles e tablets	Regulamento da Comisión 2023/1670 de 16 de xuño de 2023

Fonte: Elaboración propia a partir dos Regulamentos da Comisión (2019/2022 de 1 de outubro de 2019; 2019/2021 de 1 de outubro de 2019; 2019/2024 de 1 de outubro de 2019; 2019/2019 de 1 de outubro de 2019; 2019/424 de 15 de marzo de 2019; 666/2013 de 8 xullo de 2013; 2019/2023 de 1 de outubro de 2019; 2019/1784 de 1 de outubro de 2019, 2023/1670 de 16 de xuño de 2023)

A redacción xeral dos regulamentos de ecodeseño é notabelmente similar, indicativo de que foron elaboradas en paralelo. A única discrepancia procede de aspiradoras, que ten un carácter moito menos ambicioso do que o resto, tal e como se pode ver na táboa do anexo VIII. Estes regulamentos abordan algunhas cuestións clave relativas á problemática xeral da reparabilidade, nomeadamente desmantelamento, recambios e información. Só aspiradoras incorpora aspectos específicos relativos a durabilidade.

En canto a desmantelamento, as normas estabelecen que os componentes deben ser desmontables, mais existen dous enfoques. Maioritariamente, a achega da Comisión é a de facilidade de desmontar componentes sinalados, só aqueles indicados no Anexo VII da Directiva 2012/19/EU (trátase de componentes que inclúen materiais ou sustancias perigosas, o listado está no Anexo VIII do presente traballo). Trátase de facilidade de desmontaxe coa intención de reciclaxe e recuperación de materiais, non de facilidade de desmontaxe para reparación. Aquí fica manifesta a diferenza de enfoques dentro do ecodeseño en sentido lato e é que pode abranguer estratexias variadas e non todas compatíbeis entre elas. Facilidade de desmontaxe para reparación implica que todos os componentes deban ser separables, non só aqueles perigosos. Outro enfoque sobre desmontabilidade, que aplica só a servidores e equipos

de almacenaxe de datos, fala da necesidade de que os mecanismos de unión, fosen cales foren, non deben previr desmontaxe para reparación ou reutilización. Este segundo enfoque explicitamente recolle a noción de desmontaxe para reparación, non para recuperación de materiais. Inclúese un listado específico de componentes cuxa desmontabilidade debe asegurarse, dito listado está tamén recollido no Anexo VIII do presente.

No relativo a recambios, especifícase a obriga de pór no mercado certos recambios durante un certo período de tempo. Tanto o número de anos, como os componentes que deben estar dispoñíbeis, como o tempo máximo no que deben proporcionarse, están recollidos nos diversos regulamentos e poden revisarse no Anexo VIII. Notemos que servidores e equipos de almacenaxe de datos non ten especificada disponibilidade de recambios, trátase do único xunto con aspiradoras. Outro aspecto interesante é que os regulamentos diferencian a disponibilidade de recambios en función de se é para reparadores profesionais ou para usuarios finais. Os reparadores profesionais teñen acceso a un número maior de componentes, en canto que os usuarios finais teñen acceso asegurado a un número máis limitado. Recoñécese implicitamente que o dereito a reparar que se asegura con estes regulamentos é un de tipo pechado (Svensson et al., 2018).

No relativo a ferramentas, tanto para desmontaxe como para recambios, especifícase que as ferramentas a utilizar deben ser comúns e que tanto desmontaxe como cambio de pezas debe de ser feito sen danar o equipo.

O componente final de reparabilidade incluído nos regulamentos é o relativo a información. De novo, lístase o conxunto de información sobre o produto que o fabricante debe pór a disposición. O listado inclúe, entre outros: mapas de despeces, mapas eléctricos, listado de ferramentas para testado e reparación, bitácoras sobre os erros comúns ou manuais técnicos. Especifícase tamén o xeito de acceder a información, o prazo máximo no que se pode proporcionar o acceso e o custo que pode supor. A información está presente no Anexo VIII do presente. Acceso a información, a diferenza de cos recambios, non recoñece o dereito ao usuario final de dispor de dita información, de feito, establécense requirimentos adicionais por parte do reparador, como demostrar capacidade e solvencia na reparación para poder acceder. En suma, acceso a información sentencia o marco do dereito a reparar que se consolida nestes regulamentos como un de tipo pechado. O do-it-yourself (DIY), ou autofabricación, fica excluído do dereito a reparar, o que constitúe un vector fundamental para a reparación e a economía circular (Fuad-Luke, 2010; Salvia & Prendeville, 2017).

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Para alén dos regulamentos específicos aprobados en 2019, un regulamento adicional foi aprobado en 2023, o cal cubre smartphones e tablets, principalmente. Entre os requerimentos espcecíficos para a reparación, foron feitos notábeis avanzos en comparación cos requerimentos anteriores, tanto en materia de acceso á información, como custo, como na información que debe estar disponíbel publicamente, que inclúe os mapas eléctricos das placas (unha peza de información clave para os reparadores, ver capítulo 7). Para alén disto, tamén inclúe aspectos relativos a durabilidade e resistencia, tamén da batería.

O último desenvolvemento en materia de reparabilidade, de novo no marco da regulación de ecodeseño, é a Regulación para Deseño Sustentábel (2024/1781), aprobada en xuño de 2024. Trátase dunha norma que serve de marco para desenvolver regulacións de produtos específicos, onde cabe incorporar, entre outras, criterios de reparabilidade e durabilidade. Os aspectos que poden cubrir os regulamentos específicos abranguen: durabilidade, reparabilidade, fiabilidade, actualizabilidade, reutilizabilidade, mantemento e reacondicionamento, uso de enerxía ou eficiencia enerxética, eficiencia dos recursos ou eficiencia no uso dos recursos, contido reciclado, mantemento e reacondicionamento, presenza de sustanciaas perigosas, aproveitamento material, impacto ambiental (incluída pegada de carbono e pegada ambiental) e previsión na xeración de residuos. Esta amplitude de obxectivos difiren daqueles recollidos na Directiva de Ecodeseño anterior, que se limitaba a eficiencia enerxética e protección do medio ambiente.

Os requerimenos que fixa o regulamento fican clasificados en dous grandes grupos: os de rendemento e os de información. Requerimentos de rendemento fixan requerimentos cuantitativos sobre algún parámetro (p.e. níveis mínimos ou máximos) ou cualitativos (p.e. prohibición de determinadas solucións de deseño por non contribuíren aos fins marcados). Para alén dos requerimentos de rendemento, os requerimentos de información buscan a facilidade na comunicación da información de ecodeseño. Inclúen, entre outras, a introdución dun pasaporte dixital que asegure aos axentes da cadea dispor da información do produto por vía dixital.

Este novo regulamento de ecodeseño é máis ambicioso que a Directiva que o precedeu entanto que abrangue todos os produtos e non só aqueles de tipo eléctrico e entanto que incorpora explicitamente criterios de reutilización, reparación e remanufactura. Con todo, fican algúns aspectos que xeran potenciais dúbidas sobre a súa eficacia: a posibilidade de os fabricantes afixaren autoregulamentos cando controlaren a maior parte da cota de mercado, o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

apoio en medidas de información (un problema do que tamén adoece especialmente a Directiva para a promoción da reparación) e o papel dos actores á hora de vixiar o cumprimento da norma (Puentes, 2024).

A relevancia das normas de ecodeseño para o estudo da reparación e en particular para a normativa de promoción da reparación, radica no facto de que a aplicación da mesma vai estar limitada a aqueles produtos para os que requerimentos de reparabilidade existiren. De xeito efectivo déixase en mans de outras normas e aínda en regulamentos accesorios a dita norma a susceptibilidade de que sexa de aplicación. O grao até o que a normativa se aplicar tamén dependerá do alcance dos propios regulamentos de ecodeseño específicos.

8.3. O MARCO LEGAL DA REPARACIÓN

É innegábel que a regulación específica para reparación e reparabilidade ten experimentado un revulsivo nos últimos tempos. A ambición destes regulamentos, malia que pioneira en moitos aspectos, debe ser examinada de xeito crítico. Os regulamentos accesorios de ecodeseño vencellados á Directiva de Ecodeseño (2009/125) do ano 2019 avanzaron un marco regulatorio sobre reparabilidade. A relación detallada figura no Anexo VIII. Estes regulamentos abordan criterios de reparabilidade que teñen a ver con facilidade para desensamblar, se ben a orientación que adoptan a maioría de produtos é a do desensamblado orientado cara a recuperación de materiais e non reparación. Ecodeseño, como sinalamos na revisión de literatura, cubre aspectos variados sobre sustentabilidade que non son necesariamente sinérxicos entre si, isto inclúe deseño para reparación, deseño para reciclaxe, deseño relativo a sustancias... ecodeseño pode seguir algunhas estratexias determinadas e non outras.

En materia de recambios, os regulamentos listan módulos que deben estar dispoñíbeis, determinan o número de anos que os fabricantes deben telos a disposición nos mercados e fixan prazos para a súa entrega. Fican excluídos aspectos relativos aos prezos, un problema central sobre a reparación, en palabras dos propios reparadores (capítulo 7). Tamén se estabelecen criterios diferentes foren os recambios para reparadores ou para consumidores (DIY). Isto crea diferenzas en materia de apertura da reparación. No tocante a ferramentas, tanto para traballar con recambios como para desmantelar os produtos, as normas si estabelecen a obriga de usar ferramenta común e non aquela específica do fabricante orixinal. No tocante a información, outro aspecto fundamental sobre reparación e unha das barreiras que enfrentan os reparadores, as normas de ecodeseño listan a información que o fabricante debe por a disposición dos

reparadores profesionais, así como os prazos para entregala. Esta información, aínda así, entrégase a cambio dun prezo e require da formalización dunha inscrición.

A importancia crucial das normas de ecodeseño teñen a ver co papel que lle outorga a Directiva de reparación, onde o dereito a reparar aplicará só a aqueles produtos para os que existiren criterios de reparabilidade como parte da regulación de ecodeseño. A dependencia do dereito a reparar de iniciativas lexislativas adicionais é altamente problemática xa que irá demorar a aplicación do mesmo até 2030 (Nogueira, 2024, p. 186).

Para alén diso, a Directiva para a promoción da reparación insiste en ferramentas informacionais e pon o seu foco na transparencia e a competencia no marco do Mercado Interno. Mesmo insistindo na facilidade da provisión transnacional destes servizos: "facilitat[ing] cross-border provision of services and competition among repairers of goods" (European Commission, 2023b, p. 14), a pesar de estar documentado que a reparación é feita maioritaramente en proximidade (López-Bermúdez & Vence, 2023) e que lexislacións nacionais diverxentes non foron sinaladas como unha barreira por ningún dos reparadores consultados.

Entre as medidas propostas para promover a reparación, incentivar a reparación cando en garantía vai ter efectos positivos, indubidabelmente, mais estes van ser limitados debido a que a maioría de avarías teñen lugar após o período de garantía (Deloitte, 2016, p. 51) e como a propia Comisión recoñece no traballo preparatorio (European Commission, 2023a, p.8). O uso de ferramentas informacionais, como estándares ou plataformas de matchmaking, redundan en aspectos relacionados coa transparecnai e a competencia. Non se atallan, polo tanto, os problemas máis importantes que encontran os reparadores e os consumidores á hora de reparar, que inclúen barreiras legais; falta de información para a reparación (manuais, despeces, mapas eléctricos…); falta de recambios, pezas e componentes; así como aspectos de obsolescencia, a pesar de o Parlamento finalmente incorporar algúns parágrafos sobre obsolescencia programada. Boa parte destes aspectos foron, como vimos, atallados nos regulamentos de deseño ecolóxico específicos para produtos e continuarán a estalo no futuro. Prezos, aínda así, fica fora do ámbito de aplicación da Directiva, limitándose só a aumentar a transparencia dos mesmos pola vía do Formulario Europeo de Reparación, que malia que foi incialmente proposto como un estándar de adhesión obrigatorio, acabou por se tornar un estándar de adhesión voluntaria por parte dos reparadores. O formulario constitúe unha carga burocrática e administrativa adicional para os reparadores, e está inserto nunha Directiva que non ofrece,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

como contraste, ningunha medida concreta para superación das barreiras que enfrentan reparadores e consumidores.

Outra das medidas estrela desta Directiva é a forma escollida para materializar o Dereito a Reparar: o Mandato de Reparar. A idea desta proposta é que os consumidores podem solicitar aos propios fabricantes que reparen os produtos, sempre e cando existiren regulamentos de reparabilidade específicos. O fabricante, polo tanto, terá a obriga de reparar o produto até a onde alcanzaren os requerimentos de reparabilidade. Esta reparación será feita a cambio dun prezo que será fixado polo fabricante. A intención desta Directiva é a de incentivara a baixada dos prezos da reparación pola vía da competencia entre fabricantes e reparadores independentes (que xa acostuman reparar a un prezo inferior). Con todo, esta medida deixa ao fabricantes nunha posición priviliexiada para apropiarse do emerxente mercado da reparación, extremo que a propia Comisión recoñeceu na avaliación de impacto.

No centro da potencial ineficacia desta Directiva, xace un traballo preparatorio e de consultas onde os axentes e institucións máis poderosos foron quen de influenciar a toma de decisións políticas, aquí xogou un papel clave o Regulatory Scrutiny Board (RSB) que enfatizou a valoración económica de medidas por riba da súa eficacia en materia de promoción da reparación e os propios fabricantes e as súas asociacións, que en todos os contextos políticos atentan controlar ou limitar a aplicación de normativas de promoción da reparación e Dereito a Reparar (Grinvald & Tur-Sinai, 2019; Svensson-Hoglund et al., 2021).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

9. DESCUSIÓN DE RESULTADOS

Neste capítulo presentamos os principais resultados obtidos nesta tese, establecendo un diálogo entre os mesmos e os obxectivos específicos, hipóteses e o obxectivo xeral da tese.

9.1. CONCEPTUALIZANDO A REPARACIÓN

A reparación demostrou ser un obxecto de estudo extremamente complexo e cuxa conceptualización fora feita de xeito disperso e fragmentario na literatura. Esta constatación deriva do facto do interese pola reparación na academia abrollar por separado, dun lado desde a socioloxía e a antropoloxía, e doutro, desde a socieconomía e análise crítica do modelo de acumulación de capital baseado na expansión acelerada da produción e do hiperconsumismo e, máis recentemente, asociado coa economía circular (Niskanen et al., 2021). A dimensión do estudo da reparación polo lado sociolóxico e antropolóxico (que denominamos estudos da reparación) enfatiza o papel fundamental dos procesos restaurativos na arquitectura social e económica (Graham & Thrift, 2007; Jackson, 2014). O estudo da reparación polo lado da economía estivo asociado aos estudos da obsolescencia e o modelo de consumo. A economía circular fala da reparación desde unha perspectiva utilitarista, como unha estratexia para o prolongamento da vida útil dos bens e un chanzo máis na escala de actividades da economía circular (Gharfalkar et al., 2016; Stahel W., 2013). A nosa propia investigación e a recompilación das evidencias procedentes de ambas dimensións do estudo da reparación teñen constatado que ambas achegas non son incompatíbeis, senón máis ben complementarias.

Neste apartado abordamos a hipótese 1: O desenvolvemento conceptual e teórico ten sido fragmentario na literatura, mais mostra grande potencial transformador para a economía e o medio ambiente.

A reparación ten demostrado estar presente en todo tipo de ambientes humanos como un medio imprescindíbel para a reprodución e o sustento da base material das sociedades (Denis & Pontille, 2017; Graham & Thrift, 2007; Cohn, 2017; Forlano, 2017). A reparación é identificada, polo tanto, como unha forma de coidados, ou sexa, coidado polas cousas (Eisler, 2008; The Care Collective, 2021), o que, en definitiva, é unha forma de coidar tamén ás persoas pola vía do coidado do medio e do coidado ás cousas que median nas nosas interaccións diarias (Verbeek, 2011; Genovese & Pansera, 2021).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este papel da reparación como unha forma de coidados é o que nos leva a facer unha reflexión sobre a axioloxía da reparación, isto é, o seu valor. Constatamos que reparación é unha actividade cuxo fin é o sustento do valor imbuído aos materiais para facelos útiles, valor en sentido termodinámico en tanto que recursos tiveron que ser empregados para conferir aos materiais a súa utilidade e boa parte dos mesmos nunca poderán ser usados de novo en virtude do proceso entrópico (Georgescu-Roegen, 1971; Carpintero, 2006; Costanza et al., 1997). Isto estabelece unha barreira axiolóxica fundamental con outras actividades da economía circular, nomeadamente a reciclaxe e as actividades de recuperación material, mais respecto das cales non é habitual estabelecer unha diferenciación conceptual clara e é común colocalas simplesmente nun continuo de orde de preferencia (é o caso do esquema da Ellen MacArthur Foundation, 2015).

A mesma consideración axiolóxica sobre a reparación permítenos concibir a reparación como un equivalente (e polo tanto un rival) do proceso industrial, xa que desde un punto de vista finalista ambos procesos renden o mesmo resultado: un ben útil para satisfacer as nosas necesidades. Desde a perspectiva do valor de uso os bens reparados poden aportar funcionalidades comparábeis aos bens novos, pero desde o punto do valor de cambio e da valorización do capital presentan características diferentes, en canto ao potencial para ampliar mercados e xerar beneficios. Esta consideración insire a reparación na dinámica dicotómica de escolla entre a produción de bens novos ou a maximización do uso de stocks que se encontra na cerna do debate sobre obsolescencia (Victor, 2008; Daly, 1996; Georgescu-Roegen, 1971). En virtude desta consideración fai sentido avaliar as actividades de reparación en contraste coas actividades industriais de produción de novos bens, como facemos no capítulo 6 ao consideralas as súas rivais directas do punto de vista finalista.

Do punto de vista sociolóxico e antropolóxico comprobamos tamén como a reparación, lonxe de ser unha práctica pasiva, adopta estratexias proactivas para superar as barreiras que enfrenta, e que son resultado dunha arquitectura legal e económica concibida para a substitución e non para a reparación (Jackson, 2014; Jackson et al., 2012; Houston et al., 2016; Houston & Jackson, 2016; Houston, 2019).

En relación coa hipótese que abordamos neste apartado, a nosa análise demostrou que os desenvolvementos conceptuais e teóricos da reparación teñen sido feitos desde diferentes perspectivas académicas, porén, as diferentes achegas non son incompatíbeis senón complementarias entre si. A nosa análise, de carácter económico, enriquécese coas achegas

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

doutras disciplinas. No tocante á segunda parte da hipótese de partida, observamos que o potencial transformador da reparación radica no seu papel na xestión de stocks sociais, o que obriga a mudar as lóxicas económicas e reduce o impacto ambiental. A reparación é unha actividade cunhas propiedades entrópicas únicas e separadas que a fan ao mesmo tempo capaz de soster o valor dos bens e proporcionar bens útiles para satisfacer as nosas necesidades. As achegas desde unha perspectiva disciplinar multidimensional oferécenos unha base de coñecemento valiosa que pode ser empregada na investigación sobre reparación, tanto a nível microeconómico como a nível macroeconómico, para abordar a análise sobre determinación do papel da reparación na economía, sobre a superación da obsolescencia e para impulsar unha transformación cara unha economía máis circular e sostible que prolongue a vida útil dos bens, reduza a extracción de recursos novos e reduza a xeración de residuos.

9.2. A AVALIACIÓN CONCEPTUAL E EMPÍRICA DA OBSOLESCENCIA

A obsolescencia constitúe unha barreira crucial á reparación. É inicialmente proposta como unha forma de incentivar o consumo nun contexto de expansión e infrautilización da capacidade produtiva industrial e asiña se integra no ethos do consumismo (Packard, 1960; Gorz, 1989). Do punto de vista conceptual a obsolescencia foi inicialmente proposta como un conxunto de estratexias deliberadas para incentivar o desfase e a substitución de produtos. O papel crucial que a obsolescencia xoga no capitalismo asegura a expansión continua de mercados pola vía do desgaste do stock, a aceleracións da substitución dos bens en uso por bens novos, condición necesaria para a expansión continuada dos mercados que, por súa vez, é necesaria para a reprodución do modelo de acumulación capitalista (Vence, 2023).

Neste apartado abordamos a hipótese 2 que propomos neste traballo: A obsolescencia constitúe unha barreira fundamental á reparación que se manifesta no declive das esperanzas de vida e nos incentivos ao descarte e como estratexia para a expansión dos mercados.

Packard (1960), que desenvolveu a primeira conceptualización da obsolescencia, propuxo tres formas principais de obsolescencia: calidade, desexo e funcionalidade. Outros autores teñen proposto distintas formas de categorizar a obsolescencia (véxase por exemplo Öko-institut, 2020; Burns, 2010; Cooper, 2004; Gouvernement Française, 2017), mais no esencial as categorías inicialmente propostas por Packard continúan a ser válidas para recoller os distintos tipos de obsolescencia. O maior avanzo conceptual nas últimas décadas ten vido do refinamento conceptual das distintas formas de obsolescencia, especialmente na obsolescencia funcional e na psicolóxica.

A obsolescencia material envolve aspectos tanto de calidade de materiais (de Fusco, 2005) como aspectos de deseño (Öko-institut, 2020), que inciden sobre a durabilidade dos bens e, en última instancia, repercuten sobre o custo da reparación en caso de avaría (Maitre-Ekern & Dalhammar, 2016; Grinvald & Tur-Sinai, 2019). A obsolescencia funcional ten experimentado unha considerábel mudanza respecto da súa concepción orixinal. A mellora tecnolóxica era vista como unha forma positiva de obsolescencia, resultado da percepción optimista e determinista sobre a tecnoloxía (Graeber, 2012 & 2015). Desde unha perspectiva máis moderna e fundada sobre criterios de responsabilidade e ética, a tecnoloxía e a innovación (en produtos e procesos) deben ser avaliadas de xeito crítico, tomando en conta os seus efectos complexos e contraditorios, dado o papel crucial que xogan nos relacionamentos humanos e a dificultade de anticipar a totalidade dos seus efectos (Pansera et al., 2021; Owen & Pansera, 2019; Robra et al., 2023). Obsolescencia de tipo psicolóxica tamén sufriu unha mudanza fundamental respecto da súa concepción orixinal que enfatizaba a moda e a frugalidade onde os consumidores eran vistos de forma pasiva e sen axencia (Packard, 1960; Georgescu-Roegen, 1977/2007), para pasar a ser vista como un proceso onde os consumidores adoptan decisións conscientes, máis ou menos informadas, en base a múltiples factores que ponderan e onde as distintas formas de obsolescencia actúan simultaneamente (Svensson-Hoglund et al., 2021 & 2023; Ackermann et al., 2018; Terzioglu, 2021; Tasbirul Islam et al., 2020).

Os avanzos conceptuais contrastan coa dimensión empírica de análise da obsolescencia, que é un campo relativamente inexplorado. Podemos distinguir dúas formas fundamentais de aproximarnos ao estudo da obsolescencia, o primeiro consiste en analizar as esperanzas de vida para comprobar se efectivamente o tópico comunmente asociado coa obsolescencia ten lugar: o seu declive continuado das esperanzas de vida; o segundo consiste en analizar as causas de descarte para identificar as distintas formas a través da cales obsolescencia inflúe sobre os produtos.

No tocante á idade de descarte, compre notar que carecemos de rexistros oficiais e bases de datos sobre esperanzas de vida dos produtos no longo prazo (Cooper, 2004, p.423; Forti et al., 2018). Esta radical carencia de estatísticas e de información sobre a duración da vida dos bens constitúe, en si mesma, unha constatación relevante e sorprendente no marco dunhas sociedades nas que existen estatísticas e bases de dados sobre os máis diversos aspectos, o que permite entrever o escaso interese dos gobernos e das empresas por botar luz sobre este problema. Para ultrapasar esta carencia, recorremos á análise conxunta de diversas estatísticas

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

compiladas en distintos lugares e en distintos momentos históricos co fin de trazar un perfil de longo prazo, aínda que for de xeito aproximado. Unha das mellores fontes de información existentes para o estudo das esperanzas de vida son as estimacións de Wang et al. (2013) e Forti et al. (2018), tanto polo número de produtos que abranguen, coma polo rango temporal que cobren, así como polo feito de a información estar compilada de xeito homoxéneo, o que permite a súa comparación. Os datos de que dispomos varían por produtos, mais mostran como no total do período considerado a esperanza de vida media dos produtos entre 1995 e 2013 caeu para 34 das 43 categorías de produtos consideradas e aumentou só para 9 das 43. O aumento medio das esperanzas de vida foi de 12% mentres que a caída media das esperanzas de vida foi -11,8%, malia que a esperanza de vida media por categoría varía notabelmente.

Para salvar a deficiencia de estudos e de compilación de datos propomos construír unha base de datos a partir do inventario da Universidade de Santiago de Compostela. Utilizamos información relativa a dous tipos de produtos: computadoras e impresoras. Unha vez depurados os datos, o que observamos son resultados coherentes con aqueles obtidos doutras fontes de datos. A tendencia xeral que observamos tanto de computadoras como de impresoras é de caída, embora a esperanza de vida dos produtos experimente aumentos como resultado da prolongación de vida dos produtos en períodos recesivos onde a alocación de fondos para substitución de equipamento experimenta caídas. A nosa novidosa análise sobre datos en bruto non analizados previamente axuda a matizar e reforza as nosas observacións, no esencial que os perfís das esperanzas de vida son de caída no tempo, porén, hai episodios de curto prazo de aumento na esperanza de vida dos produtos, o que en absoluto pon en dúbida a existencia de procesos sistémicos de obsolescencia.

A análise dos distintos estudos mostra perfís de esperanza de vida complexos, tanto por produto (variacións no curto prazo da esperanza de vida dos produtos dunha mesma categoría) como entre produtos (algunhas categorías de bens ven aumentar as súas esperanzas de vida no longo prazo embora outras categorías experimenten un declive continuado). O aumento das esperanzas de vida dos produtos non é un fenómeno inédito, certos bens, como automóbiles, experimentaron subas continuadas da esperanza de vida media nas últimas décadas. As subas das esperanzas de vida poden ser resultado da moderación dos vectores de obsolescencia e consumistas máis agresivos, que fixeron con que os valores de partida das esperanzas de vida cara a finais do século XX e principios do XXI fosen exaxeradamente baixos. O aumento nas esperanzas de vida dalgúns produtos non nega a existencia da obsolescencia mais si obriga a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

matizar as nosas observacións. Se temos en conta as esperanzas de vida óptimas do punto de vista ambiental, Bakker et al. (2014) comprobaron como as esperanzas de vida dos produtos tenden a ser sistematicamente inferiores ao que deberían ser do punto de vista ambiental. O seu cálculo está baseado no impacto ambiental durante o proceso de produción e durante o uso. Os produtos experimentaron evolucións tecnolóxicas que os fixeron máis eficientes do punto de vista ambiental durante o uso, mais non durante a produción (véxase Baumert et al., 2019), en consecuencia, incrementos na eficiencia de uso deberían resultar en incrementos na esperanza de vida dos produtos, fenómeno que non ten lugar.

Os resultados en relación coas esperanzas de vida deben ser considerados conxuntamente cos resultados obtidos da análise das causas de descarte. En relación coas causas de descarte, xuntamos evidencias procedentes de diversos estudos, de novo debido á falta de datos oficiais e bases de datos que fai con que diferentes autores analizasen dimensións concretas das causas de descarte. Os resultados obtidos mostran como as distintas formas de obsolescencia e as estratexias específicas afectan de xeito distinto aos distintos produtos e mesmo a un mesmo produto en función do fabricante. Produtos tradicionalmente mecánicos incorporan cada vez máis elementos electrónicos e software, que crea unha debilidade adicional. Produtos de tipo informático, por outro lado, experimentaron melloras funcionais constatábeis nos últimos anos, o que ten creado incentivos para substituír produtos en bo estado de uso pero de prestacións relativamente inferiores. Cada vez máis a expansión do tamaño e a complexidade do software reproduce a necesidade dos produtos mantérense interconectados o que pode provocar un desbordamento da capacidade do hardware incorporado.

A constatación principal da avaliación das causas de descarte ten a ver coa interconexión que existe entre as distintas formas de obsolescencia e as sinerxías que se crean entre elas. A nosa análise permite comprobar como distintas formas de obsolescencia poden, de facto, reforzarse mutuamente. A expansión da complexidade e do tamaño do software, un vector de obsolescencia de tipo funcional, conlevou a introdución de elementos de hardware capaces de soportalo, o que incorporou vulnerabilidades adicionais de tipo material, pola vía do deseño e da calidade dos produtos e tamén de tipo económico, pola vía dos recambios. Todo isto inflúe en última instancia na percepción da obsolescencia dos consumidores e en consecuencia na súa propensión a repararen.

En suma, xulgamos que a nosa análise sobre a obsolescencia contribúe ao debate sobre sustentabilidade de xeito determinante. Dunha parte, do punto de vista teórico recollemos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

achegas diversas sobre a categorización da obsolescencia, notando especialmente os últimos desenvolvementos conceptuais, que falan das distintas formas de obsolescencia como vectores que inflúen simultaneamente sobre os produtos e contribúen á súa obsolescencia. Tamén recollemos as achegas sobre obsolescencia que presentan unha consideración máis realista e consecuente do papel dos consumidores á hora de ponderar os distintos factores e tomar unha decisión (Svensson-Hoglund et al., 2023). A nosa análise sobre as causas de descarte e a nosa propia investigación sobre barreiras á reparación ten mostrado como as distintas formas de obsolescencia non só actúen simultaneamente, mais interaxen entre si creando sinerxías perversas. Particularmente, a obsolescencia funcional, que deriva da introdución de sucesivas innovacións tecnolóxicas, acarrexa a necesidade de aumentar a complexidade técnica e polo tanto aumenta a vulnerabilidade material dos produtos. Observamos, polo tanto, que as distintas categorías de obsolescencia, malia que útiles dunha perspectiva analítica, na práctica maniféstanse como compartimentos porosos onde as distintas formas de obsolescencia crean simultaneamente novas vulnerabilidades noutras dimensións.

A nosa análise das causas de descarte mostrou que as distintas formas de obsolescencia actúan sobre os distintos tipos de produtos de xeito distinto, con factores de tipo material pesando máis en produtos de tipo maduro e factores de tipo funcional pesando máis en produtos de tipo informático. Adicionalmente, a nosa investigación mostra que as distintas formas de obsolescencia non só actúan simultaneamente sobre os produtos (Proske et al., 2016), influíndo sobre a obsolescencia en maior ou menor grao, senón que as distintas formas de obsolescencia crean sinerxías entre si, as máis das veces reforzándose mutuamente: mudanzas tecnolóxicas, sobre todo pola vía do software, crean demandas adicionais sobre hardware, vulnerábel a formas de obsolescencia material. Así, obsolescencia funcional, crea simultaneamente vulnerabilidade pola vía da obsolescencia material. A integración de módulos electrónicos en bens de tipo mecánico ten un efecto similar.

En termos das esperanzas de vida dos produtos, un tópico comunmente asociado coa problemática da obsolescencia, o que a nosa investigación mostra é que en termos xerais podemos falar dunha tendencia de declive nas esperanzas de vida dos produtos no longo prazo, mais a realidade das esperanzas de vida é complexa. A maioría de categorías de produtos mostran oscilacións nas esperanzas de vida no curto prazo, e algunhas categorías (as menos) viron aumentar a súa esperanza de vida no longo prazo. O aumento da esperanza de vida dos produtos non é un fenómeno inédito e en absoluto permite cuestionar a existencia da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

obsolescencia, en particular se tivermos en conta que as esperanzas de vida tenden a ser aínda inferiores ao que deberían ser do punto de vista ambiental (Bakker et al., 2016). Neste sentido compre notar a diferenza que existe entre a esperanza de vida esperada, concebida na fase de deseño, e a esperanza de vida real, influenciada por uso, reparacións sucesivas ou situación económica que desincentiva o reemprazo. En contextos de recesión económica a propensión dos consumidores é a aferrarse aos seus produtos por mais tempo, eis que, por exemplo, en Alemaña a idade de descarte dos produtos aumentase en 2008 (Öko-Institut e.V., 2015 & 2020). O aumento da esperanza de vida nalgúns produtos pode estar relacionado co cambio no comportamento dos consumidores, por causa de crises, caídas de ingresos, etc ou unha certa moderación da cultura do consumismo en certos países, despois de períodos especialmente hiperconsumistas (Packard, 1960; Krebs & Hoppenheit, 2022). A nosa investigación permite confirmar que en termos xerais os produtos viron diminuír as súas esperanzas de vida, embora for necesario matizar os resultados por produtos, por momento histórico ou incluso por país.

En relación coa hipótese que abordamos neste apartado, os nosos resultados permítennos corroborala e tamén matizala. A obsolescencia xoga un papel fundamental como estratexia comercial das marcas e para asegurar a expansión dos mercados, o que se manifesta particularmente a través dos vectores de obsolescencia que incentivan as causas de descarte. Diferentes formas de obsolescencia, particularmente obsolescencia funcional, forma sinerxías con outras formas de obsolescencia, tanto material coma psicolóxica, ao tempo que a crecente dependencia de soporte software e interconectividade acelera a obsolescencia. A manifestación destas causas de descarte maniféstase nun declive xeral nas esperanzas de vida dos produtos no longo prazo, porén, este declive debe ser matizado por produtos, por país e por contexto socioeconómico. Algunhas categorías de produtos (as menos) mostran incrementos nas esperanzas de vida, a idade de descarte mostra tamén oscilacións no curto prazo que se poden deber a contextos socioeconómicos desfavorábeis. Estas oscilacións débense á diferenza entre durabilidade (concebida no deseño) e duración efectiva do produto (que depende do uso e da xestión dos propios consumidores e que pode ser prolongada por medios como a reparación).

9.3. A REPARACIÓN NA ECONOMÍA, A INSERCIÓN SECTORIAL

A análise económica da reparación require da análise dos agregados sectoriais e o seu peso no total da economía. A hipótese 3 estabelece que os agregados económicas xogan un papel significativo nas economías, particularmente nas rexionais, e son intensivas en traballo. A análise económica da reparación, porén, acarrexa un problema adicional que ten a ver coa

disponibilidade de información, ou máis concretamente, co grao de desagregación das actividades de reparación nas clasificacións de actividades económicas, no noso caso na clasificación CNAE rev.2 (Eurostat, 2008), que é a que empregamos. A pesar da reparación estar presente en todos os ámbitos da vida, tanto económica como familiar, a obtención da información sectorial limítase a aquela dispoñíbel nos agregados das contas económicas.

A reparación aparece principalmente en tres ramas da clasificación CNAE, rama 33, rama 45 e rama 95. A rama 95, reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico é a única rama integramente dedicada á reparación a un nível de desagregación de 2 díxitos. A rama 33 inclúe instalación e reparación de maquinaria, mais onde reparación de maquinaria é a actividade principal. A rama 45 presenta o maior problema das tres, dado que inclúe conxuntamente venda e reparación de vehículos de motor. Reparación de vehículos de motor está emparellada cunha actividade de venda, venda de vehículos, cuxas características económicas difiren considerabelmente. Compre empregar o grao de desagregación adecuado sempre que posíbel. Cando o grao de desagregación non é posíbel aos 3 díxitos para incluír todas as actividades de reparación, os resultados deben ser matizados.

A análise sectorial é feita en dúas dimensións, a primeira a nível do estado español, para o cal dispomos de agregados socioeconómicos de longo prazo, embora non para o grao de desagregación ideal. A segunda dimensión da análise é feita a nível da economía galega, onde dispomos de información por produtos das estatísticas Input-Output rexionais que nos ofrecen unha información valiosa para analizar o grao de inserción territorial das actividades de reparación.

Os datos do estado español de longo prazo abranguen dos anos 1995 a 2022. Os resultados mostran como os agregados que inclúen a reparación teñen medrado máis do que a economía en termos de valor engadido, agás venda e reparación de vehículos de motor. En termos de emprego os resultados son distintos, xa que no período só reparación e instalación de maquinaria experimentou un crecemento superior ao total da economía. A reparación de computadoras e efectos persoais experimentou un crecemento de emprego similar ao da economía no período e venda e reparación de vehículos de motor, pola contra, experimentou un nível de crecemento do emprego menor do que a media da economía, permanecendo practicamente estábel no período analizado. Estes resultados mostran unha tendencia expansiva das actividades de reparación e instalación de maquinaria e, en menor medida, de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico. Estas formas de reparación, lonxe

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de decaer, mantivéronse en liña coa economía ou incluso aumentaron o seu peso no total da economía, tanto en emprego como en valor engadido. A relativa estabilidade de longo prazo en venda e reparación de vehículos denota que nos encontramos diante dunha actividade madura, onde non ten cabida a súa expansión dado que o grao de penetración dos produtos de que se ocupa é elevado e leva sendo elevado ao longo do período. O peso de venda e reparación de vehículos de motor no total da economía ten caído no período observado.

Para o período 2018-2022, para o que dispomos de datos desgregados, o que observamos é un incremento no peso da reparación na economía en termos de valor engadido protagonizado principalmente por reparación e instalación de maquinaria, que constitúe, en termos de valor engadido, a principal rama das tres que inclúen á reparación. En termos de emprego a situación varía notabelmente. No período 2018-2022 o que observamos é que o emprego de reparación diminuíu a súa participación no total da economía española, provocado pola caída no peso do emprego de reparación de vehículos de motor e de computadoras. A pesar disto, a participación no total do emprego da economía española é maior do que a participación en termos de valor engadido, o que nos dá conta de que estamos perante actividades máis intensivas en man de obra do que a media da economía. Malia a súa negativa evolución no período, en termos de emprego reparación de vehículos de motor é a que mostra o maior tamaño das tres ramas. Estes resultados confirman a reparación como unha práctica intensiva en man de obra, en liña con outros estudos sobre este sector (Llorente-González & Vence, 2020; Vence & López Pérez, 2022a). A pesar do peso agregado da reparación na economía española caer, a reparación mostra no longo prazo unha tendencia expansiva (a excepción de reparación de vehículos de motor, que é a maior das tres actividades en termos de emprego e tamén a máis madura, resultado do grao de penetración social dos vehículos).

A situación da reparación a nível do agregado do estado español difire da situación da reparación a nível do agregado da economía galega. A economía galega posúe unha estrutura produtiva e de consumo propias, adicionalmente, Galiza é unha economía periférica no contexto rexional europeo o que a fai un estudo de caso ideal. A reparación mostra un peso na economía galega moi superior ao da economía española, sumando as tres ramas 1,5% do valor engadido e 2,2% do emprego. Trátase, de novo, de actividades cun peso menor no valor engadido que no emprego, o que denota maior intensidade de man de obra. O peso no valor engadido e no emprego fan a reparación comparábel a outros complexos produtivos, coma o pesqueiro ou o forestal (tendo en conta só a dimensión do impacto directo).

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A través da análise dos servizos de reparación oferecidos no marco Input-Output observamos que outras ramas oferecen servizos de reparación. No caso de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico, o sector de venda polo miúdo oferece 27% dos servizos de reparación totais. Respecto do destino dos servizos de reparación, reparación de maquinaria e reparación de computadoras mostran orientación cara a demanda intermedia, en canto que só reparación de vehículos de motor mostra unha clara orientación cara a demanda final. Só reparación de maquinaria mostra vocación exportadora, destinando a este fin 18% da produción.

A análise da inserción da reparación na economía galega facémola pola vía das interrelacións sectoriais que se empregan habitualmente en análises similares (Instituto Galego de Estatística, 2010). Os resultados mostran que as actividades de reparación mostran un grao de interrelación con outros sectores da economía galega inferior á media, agás reparación de maquinaria, e unha relativa dependencia de importacións, especialmente reparación e instalación de maquinaria e venda e reparación de vehículos de motor (notamos que non dispomos de información input-output desagregada, eis que a dependencia de importacións poda vir principalmente do lado da venda de vehículos de motor). Esa característica de actividade de servizo, pouco consumidora de inputs materiais e enerxéticos e, polo tanto, pouco xeradora de emisións e de residuos, é a que fai da reparación unha actividade especialmente favorábel para a sustentabilidade e a economía circular. Os coeficientes de traballo, porén, mostran que as ramas de venda e reparación de vehículos de motor e sobre todo reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico, son intensivas en traballo, de feito, reparación de computadoras é a rama cos coeficientes de traballo máis elevados de toda a economía galega.

A análise sectorial da reparación na economía mostra que, tomadas conxuntamente, actividades de reparación representan unha parte importante do emprego, especialmente nas economías rexionais (en liña con iFixit, 2018; McGrattan & Schmitz, 1999), en liña coa nosa hipótese e tamén mostran que as actividades non só son intensivas en emprego, senón que mostran potencial creador de emprego nas economías nas que se insiren. A nosa análise tamén mostra que cada sector específico de reparación mostra modos de integración na economía rexional diferentes. En termos xerais, a reparación mostra ser un mercado autocontido a nível rexional. Na demanda da reparación pesa especialmente a demanda intermedia, que nos fala da reparación non só como un servizo orientado a consumidores, senón tamén a outras empresas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A interrelación que estabelecen os sectores de reparación con outros sectores da economía rexional tende a ser inferior á media da economía, para alén de os sectores de reparación (ou aqueles que conteñen actividades de reparación) denotaren unha dependencia relativa de importacións. O potencial creador de emprego da reparación, tanto directo como indirecto, na economía galega está entre os máis elevados de todos os sectores. A promoción da reparación, polo tanto, mostra un potencial creador de emprego superior ao doutros sectores da economía, a pesar da relativa dependencia de importacións, o que denota un importante grao de inserción nos tecidos produtivos de proximidade.

9.4. A REPARACIÓN NA ECONOMÍA, A CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO REXIONAL SUSTENTÁBEL

A problemática da proximidade é intrínseca á problemática da economía circular. A economía linear está caracterizada por procesos de concentración espacial da actividade económica en polos industriais (Polenske, 2008; Arbia et al., 2006; Porter, 1998), mais tamén pola descentralización vertical dos procesos económicos a nível internacional a través das cadeas internacionais de produción, especialmente acentuada nas últimas décadas polo proceso de hiperglobalización. Proceso este que ten resultado en incrementos agregados do impacto ambiental, tanto pola vía do transporte como pola vía do uso de tecnoloxías menos eficientes (Vence & López-Bermúdez, 2023; Babinker, 2005; Copeland & Taylor, 2004; Ederington & Minier, 2003; Baumert et al., 2019; Michel, 2013).

A distancia, pola vía do transporte, é un problema a minimizar na transición cara a economía circular, dado que a necesidade dos produtos desprazárense pode facilmente compensar ganancias ambientais resultado de tecnoloxías máis eficientes (Gallaud & Laperche, 2016; Korhonen et al., 2018; Cristea et al., 2013). En consecuencia, a economía circular de ciclos curtos e maximizadora da proximidade mostra potencial para crear actividade económica máis dispersa no territorio e próxima á cidadanía, o que contribúe para o desenvolvemento económico territorial máis harmónico e cohesionado. A reparación non é unha excepción e como todas as actividades propiamente circulares mostra propensión espontánea a ser feita en proximidade. Así mesmo, a reparación encóntrase nunha posición privilexiada no contexto da economía circular dado que é unha práctica consolidada, cun peso significativo dentro da economía (comparábel ao doutros complexos produtivos), e cuxa promoción implica promover un tecido produtivo xa existente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por iso formulamos a nosa hipótese 6: os agregados económicos mostran que a reparación é unha actividade relativamente dispersa desde o punto de vista territorial, o que contribúe para a creación de emprego no territorio.

Para contrastar a nosa hipótese, avaliamos a dimensión territorial da reparación a dous níveis, o rexional e o local. Para analizar a dispersión da reparación a nível rexional tomamos datos das rexións europeas para 10 países (seguindo o criterio de Deloitte, 2018). Empregamos dous índices de concentración da actividade económica: índice de Theil e Índice de Concentración Relativa de Krugman, que aplicamos aos datos de emprego, que consideramos os máis representativos da actividade económica. Os resultados mostran que as actividades de reparación a nível rexional están máis relativamente dispersas do que as súas rivais directas na economía circular dun punto de vista finalista: as actividades industriais. Todas as rexións europeas mostran participar das actividades de reparación e mostran mercados da reparación similares.

No caso da análise a nível local os resultados son máis diferentes e mostran que as actividades de reparación están máis relativamente concentradas que algúns dos agregados industriais para os que dispomos de información. A análise pormenorizada dos resultados mostra un elevado grao de concentración a nível local, especialmente para reparación e instalación de maquinaria, seguido de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico e finalmente reparación de vehículos de motor, que mostra ser a actividade de reparación máis dispersa sobre o territorio a nível local. O que observamos ao analizar as unidades locais onde máis emprego de reparación se concentra é que os patróns de localización difiren entre actividades, mais onde pesa en todos os casos criterios de proximidade a demanda potencial. Reparación de maquinaria busca proximidade a centros industriais e solo industrial. Reparación de computadoras mostra un patrón de concentración en entornos urbanos, o que denota o factor tractor de proximidade á demanda potencial, tanto consumidores como empresas (que representan unha parte importante da súa demanda). Reparación de vehículos de motor mostra o maior grao de dispersión, o que se explica polo factor tractor da demanda final e o facto de vehículos de motor ser un produto cun elevado grao de penetración.

Os resultados da nosa análise mostran que o emprego de reparación está relativamente disperso a nível rexional e que mostra perfiles homoxéneos nas rexións europeas. A consolidación de economías orientadas cara a reparación, polo tanto, mostra potencial ambiental, mais tamén potencial para crear emprego descentralizado e distribuído a nível

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rexional. Isto sumado á reparación como unha actividade potencialmente creadora de emprego en proximidade, tanto directo como indirecto, a promoción da reparación mostra un potencial significativamente maior para crear emprego de xeito descentralizado. Do punto de vista local as actividades de reparación mostran patróns de concentración maiores marcados por proximidade á demanda potencial e no caso de reparación de computadoras, efectos persoais e artigos de uso doméstico, marcados por procesos de urbanización, o que non é inesperado dado o peso cada vez maior dos entornos urbanos nas economías modernas, o que non quita de que estas actividades continúen a ser feitas fundamentalmente en proximidade e en contextos rexionais. A dispersión territorial, sumado ás características da reparación como intensiva en coñecementos técnicos e tecnolóxicos acarrexa tamén potencial democratizador, ao conferir ás distintas economías rexionais potencial control sobre o cada vez maior stock tecnolóxico.

Os nosos resultados mostran de xeito inequívoco que a reparación é unha actividade de tipo circular relativamente distribuída no territorio, en contraste coas alternativas directas na economía linear, que tenden a estar concentradas nun número reducido de localizacións a nível español, europeo ou a nível global. O potencial creador de emprego en proximidade, tanto directo como indirecto (a través da demanda intermedia en proximidade), sumado co elevado grao de dispersión e a homoxénea composición do mercado de reparación a nível rexional (e o potencial efecto democratizador sobre o coñecemento técnico e tecnolóxico) indica que a promoción da reparación pode contribuír para o desenvolvemento rexional harmónico, cohesionado e resiliente, o que é desexábel do punto de vista ambiental, mais tamén do punto de vista económico e social.

9.5. ACTIVIDADE DE REPARACIÓN: ESTRATEXIAS PARA SUPERAR BARREIRAS Á REPARACIÓN

A reparación é unha actividade cunhas características únicas. É unha actividade de servizo, moi intensiva en traballo (normalmente calificado) que se realiza como un proceso de produción de carácter máis ou menos artesanal mais cuxo resultado, dun punto de vista finalista, equivale ao das actividades industriais en tanto que renden obxectos finais, útiles e capaces de satisfacer as nosas necesidades (Llorente González & Vence, 2020; Vence & López Pérez, 2022a). Trátase, así mesmo, dunha actividade que existiu e existe en todas as sociedades, nuns casos asociada á necesidade e escasez e noutros convivindo co hiperconsumismo; nos países centrais máis desenvolvidos chegou a se tornar un fenómeno activista que recibíu atención académica (Lepawsky et al., 2017 & 2020; Houston & Jackson, 2016). A reparación conserva,

aínda así, vitalidade como actividade económica e constitúe un componente intrínseco das paisaxes urbanas e humanas (Graham & Thrift, 2007; Denis & Pontille, 2017).

A nosa hipótese de partida, a cuarta que propuxemos, apunta que os reparadores poden contribuír á extensión de vida dos produtos e son proactivos a superar as barreiras que enfrentan, mesmo pola vía de arranxos colaborativos. Como parte da nosa investigación exploramos as realidades da reparación do punto do vista daqueles que mellor a coñecen e que nos axudan a comprender os principais obstáculos que enfrentan, así como a súa natureza estrutural. A análise sobre as unidades de reparación é feita pola vía da compilación de información a través de entrevistas e cuestionarios. Ambas proporcionan información valiosa a distintos níveis e conxuntamente permítenos revisar conxuntamente a nosa hipótese sobre as barreiras da reparación e a actitude que os reparadores adoptan frente a elas.

As entrevistas adoptaron a forma de entrevistas semiestruturadas que nos oferecen a flexibilidade necesaria para explorar temas emerxentes na conversa. A análise do material foi feito pola vía da análise temática, onde identificamos os temas a partir da revisión previa de literatura e daqueles que emerxeron durante a conversa. As entrevistas foron feitas nun servizo concreto de reparación de equipo tecnolóxico e de investigación nun contexto universitario. Este tipo de servizo é único, especialmente no contexto galego, mais oferécenos información valiosa do punto de vista académico sobre o método de traballo e a ideoloxía dos propios reparadores e onde o foco está na dimensión económica. As leccións extraídas das entrevistas, malia que tiradas dun contexto de reparación específico, son parcialmente extrapolábeis a outras formas de reparación e axudan a matizar propiedades e atributos comunmente asociadas coas barreiras á reparación e a forma de ultrapasalas.

Na nosa análise temática identificamos temas separados en dous grupos fundamentais, dunha parte aqueles relacionados co modo de traballo e as características do mesmo e doutro lado as barreiras habituais que enfrentan á hora de reparar. As conclusións tiradas desta análise oferecen unha visión privilexiada dentro da socioloxía do traballo da reparación e permiten comprender non só as barreiras, senón os mecanismos de resistencia dos reparadores.

A análise do modo de traballo dos reparadores permitiunos identificar a importancia crucial das técnicas de reparación específicas á hora de identificar tanto as barreiras como as características xerais do servizo. Existen, no esencial, dúas formas de realizar a reparación: a reparación a componente e a reparación a módulo. Os módulos constitúen partes completas, pezas, que tenden a ser unidades funcionais. Os componentes, por outro lado, son os elementos

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

individuais que integran as partes, particularmente as placas. Reparar ao nível do componente ou ao nível do módulo é moi diferente, sendo diferentes tanto na formación e información necesarias, nas ferramentas a empregar e na influencia dos distintos trazos de deseño. Reparar ao nível do módulo requere de menos coñecementos e información técnica, mais é tamén máis cara do punto de vista dos materiais utilizados. Reparación ao nível do componente requere de maiores coñecementos técnicos, información específica (mapas eléctricos e despeces) e require de deseños que permitan acceder con comodidade aos interiores dos produtos, mais é, do punto de vista material, moito máis barato, necesitando habitualmente só de componentes xenéricos (como capacitadores). Reparar a nível de módulo é hoxe moito máis popular do que foi no pasado, chegando algún reparador a afirmar que hoxe xa non se repara, só se cambian partes. Os nosos resultados, porén, mostran que os reparadores comerciais aínda manteñen viva a reparación de componentes, embora eles mesmos recoñecen a dificultade de reparar deste xeito. As características do traballo de reparación, do uso do tempo e da valoración que os propios reparadores fan do seu traballo, que se manifesta, aínda hoxe, pola vía da narración de fitos (como xa apuntara Orr, 1996), contribúen á percepción de utilidade dos propios traballadores sobre o seu traballo, utilidade entendida en sentido graeberiano (Graeber, 2018).

No caso dos reparadores de equipo tecnolóxico e de investigación, malia tratarse de bens de equipo extremamente caros, os reparadores aínda enfrentan estratexias de obsolescencia equiparábeis ás doutros mercados da reparación. Os principais obstáculos que os propios reparadores identificaron puidemos clasificalos tematicamente en catro grupos: recambios, software, innovacións e información. O xeito de abordar estas entrevistas permitiunos descubrir, xunto coas barreiras, as estratexias que os propios reparadores desenvolven para superalas ou evitalas.

Os recambios son fundamentais para a reparación. Reparar a nível dos componente reduce a dependencia dos recambios, mais non sempre é posíbel reparar a ese nível. Os fabricantes descontinúan módulos ou poden optar por non abastecer a reparadores independentes. O software envolve os mecanismos de firmware e licenzas para impedir acceso aos reparadores (resetear ou recalibrar o equipo). Tamén envolve a dependencia do soporte, necesario para manter a interconectividade. A miúdo os softwares dos equipos están concebidos para operar con un determinado sistema operativo, cando o soporte hardware falla, a máquina pode tornarse inservíbel. É a informática, pola vía da dependencia de software, o elo máis feble. A innovación envolve procesos de miniaturización, que dificultan o traballo a componente; e

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

incrementos na complexidade dos deseños. A información, finalmente, é unha das barreiras fundamentais. Os fabricantes son celosos de manuais, esquemas, mapas eléctricos, despeces... todos elementos chave para reparar e a miúdo protexidas por propiedade intelectual, extremo que usan para evitar difundilas (Maitre-Ekern & Dalhammar, 2016; Grinvald & Tur-Sinai, 2019).

Os medios de que reparadores dispoñen para superar estas barreiras son variados en función do problema específico. En termos xerais os reparadores mostran propensión a usaren os seus coñecementos e a súa experiencia, a miúdo obtida pola vía da colaboración e axuda de compañeiros (fenómeno advertido por Orr, 1996), para superar as barreiras. Isto envolve tamén o modo de traballar, ao nível do componente, que reduce dependencia respecto dos fabricantes e das súas políticas de recambios. Os reparadores que entrevistamos tamén aproveitan a súa presenza institucional para favorecer a marcas axudativas e desincentivar as compras a marcas pouco transparentes.

A análise temáticas das entrevistas ofereceunos unha visión única e novidosa da reparación como unha práctica onde a axencia, o dinamismo e a innovación son ferramentas clave na superación das barreiras. A información das entrevistas foi aplicada tamén na elaboración dos cuestionarios, que na mesma liña, aspiraron a identificar dimensións novidosas ou previamente inexploradas sobre a reparación.

Para a elaboración dos cuestionarios partimos de investigacións previas, incorporando preguntas de control e preguntas comúns, mais tamén incorporando preguntas sobre o proceso específico de reparación, a dimensión colaborativa, os prezos de reparación ou o proceso de aprendizaxe. O noso cuestionario xuntou un total de 60 respostas, que dada a súa homoxeneidade territorial (galega) e sectorial (produtos informáticos), consideramos representativas (Sauro & Lewis, 2016).

No cuestionario observamos que os reparadores, malia realizaren a reparación como unha actividade comercial, posúen as mesmas actitudes e lidan coas barreiras de xeito semellante a como fan os reparadores activistas en contextos de reparación comunitaria. A maioría de reparadores consultados entretecen redes de colaboración e axuda mutua e participan de foros e iniciativas online de partilla de información (Lepawsky et al., 2017 & 2019; Charter & Keiller, 2014). 26 dos reparadores consultados recoñecen mesmo participar dunha rede de reparación de tipo local, onde os reparadores consultan dúbidas técnicas mais tamén dúbidas de carácter comercial sobre stocks ou onde establecen redes de colaboración comercial informal,

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

intercambiándose reparacións en que cada un é experto. Na resolución de dúbidas a consulta a compañeiros volve a ser unha ferramenta habitual, mesmo cando os compañeiros fan parte doutra empresa. Internet mostra, neste contexto, un papel convivial claro para proporcionar información, mais tamén para axudar a manter redes de colaboración estreitas e duradouras no tempo, non só aquelas de carácter efémero (Genovese & Pansera, 2021; Robra et al., 2023). Esta constatación contrasta coa percepción habitual sobre a reparación e a competencia (véxase Türkeli et al., 2019), o perfil de interrelacións dos reparadores non se limita a competir, senón que a colaboración é unha ferramenta habitual para a superación das barreiras e a supervivencia das firmas dedicadas á reparación, particularmente aquelas máis novas e de menor tamaño. Estas diferenzas na forma de abordar a colaboración tamén se manifestan noutros ámbitos, como o do método de reparación. As empresas máis novas e de menor tamaño mostran propensión a reparar ao componente, mesmo externalizando o servizo, embora as máis vellas e de maior tamaño nunca ou só ocasionalmente reparan ao componente.

A este respecto, os reparadores mostran participar de Broken World Thinking (Jackson, 2014) en tanto que destinan esforzo e creatividade para aprender a superar as barreiras, ás veces pola vía da insistencia e outras pola vía da colaboración (que demostra ter un carácter máis estreito e máis formal do que inicialmente podiamos sospeitar no contexto de reparación comercial). Todo isto xoga un papel determinante á hora de enfrentar as barreiras á reparación.

As barreiras que enfrentan os reparadores comerciais consultados enfatizan cuestións de prezo e de recambios, seguidas por cuestións de deseño que dificultan a reparación a nível de componente. Os reparadores enfatizan o factor prezo como o maior incentivo da reparación e tamén a motivación máis común entre a clientela. Os recambios inflúen sobre o prezo final da reparación cando a reparación a nível de componente non é posíbel e a microelectrónica dificulta a reparación e encarece a reparación a nível de componente. Aspectos legais coma os relacionados coa seguridade, por outro lado, son os que os reparadores identifican como menos graves. A disponibilidade de información tamén se encontra entre os aspectos menos graves, en particular dada a capacidade dos reparadores de extrapolar e a capacidade de se moveren para conseguir información técnica fora das canles oficiais.

Os resultados da nosa análise mostran un perfil complexo das unidades de reparación. En liña coa nosa hipótese de partida, os reparadores mostran ser dinámicos e proactivos: reparan a nível de componente e son capaces de buscar a información necesaria para reparar vía internet, á maneira que os reparadores comunitários fan (Lepawsky et al., 2017 & 2019; Charter &

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Keiller, 2014; Cole et al., 2017; Aas-Ahnfelt, 2016). Adicionalmente, a maioría dos reparadores consultados mostran tamén unha forte inmersión en redes de colaboración locais e supralocais de que fan parte, tanto para realizar consultas, pedir axuda, ou establecer relacións comerciais, tamén de tipo informal. Os nosos resultados mostran, polo tanto, que os reparadores, foren de tipo activista ou comercial, posúen as mesmas características e enfrentan as mesmas barreiras, o que en termos de regulación para a reparación se traduce en que as medidas adoptadas para a remoción das barreiras da reparación para calquera das dimensións vai simultaneamente beneficiar a outra na mesma medida.

9.6. ANÁLISE CRÍTICA DA DIRECTIVA EUROPEA DE REPARACIÓN

Un componente fundamental da nosa investigación pasa pola avaliación da regulación para a reparación aprobada aínda en 2024. A avaliación crítica das políticas para a economía circular é unha ferramenta imprescindíbel da investigación en economía circular (Hobson, 2021). O noso obxectivo é avaliar en que medida a Directiva europea de reparación (e dada a súa vinculación, as normas de deseño sustentábel) contribúen para a promoción da reparación e a superación das barreiras que enfrenta. Neste sentido, a hipótese 5 estabelece que a Directiva Europea de reparación non atalla as principais barreiras da reparación e non contribúe a promover a reparación de xeito decidido. A nosa investigación até ao de agora ten mostrado que a reparación é unha actividade viva e dinámica, con capacidade e recursos para ultrapasar ou evitar as barreiras que enfrenta (polo menos parcialmente), para o cal recorre a métodos de traballo e estratexias de colaboración semellantes aos da reparación comunitaria (Cohn, 2017; Charter & Keiller, 2014). Boa parte das barreiras á reparación veñen provocadas pola obsolescencia, cuxos distintos vectores comprobamos que interaxen entre si, creando sinerxías perversas. Do lado do papel socioeconómico da reparación comprobamos que a reparación está, na súa maioría, cinguida a mercados locais (rexionais) autocontidos e que o seu potencial de creación de emprego en proximidade é elevado, o que fai a reparación unha actividade desexábel do punto de vista social e económico. Do punto de vista ambiental temos demostrado como o potencial da reparación radica na súa capacidade para manter valor intacto (en sentido termodinámico) reducindo a necesidade de nova produción (Bakker et al. 2014; (Daly, 1996 & 2007; Victor, 2008; Jackson, 2014; Denis & Pontille, 2017). Isto reduce, entre outras, a vulnerabilidade da economía europea, xa que a maior parte de recursos clave para a súa economía procede de fora das súas fronteiras (European Commission, 2018) e reduce tamén o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

influxo de ditos recursos que abandonan a economía europea pola vía da exportación de residuos (Llorente-González, 2024).

